

de Cadernos  
**Lingua**  
2011

33  
núm.

REAL ACADEMIA  
GALEGA



R(05)/3

**CADERNOS DE LINGUA**

**ANO 2011**

**33**

**R E A L  
A C A D E M I A  
G A L E G A**



**Director:** Manuel González González  
**Coordinador:** Xosé Luís Regueira  
**Secretaria:** María do Carme Pazos Balado

**Consello de redacción:**

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,  
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

**Comité científico:**

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giral (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Tübingen), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coimbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

**Colaboracións e correspondencia:**

Xosé Luís Regueira Fernández  
 Rúa Tabernas, 11  
 15001 A Coruña

**Subscripción e intercambio:** Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.  
 Avda. de Madrid, 44 - 36204 Vigo

©, Real Academia Galega  
 A Coruña, 2011

Edita: Real Academia Galega  
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

ISSN: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua  
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: SINMÁS COMUNICACIÓN VISUAL S.L.  
 Imprime: Galigraf Galicia

## ÍNDICE

### ARTIGOS

- M. LÓPEZ DOCAMPO, *A paisaxe lingüística: Unha análise dun espazo público galego* ..... 5
- G. HERMO GONZÁLEZ, *O testamento de Xoán de Padrón (a. 1405, ACS): Edición crítica* ..... 37
- N. BASANTA LLANES, *O contrato foral a Martín Serpe (ACS). Edición crítica dun documento notarial de 1400* ..... 57
- R. RODRÍGUEZ PARADA, *A onomástica das adegas, viños e licores da D.O. Monterrei e da súa comarca (Ourense)* ..... 85
- M. RICO VEREA, *A regulación dos certificados oficiais que acreditan os niveis de coñecemento da lingua galega (CELGAS) e os problemas xerados no proceso de normalización en Galicia* ..... 119

### RECENSIÓNS

- La tribu valenciana. Reflexions sobre la desestructuració de la comunitat lingüística*, M.-À. PRADILLA (E. Valls) ..... 151



## A PAISAXE LINGÜÍSTICA: UNHA ANÁLISE DUN ESPAZO PÚBLICO GALEGO<sup>1</sup>

MIGUEL LÓPEZ DOCAMPO

Universidade de Vigo

### RESUMO

Neste estudo aplícase por primeira vez a Pontevedra a liña de investigación sociolingüística iniciada por Landry e Bourhis (1997) sobre a Paisaxe Lingüística (PL). Esta consiste na análise da presenza escrita de distintas linguas en espazos públicos, de modo que reflicte a súa vitalidade e pode considerarse unha fonte de información adicional sobre o contexto sociolingüístico. Ademais, A PL tamén contribúe á explicación das razóns que levan ao uso dunha lingua en lugar doutra.

O estudo da Paisaxe Lingüística resulta especialmente interesante en Pontevedra pola situación de conflito lingüístico existente en toda Galicia entre a lingua propia (o galego) e a lingua foránea (o castelán). Os datos cuantificables sobre a utilidade pública do galego nas rúas de Pontevedra reflectirán a súa vitalidade.

### ABSTRACT

In this study the sociolinguistic analytical frame of the Linguistic Landscape (LL), as pioneered by Landry and Bourhis (1997), is applied for the first time to the city of Pontevedra. Since this line of investigation defines LL as the written presence of different languages in public spaces, it is also a reflection of their vitality

---

<sup>1</sup> Este artigo é unha síntese do meu Traballo Fin de Máster titulado *A Paisaxe Lingüística de Pontevedra: unha Análise do Espazo Público* que foi presentado na Universidade de Vigo en xuño de 2011. Quero engadir un agradecemento moi especial para Benigno Fernández Salgado, por aceptar ser o director deste insólito traballo, ademais de guiarme e aconsellarme ao longo de toda a súa realización. Así como a Xosé Luís Regueira Fernández por suxerirme a idea de traballar neste ámbito e facilitarme toda a bibliografía inicial.

and can be considered a source of additional information on the sociolinguistic situation. Furthermore, the LL contributes to the explanation of the reasons that lead to the use of one language instead of another.

The study of the LL is especially relevant in Pontevedra due to the situation of linguistic conflict in Galicia between a native language (Galician) and a foreign language (Spanish). The quantifiable data about the public use of Galician in the streets of Pontevedra will reflect its vitality.

#### **PALABRAS CHAVE**

*sociolingüística, Paisaxe Lingüística, Pontevedra.*

#### **KEYWORDS**

*sociolinguistics, Linguistic Landscape, Pontevedra.*

### *1. Introducción*

Na actualidade, existen no mundo máis de 5000 linguas. Segundo o *Ethnologue* (Gordon 2005), o 40% da poboación emprega unha das 8 linguas máis comúns como a súa lingua propia. Estas serían o chinés mandarín, o castelán, o inglés, o árabe, o bengalí, o hindi, o portugués e o ruso. En contraste con estas 8, a maioría das linguas son faladas por menos dun 2% da poboación global e moitas delas só teñen uns cantos ou uns centos de falantes. Polo tanto, se no mundo hai uns 220 estados e máis de cinco mil linguas, de facermos un reparto equitativo a correspondencia sería de máis de vinte linguas por país. Deses 220 estados, non chegan a unha decena os que se consideran monolingües, de modo que o multilingüismo é, con moito, o máis habitual. Tamén en países como nos Estados Unidos, Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Italia, toda Iberoamérica e moitos outros que de xeito habitual son erroneamente percibidos como monolingües. De feito no Estado español unha de cada seis persoas fala habitualmente outra lingua distinta do castelán. E nun dos países máis prósperos e estables do mundo, Suíza, conviven desde sempre catro comunidades lingüísticas diferentes, todas elas oficiais nos seus respectivos territorios. Por conseguinte, po-



demos indicar que o multiculturalismo e a diversidade lingüística son fenómenos comúns. O mundo do século XXI é plurilingüe e a idea de "un estado, unha lingua" quedou completamente obsoleta, sendo substituída pola de convivencia e interacción de distintas linguas nun mesmo espazo. Cada vez é máis frecuente a existencia de contacto entre linguas e culturas.

No contexto europeo, o plurilingüismo é considerado como un recurso importante segundo a Comisión Europea; as diferentes linguas europeas son unha fonte de riqueza e unha ponte cara á solidariedade e a comprensión mutua (Comisión Europea, 2005).

Non obstante, a pesar desta gran diversidade lingüística existente, moitas destas linguas están en perigo ao contar cun número moi limitado de falantes. Krauss (1992) considerou que o 50% delas poderán morrer e desaparecer nos próximos 100 anos e que, a longo prazo, desapareceran o 90% das linguas mundiais.

Posto que o multilingüismo é un fenómeno común, pode ser estudado desde diversas perspectivas, incluíndo o uso das linguas en contextos sociolingüísticos. Unha das posibilidades para analizar a lingua consiste en centrarse na información escrita que está dispoñible nos sinais dunha área específica. Esta perspectiva coñécese como o estudo da *Paisaxe Lingüística*, que foi definida por Landry e Bourhis (1997:25):

The language of public road signs, advertising billboards, street names, place names, commercial shop signs, and public signs on government buildings combines to form the Linguistic Landscape of a given territory, region, or urban agglomeration

Isto é, todo testemuño escrito visible desde o espazo público conforma a Paisaxe Lingüística da cidade ou, noutras palabras, toda mensaxe cuxa canle sexa o espazo público das cidades.

En efecto, a paisaxe lingüística reflicte a vitalidade das linguas e pode considerarse como unha fonte de información adicional sobre o contexto sociolingüístico que pode completar a

información obtida en censos, enquisas ou entrevistas. Asemade, tamén proporciona información sobre a identidade de grupos lingüísticos que empregan distintas linguas e contribúen á diversidade lingüística.

Estamos rodeados de paisaxe lingüística todo o tempo aínda que, ás veces, non somos plenamente conscientes diso. De cando en vez, un rótulo, un letreiro ou calquera outra información escrita chama a nosa atención ben polo seu contido ou pola lingua na que está escrita ou ben porque contén algún erro.

Os nenos comezan a darse conta dos sinais nos espazos públicos a unha idade moi temperá. Os inmigrantes e turistas o primeiro que se atopan cando chegan a un lugar novo son os sinais, é o seu primeiro encontro coa nova cultura e tratan de darlles sentido e entender as mensaxes que transmiten. Para moitos, o espazo público é a súa primeira toma de contacto cun novo lugar e cunha nova cultura. Os políticos acostuman ver este espazo como a área idónea para exercer influencia e transmitir mensaxes mentres que para as empresas e comercios é o lugar apropiado para promover os seus produtos e facer publicidade.

Gorter (2006) observou que a presenza das linguas do noso redor non está estudada e nós non prestamos moita atención á Paisaxe Lingüística, que constitúe un medio de comunicación amplo e persuasivo ao que estamos continuamente expostos. Os autores das mensaxes son conscientes disto cando escollen unha ou varias linguas nos contextos de comunicación social. A lingua dos espazos públicos non é arbitraria nin seleccionada ao chou.

Por esta razón, a Paisaxe Lingüística (de aquí en diante tamén denominada PL) debe entenderse como un factor que contribúe a entender a presenza das linguas e as características dos usos lingüísticos nun territorio, así como tamén contribúe á explicación das razóns que levan ao uso dunha lingua en lugar doutra.

Por conseguinte, o obxectivo principal da miña investigación consistirá na análise da Paisaxe Lingüística de Pontevedra, isto é, na obtención de datos cuantificables sobre a presenza pú-

blica das linguas empregadas nas súas rúas para observar a súa vitalidade.

## 2. Antecedentes

O termo Paisaxe Lingüística foi empregado por primeira vez por Landry e Bourhis en 1997. A partir dese momento, as investigacións no ámbito da PL despertaron un grande interese na sociolingüística. Mais, os estudos sobre a sinalización pública contan cunha longa historia. Entre os primeiros estudos realizados en áreas monolingües, podemos destacar o de Masai (1972) que analizou Tokyo observando a presenza do inglés na década de 1970. Tulp (1978) estudou as linguas oficiais de Bruxelas concluíndo que o francés era a dominante. Tamén, na década dos 70, Rosenbaum xunto con Nadel, Cooper e Fishman (1977) contabilizaron e analizaron o número de sinais en inglés e en hebreo presentes na rúa Keren Kayemet de Xerusalén. Neste estudo observaron importantes diferenzas entre a rotulacións institucional e os rótulos privados no emprego da grafía hebrea e romana. A política oficial de utilizar o hebreo nos rótulos institucionais contrastaba co abundante emprego do inglés na rotulación privada.

A partir de 1997, a Paisaxe Lingüística convértese nun termo de uso común entre os investigadores. Aínda que cómpre salientar que existen varias diverxencias no tocante ás circunstancias culturais, socioeconómicas e políticas das cidades e países analizados. Por unha banda, grandes cidades con millóns de habitantes como Bangkok (Huebner 2006) ou Tokyo (Backhaus 2005, 2007); por outra banda, Cenoz e Gorter (2006) analizaron pequenas cidades como Ljouwert-Leeuwarden (menos de 100.000 habitantes) ou Donostia-San Sebastián (arredor de 200.000 habitantes).

Son moitos os traballos realizados sobre esta disciplina nas diferentes partes do mundo. En Asia destacan as investigacións de Ben-Rafael (2006) que analiza os sinais en varias comunidades de Israel amosando os efectos da hexemonía hebrea e

da globalización do inglés, ou os estudos de Backhaus (2005, 2007) centrados nos rótulos e textos bilingües e plurilingües de Tokyo. En América pódese destacar a José Manuel Franco Rodríguez (2008) que estuda a presenza do castelán xunto ao inglés, ademais dos numerosos casos de interferencia lingüística; mentres que en Europa hai que salientar as investigacións de Cenoz e Gorter (2006) que realizaron un estudo nos Países Baixos, concretamente na provincia bilingüe de Frisia, onde o frisón é xunto co holandés a lingua oficial.

No tocante a España, Mónica Castillo e Daniel M. Sáez (2011) aplicaron por primeira vez os estudos sobre PL á cidade de Madrid. Examinaron desde as zonas do centro da cidade e as grandes rúas comerciais ata barrios cunha importante concentración de inmigrantes e zonas multiculturais, incluídos os medios de transporte (aeroporto de Barajas, metro, taxis, estradas...), co obxectivo de analizar a presenza escrita das distintas linguas nos espazos públicos, interpretables como índices da vitalidade etnolingüística dos grupos de poboación falantes das diversas linguas nun territorio.

No País Vasco, Cenoz e Gorter (2006) estudaron a convivencia do éuscaro e do castelán, pero tamén co inglés, na PL de San Sebastián e comparárona co caso do frisón-holandés-inglés en Leeuwarden-Ljouwert (Holanda). Mentres que en Cataluña destacan varios estudos sobre a presenza do catalán no mobiliario urbano en Barcelona e noutras cidades (Solé, 1998; Leprêtre e Romaní, 2000).

En Galicia, temos unha ausencia case absoluta de traballos sobre a PL posto que só contamos cun único estudo destas características. Deirdre Adrienne Dunlevy realizou un traballo de máster en Dublín titulado "A sign of the times: language contact in the Galician Linguistic Landscape". Nel céntrase no estudo da PL dunha área rural (Cee) e dunha área urbana (A Coruña) co obxectivo de analizar o emprego da lingua minoritaria (o galego), a lingua do Estado (o castelán) e doutras linguas estranxeiras nos sinais. Posteriormente, no ano 2010, presentou unha comunicación baseada neste traballo no *Third International Linguistic Landscape Workshop* celebrado en Estrasburgo.

Por conseguinte, a miña investigación pretenden encher un baleiro sobre un ámbito practicamente descoñecido e que non está explotado na nosa comunidade.

### 3. Metodoloxía

Así como na definición de Paisaxe Lingüística atopamos certa unanimidade posto que a proposta de Landry e Bourhis (1997) é aceptada, sen apenas diferenzas na súa concepción, e seguida por un gran número de investigadores (Backhaus, Curtin, Dal Negro, Huebner...), na metodoloxía empregada neses traballos existen múltiples diverxencias posto que cada autor adáptaa aos obxectivos das súas investigacións.

Gorter (2006) observa que a metodoloxía no ámbito da paisaxe lingüística aínda ten que desenvolverse máis en profundidade xa que, ata este momento, aínda seguen estando sen definir as pautas sobre uns correctos procedementos de actuación. Esta falta de claridade complica aínda máis este novo campo da investigación.

Por conseguinte, en espera dunhas directrices definitivas sobre os procedementos metodolóxicos, decidiuse crear un protocolo propio, tendo en conta o propósito do estudo e baseándose nas anteriores investigacións sobre a PL.

En primeiro lugar, precísase unha definición adecuada para *senal* dentro da PL, para o que considero especialmente relevantes e iluminadoras as reflexións de Backhaus (2007), para quen resulta crucial que o sinal sexa mostrado de forma pública e que o texto que o conforma posúa un marco definido e un soporte.

Polo tanto, desde o punto de vista metodolóxico, considerárase *senal* a "calquera texto escrito no espazo público que posúa un marco espacial definible". Dentro dos sinais, inclúense todo tipo de publicidade, sinais administrativos (sinais oficiais colocados polo Goberno ou por institucións relacionadas) e comerciais (emitidos por individuais, asociacións ou empresas). Quedarán excluídos na nosa análise os sinais non estáticos, isto

é, os textos da roupa dos transeúntes e a publicidade dos automóbiles; así como os sinais que só sexan lexibles a menos de 1,5 metros de distancia: moitos dos horarios, prezos e servizos dos comercios quedarán fóra da análise polo seu pequeno tamaño que dificulta a súa visibilidade a través de fotografías.

Para observar a presenza do galego e castelán no espazo público, así como a visibilidade das outras linguas, creouse un corpus fotográfico dos sinais das rúas e prazas do centro e da periferia de Pontevedra. Por unha banda, seleccionáronse cinco rúas céntricas e unha praza tamén céntrica e comercial (Michelela, Benito Corbal, Xeneral Gutiérrez Mellado, Padre Amoedo Carballo, Cobián Roffignac e a Praza de Curros Enríquez ); por outra banda, analizouse tamén unha rúa da periferia (Avenida Fernández Ladreda). Optouse por seleccionar unha rúa da periferia para comprobar se o seu comportamento coincide ou difire das do centro, que son máis importantes tanto pola súa significación social, política, simbólica...ao ser visitadas a diario por un maior número de persoas.

As fotografías realizáronse no mes de xaneiro de 2011 cunha cámara dixital (Fujifilm Finepix F485, 8.2 megapíxeles e wide zoom 4x) e, posteriormente, gardáronse nun ordenador e organizáronse nunha base de datos. Trátase dun corte basicamente sincrónico, a pesar do dinamismo da PL. Nesta base de datos anotábase a data na que fora fotografado o sinal, a rúa do mesmo, o seu carácter (comercial ou administrativo), o tipo de sinal (rótulo, publicidade, nome de rúa, placa conmemorativa...), así como as linguas que contiña.

A diferenza de Cenoz e Gorter (2006), que consideraban todos os sinais dun mesmo establecemento como unha única unidade de análise, nestes estudo considérase cada sinal de xeito individual como unha única unidade aínda que pertencen a un mesmo establecemento ou comercio. De feito, un anuncio ou aviso de "Alégase..." colocado no escaparate será analizado como unha unidade distinta á do comercio onde se sitúa. Do mesmo modo, o anuncio dun restaurante situado na esquina dunha rúa amosando publicidade ou información sobre o mes-

mo tamén será analizado como unha unidade independente do establecemento ao que pertenza.

Como o proceso de fotografado dos sinais realizouse no mes de xaneiro, tivéronse en conta os textos temporais que empregan os comercios e establecementos nas súas fachadas ou escaparates. Basicamente atopámonos con dous tipos de textos "estacionais": as felicitacións de Nadal e a información relativa ao período de rebaixas.

De acordo con todo o exposto con anterioridade, a seguir pódese observar o esquema da clasificación dos sinais empregado para o presente estudo. A carón de cada elemento aparece a súa definición.

1. **Sinal administrativo:** sinal oficial emitido polas autoridades públicas: Goberno, organismos públicos ou institucións relacionadas.
  - a. **Rótulo:** etiqueta informativa dun comercio, establecemento, dun colector de lixo, dunha institución ou asociación.
  - b. **Escultura:** representación dun texto en relevo ou en tres dimensións.
  - c. **Placa conmemorativa:** lámina ou prancha situado normalmente nas fachadas coa finalidade de deixar constancia dun feito para o futuro, para recordar unha efeméride ou para destacar a presenza dalgún invitado relevante.
  - d. **Placa de nomes de rúa:** lámina ou prancha situada nun lugar público que serve para dar nome á rúa na que está situada.
  - e. **Publicidade:** información textual de carácter máis ou menos persuasivo situado en lugares públicos e dirixido a un público indeterminado co obxectivo de informalo sobre un servizo ou produto para o seu posterior consumo. A publicidade pode anunciarse a través de varios soportes.
    - i. **Bandeirola:** bandeira pequena na que se serigrafía avisos ou mensaxes publicitarias. As bandeirolas acostuman exhibirse en lugares públicos e

colócanse atadas a farois ou mastros. Constitúe o formato preferido para destacar eventos locais.

- ii. **Cartel:** adhesivo, póster, lámina de papel, cartón u outro material que se fixa en lugares públicos co fin de anunciar unha cousa. Nos establecementos poden colocarse tanto no interior coma no escaparate co obxectivo de avisar de prezos de produtos, ofertas ou, simplemente, indicar o nome dalgún departamento ou sección. Tamén acostuman empregarse para divulgar e apoiar campañas no establecemento como *Rebaixas*, *Semana Fantástica*, *Día do pai*...
- iii. **Mupi:** acrónimo de Mobiliario Urbano como Punto de Información. O Mupi é un sistema de comunicación audiovisual consistente nun módulo ou construción onde se engade unha mensaxe publicitaria aproveitando a súa posición xeográfica e visibilidade. O Mupi pode aparecer adherido a elementos do mobiliario urbano como marquesiñas ou quioscos.
- iv. **Sinalética viaria:** marca ou indicación situada en postes ou pintada nas rúas para informar os usuarios, en especial os condutores dun vehículo, dun perigo, dunha dirección, dunha posición, dunha prohibición ou dunha obrigación.
- v. **Valo publicitario:** soporte plano de grandes dimensións no que se fixan anuncios ou mensaxes publicitarias. Os valos publicitarios non se sitúan nas fachadas dos edificios, senón en lugares deshabitados como prazas, avenidas, xardíns, centros educativos ou instalacións deportivas, con boa visibilidade para os condutores ou viandantes.





Imaxe 1. Exemplo dun rótulo administrativo nun colector de lixo (esquerda) e unha placa co nome dunha rúa (dereita)



Imaxe 2. Tres exemplos de sinais administrativos: rótulo dunha institución (esquerda), sinalética viaria (centro) e mupi (dereita)

**2. Sinal comercial:** sinal emitido por individuos, asociacións ou empresas que actúan de xeito máis ou menos autónomo dentro dos límites legais.

**a. Rótulo:** xa definido no apartado *a)* dos sinais administrativos. Nos rótulos comerciais distinguimos os seguintes ámbitos de aparición:

- i. Academia:** rótulo que indica a presenza dun establecemento relacionado coa aprendizaxe (academias, autoescolas...).
- ii. Alimentación:** rótulo que marca a presenza dun establecemento alimentario (froiterías, chacinerías, panaderías, pastelerías, supermercados...).

- iii. **Automóbil:** rótulo que sinala un establecemento relacionado co mundo automobilístico (talleres, garaxes, concesionarios...).
- iv. **Beleza:** rótulo que sinala diferentes tipos de establecementos relacionados coa beleza e a fisioterapia: salóns de peiteado, perfumerías, centros de dietética e nutrición, droguerías, centros de bronceado ou centros de fisioterapia.
- v. **Cafetería e restauración:** rótulo dun bar, café, pub ou establecemento de restauración.
- vi. **Comercio:** rótulo que comprende todos os establecementos que non foron clasificados nalgúns dos outros dezaseis grupos, isto é, xoierías, zapaterías, electrodomésticos, ferraxerías, ópticas, farmacias, reprografía, comercios téxtiles...
- vii. **Construción:** rótulo de empresas construtoras, arquitectos ou construtores.
- viii. **Entidade financeira:** rótulo que indica a presenza dun banco, caixa ou de calquera outra entidade financeira.
- ix. **Institución ou asociación:** rótulo non oficial que indica a presenza dunha institución ou asociación.
- x. **Inmobiliaria:** rótulo que determina a presenza dunha axencia inmobiliaria.
- xi. **Nome de edificio:** rótulo que nomea un edificio.
- xii. **Ocio:** rótulo que engloba os establecementos dedicados ao tempo de lecer (discotecas, ximnasia, bingos e salas de xogos).
- xiii. **Saúde:** rótulo dun médico ou doutor independentemente da súa especialidade: alergólogo, podólogo, cardiólogo, oftalmólogo...
- xiv. **Seguros:** rótulo que anuncia unha axencia de seguros.
- xv. **Telecomunicación:** rótulo dunha empresa ou establecemento dedicada ás telecomunicacións.

- xvi. **Viaxes:** rótulo que indica unha axencia de viaxes.
  - xvii. **Xustiza e xestión:** rótulo que sinala a presenza tanto dun bufete de avogados como un procurador, unha notaría, unha asesoría e unha xestoría.
- b. Publicidade:** xa definido no apartado e) de sinais administrativos.
- i. **Aviso ou anuncio:** mensaxe publicitaria mediante a cal se pon en coñecemento público algo, principalmente vendas e alugueres inmobiliarios. Os soportes dos avisos e anuncios son moi variados, desde simples follas de papel ou adhesivos ata pancartas e láminas de metal.
  - ii. **Cartel:** a definición pódese atopar unhas liñas máis arriba.
  - iii. **Monoposte:** valo publicitario soportado por un só pé destinado a usos publicitarios.
  - iv. **Mupi:** definido con anterioridade.
  - v. **Valo publicitario:** xa definido con anterioridade.



Imaxe 3. Exemplos de rótulos comerciais: dun comercio (esquerda) e dunha academia (dereita)



Imaxe 4. Publicidade comercial: dous anuncios (esquerda e no centro) e un cartel (dereita)

Á hora de asignarlle unha lingua a cada sinal, hai que ter en conta que os nomes propios non se consideran un problema xa que se tratan do mesmo xeito que calquera outra palabra presente nos sinais. Este modo de clasificación xa foi empregado por varios autores nas súas investigacións sobre PL (Ben-Rafael et al., 2006; Cenoz e Gorter, 2006; El-Yasin e Mahadin, 1996; Huebner, 2006; Schlick, 2002). Polo tanto, a cada nome propio asignaráselle unha lingua atendendo a tres tipos de criterios que se aplicarán na seguinte orde:

1º Criterio lingüístico: Observar a estrutura fonético-fonolóxica, morfolóxica, sintáctica e ortográfica do texto para poder establecer a correspondencia co esquema lingüístico dalgunha lingua.

Se este primeiro criterio non resolve a dúbidas, botarase man do segundo:

2º Criterio étnico ou antropolóxico: Investigar a procedencia do nome do establecemento para asignarlle a lingua correspondente ao seu país de orixe.

3º Ambigüidade

Se despois de empregar os dous primeiros criterios, a lingua do rótulo segue sen poder identificarse, este pasará a clasificarse como ambiguo posto que poderá pertencer a varias linguas ou simplemente ser un nome inventado.

Por exemplo, por unha banda, atendendo a este "protocolo de actuación" clasificarase *Lacoste* como sinal francés. Se

aplicamos o primeiro criterio, poderíamos estar ante un sinal castelán, francés ou incluso ata italiano. Mais, mediante a aplicación do segundo criterio, observamos que *Lacoste* é unha compañía de orixe francesa que fabrica, entre outros moitos produtos, roupa, reloxos, perfumes, cintos ou maletas.

Por outra banda, *ADOLFO DOMÍNGUEZ* será clasificado como sinal galego. A aplicación do primeiro criterio non resolve as dúbidas xa que podemos estar ante castelán ou galego. Non obstante, ao aplicarmos o segundo criterio podemos establecer que é un sinal galego xa que a empresa téxtil foi creada na década dos 70 en Ourense.

Certos sinais comerciais, como por exemplo *Sayka*, *Rigar*, *Carqui* ou *Epox*, clasificaranse como ambiguos posto que os dous criterios anteriores non solucionan as dúbidas.

Do mesmo modo, debidos ás similitudes lingüísticas entre o galego e castelán, haberá certos sinais nos que será imposible determinar a lingua á que pertencen xa que poderían adscribirse a ambas (por exemplo, *Prohibido Fumar* ou *Prohibido Aparcar*); polo tanto, tamén serán clasificados como *sinais ambiguos*.

#### 4. Análise dos datos

O corpus fotográfico que se realizou para o presente estudo consta de 724 sinais. De acordo co establecido na *Metodoloxía*, os sinais clasificaranse en dous grandes apartados: *sinais administrativos* (os oficiais colocados polo Goberno ou por institucións de carácter público) e *sinais comerciais* (os emitidos por individuais, asociacións ou empresas). A principal diferenza entre ambas as categorías de elementos dentro da PL, reside no feito de que se espera que os *sinais administrativos* reflectan un compromiso xeral coa cultura e lingua galega, en parte como consecuencia da situación sociolingüística de Galicia e do plan de normalización do Concello de Pontevedra. Mentres que os *sinais comerciais* están deseñados de xeito máis libre de acordo coas estratexias individuais ou empresariais.

Dos 724 sinais analizados, 635 corresponden a sinais comerciais (88%) fronte a 89 sinais administrativos (12%).




Figura 1. Distribución dos sinais segundo o tipo

Como se pode observar no gráfico, case 9 décimas partes dos sinais examinados (o 88%) foron deseñados e pagados por entidades comerciais e pequenas empresas.

Por conseguinte, parece razoable inferir que a PL de Pontevedra estea moito máis determinada polos cidadáns e os seus proxectos de vida así como polas empresas e as súas estratexias comerciais que polas autoridades e institucións que os representan.

#### 4.1. Linguas e combinacións lingüísticas

O ser humano ten a capacidade de modificar, manipular, regular e, en definitiva, alterar a Paisaxe Lingüística posto que é unha creación do propio home urbano. A lingua empregada nos sinais administrativos acostuma estar marcada polas políticas lingüísticas da cidade ou concello; en cambio, a lingua ou linguas empregadas nos sinais comerciais depende da vontade dos propietarios dos establecementos.

Por norma xeral, a lingua maioritaria dunha comunidade lingüística tenderá a empregarse máis a miúdo nos sinais comerciais, mentres que o emprego da lingua minoritaria non será tan habitual e común.

O corpus realizado para o presente estudo recolle 14 linguas en contextos diversos e diferentes combinacións. Hai que ter en conta que 82 sinais do total de 724, adscribíronse tanto ao galego como ao castelán e, por conseguinte, clasificáronse como

ambiguos dada a imposibilidade de determinar a lingua na que estaban escritos debido a certas similitudes lingüísticas entre ambas.




Figura 2. Distribución global das linguas nos sinais

A lingua máis frecuente no noso corpus é, con diferenza, o castelán. Seguida, en segundo lugar, aínda que cunha distancia bastante importante polo galego. De feito, os sinais que posúen a lingua galega corresponden a un pouco máis dun terzo dos sinais escritos en castelán. En terceiro lugar, o inglés está presente en 69 sinais; 94 sinais menos que o galego e 381 menos que o castelán. Despois, xa nun número escaso, atopamos outras linguas como o francés, italiano, portugués, catalán ou vasco; a súa presenza é moi escasa na PL de Pontevedra.

#### 4.1.1. Sinais administrativos




Figura 3. Distribución global das linguas nos sinais administrativos

Nos 96% dos sinais administrativos emprégase o galego fronte a un escaso 4% que fai uso do castelán. Este uso case exclusivo do galego débese á política lingüística oficial da cidade que consiste en promover a nosa lingua propia e desbotar a inclusión da outra lingua oficial da nosa comunidade, o castelán.

Para iso, o Concello de Pontevedra aprobou no 2005 a *Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello* que segue en vigor na actualidade. Este decreto regula todos os usos orais e escritos que teñen que ver coa Administración municipal: rotulacións, avisos, anuncios, relación cos administrados, con outras administracións ou entidades de dentro e de fóra de Galicia.

Téñase en conta que isto só significa o 12% do total da sinalética viaria visible e que se trataría, en definitiva, dunha política de discriminación positiva. Ademais, a “proximidade lingüística” entre os dous sistemas lingüísticos, obviaría a presenza da outra lingua nos casos deste monolingüismo efectivo.



Imaxe 5. Sinais administrativos en galego: un cartel (esquerda), unha institución (centro) e unha sinalética viaria (dereita)

#### 4.1.2. Sinais comerciais

Os propietarios dos establecementos atribúenlle, como é obvio, aos seus negocios os nomes que desexan mais; na maioría dos casos, estes nomes reflicten a identidade lingüística ou mesmo ideolóxica. Principalmente, dentro dos sinais comerciais,



tanto os rótulos como os sinais publicitarios empréganse para potenciar un produto. A principal función dos sinais nas tendas, e polo tanto de calquera material lingüístico presente nas mesmas, é persuadir os consumidores para que merquen os seus produtos ou servizos.

Dos 635 sinais comerciais analizados, 478 clasificáronse como monolingües, 69 como plurilingües e 88 ambiguos.

#### 4.1.2.1. Sinais comerciais monolingües

Linguas	Número de sinais Comerciais	%
Castelán	381	80
Galego	54	11,2
Inglés	30	6,2
Francés	5	1
Italiano	3	0,6
Catalán	2	0,4
Portugués	2	0,4
Alemán	1	0,2
TOTAL	478	100

Figura 4. Táboa das distribucións das linguas empregadas nos sinais comerciais monolingües

Como se pode observar na táboa, máis de tres cuartas partes dos sinais comerciais (80%) están rotulados en castelán fronte a un escaso 11,2% en galego. Nas rúas de Pontevedra analizadas tamén se atoparon 2 sinais que empregan unha das linguas oficiais do Estado, o catalán. Mentres que os restantes empregan linguas estranxeiras na súa rotulación.



Imaxe 6. Dous sinais comerciais monolingües en galego: un establecemento de beleza (esquerda) e un establecemento alimentario, A' Devesa. O forno de leña (dereita)

Os procesos de globalización que sofren as cidades occidentais tamén se ve reflectido na PL; de feito, o inglés acostuma sempre saír beneficiado ao tratarse da lingua xeralmente empregada nas relacións e comunicacións internacionais da banca e do comercio. Tamén ten presenza o francés, lingua estereotipicamente asociada á moda, o luxo ou o exquisito; e o italiano, sobre todo nos dominios da moda e da gastronomía. O emprego destas e outras linguas nas cidades produce a sensación de cosmopolitismo posto que a lingua estranxeira se asocia ao refinamento, ao prestixio.

Por unha banda, pode interpretarse que o uso de inglés ten unha función informativa para os turistas estranxeiros, mais é obvio que o aumento progresivo da súa presenza se debe á forte función simbólica que ten entre a poboación. Piller (2001, 2003) establece que o emprego do inglés nos rótulos comerciais acostuma ter un valor connotativo. Moitos propietarios empregan nos nomes dos seus comercios e nos escaparates esta lingua como equivalente de modernidade e os cidadáns xa activan valores como a sofisticación, o éxito, a modernidade e a internacionalización cando len a mensaxe. O emprego do inglés pode percibirse como máis moderno ou prestixioso que o emprego doutras linguas mais pode ter importantes consecuencias para o futuro desas linguas.

Segundo unha enquisa realizada por El-Yasin e Salih (1994) atendendo ás actitudes dos consumidores respecto aos nomes estranxeiros das tendas, a gran maioría asocia estes nomes cunha alta calidade nos seus produtos. Por conseguinte, a lingua empregada nas marcas ou comercios axuda a persuadir o consumidor e atrae os clientes con máis facilidade.

En certo modo, a PL reflicte os tópicos sobre as linguas e as comunidades: o italiano para a gastronomía e a moda; o francés para os perfumes; o inglés para a comida rápida... Precisamente quen idea estas paisaxes multilingües busca a fácil identificación do cliente en potencia co dito establecemento: se queres mercar un perfume entrarás nunha perfumería rotulada en francés ou se queres comer pasta ou pizza irás a un restaurante rotulado en italiano.

Piller (2003) tamén establece que, hoxe en día, a publicidade é cada vez máis multilingüe como resultado desta globalización, co predominio do inglés. A miúdo, o nome do produto acostuma aparecer nunha lingua estranxeira. Mais, atendendo ao noso obxecto de estudo como son as 7 rúas de Pontevedra que forman o noso corpus, é necesario rexeitar a afirmación de Piller para o noso caso en concreto xa que nos sinais publicitarios monolingües a presenza de linguas estranxeiras e verdadeiramente escasa: tan só 2 carteis empregan o inglés e un mupi o francés. Os demais sinais publicitarios fan uso do castelán e galego (155 en castelán e 25 en galego).




Figura 5. Distribución das linguas nos sinais publicitarios monolingües

Os datos do gráfico amosan que os propietarios dos establecementos prefiren amplamente o emprego da castelán para publicitar os seus produtos (o 85% dos sinais publicitarios empregan esta lingua). A presenza do galego na publicidade é ben escasa, cun 14% mentres o emprego de linguas estranxeiras é mínimo posto que tan só 2 sinais publicitarios están rotulados en inglés fronte a 1 en francés (o 0,4 e 0,6%, respectivamente).



Imaxe 7. Dous exemplos de sinais comerciais publicitarios monolingües: á esquerda, un aviso en castelán; á dereita, un cartel en galego

A lingua empregada nos avisos e anuncios non só depende dos donos de establecementos senón tamén dos propios cidadáns que deciden situar nas fachadas, portas de edificios ou ventás algún sinal onde anuncian algunha prohibición ou que algunha propiedade se vende ou aluga. Chama a atención que absolutamente todos os avisos e anuncios están escritos en castelán. Ningún aparece en galego.

Nos carteis xa non existe un monopolio absoluto do castelán. O galego adquire certa presenza, aínda que segue moi afastado do castelán (123 en castelán sinais fronte a 24 en galego); e dous establecementos tamén optan por publicitarse en inglés.

#### 4.1.2.2. Dirección da tradución

Nos sinais plurilingües, un mesmo espazo destinado a dúas ou máis linguas produce, inevitablemente, unha xerarquía

visual. Ademais, suxire a dirección da tradución xa que a lingua que se atopa nunha posición prominente aparece como a orixinal, mentres que as outras adoptan un status de simples traducións.




Figura 6. Distribución das linguas nos 69 sinais plurilingües

Tan só en 16 sinais (o 23%) o galego aparece como a lingua predominante, posuíndo un tamaño e tipo de letra diferentes ao do resto de linguas empregadas.



Imaxe 8. Dous sinais comerciais plurilingües con predominio do galego

En 21 sinais (o 31%), o castelán aparece como a lingua dominante mentres que o galego constitúe unha simple tradu-

ción do texto orixinal, quedando relegado a un status claramente inferior con respecto do castelán.



Imaxe 9. Sinais plurilingües con predominio do castelán fronte ao galego

No 46% restante (32 sinais) obsérvase o predominio das linguas estranxeiras. Un exemplo deste tipo de sinais constitúe o cartel do comercio *Stradivarius* que presenta a palabra “rebai-xas” en 27 linguas. O inglés ocupa un lugar predominante ao ser a lingua empregada na parte superior esquerda, ademais de posuír un tamaño e tipo de letra diferentes. O italiano presenta o mesmo tamaño e tipo de letra que o inglés aínda que a súa posición dentro do cartel é menos prominente. Nunha primeira vista rápida e por riba do cartel, estas dúas linguas son as que chaman a atención dos transeúntes. As demais linguas, algunhas delas en maiúsculas e outras en minúsculas, entre as que se atopa o galego, ocupan un lugar e status secundario con respecto ao inglés e italiano.

Por último, cómpre salientar que dos 53 sinais con predominio do castelán ou das linguas estranxeiras, en 43 atopámonos coa ausencia do galego. Entre eles, resultan peculiares carteis coma o que emprega o comercio *Friday's Project* nos seus escaparates. Chama moito a atención a presenza do inglés e castelán xunto con dúas das linguas cooficiais do Estado (catalán e vasco) fronte a ausencia do galego.



Imaxe 10. Sinal comercial plurilingüe (cartel) con ausencia da nosa lingua

### 5. Conclusións

Os datos expostos neste estudo non comprenden unha análise completa de Pontevedra, mais si que son representativos de toda a cidade; polo menos do centro urbano. Non se pretendeu ofrecer unha composición global de toda a cidade, senón proporcionar unha serie de datos obxectivos e cuantificables que achegasen unha visión da diversidade e heteroxeneidade lingüística pontevedresa a través da súa Paisaxe Lingüística. A PL non necesariamente reflicte o uso das linguas na comunicación oral, mais si achega información sobre a comunicación escrita pública entre os falantes.

Observáronse importantes diferenzas entre a lingua utilizada entre os sinais administrativos e os comerciais, ou dito doutro xeito, entre o ámbito institucional e o da iniciativa privada. Neste sentido, a política oficial de empregar en exclusiva e de maneira sistemática o galego nos sinais administrativos dependentes do goberno local e autonómico contrasta co masivo emprego do castelán nos comerciais. Se nos atemos estritamente ó ámbito comercial, obsérvase que a cidade ofrece, fundamentalmente, un panorama multilingüe, en parte consecuencia da globalización, aínda que, é preciso recalcalo aquí na conclusión, dominado localmente pola acción pervasiva do castelán. Para completar a caracterización lingüística da cidade estudada, ao

emprego extensivo da lingua oficial do estado na paisaxe urbana, habería que engadirlle unha escasa utilización do galego e unha, cada vez maior, incorporación do inglés, se nos atemos á datación intuitiva dos rótulos e demais sinais gráficos rexistrados. Outras linguas estranxeiras como o francés, italiano ou portugués van, paulatinamente, formando parte da PL destas rúas no ronsel da mundialización que afecta tanto á economía global coma local de carácter urbano.

Do corpus examinado neste estudo evidénciase unha loita pola supervivencia da lingua minorizada, o galego, que se ve ameazada pola lingua dominante do Estado, o castelán. De aí que, o fomento do galego na PL sexa unha importante parte da tarefa de visibilización da lingua autóctona dentro da política lingüística de normalización implementada polo concello de Pontevedra desde que o Bloque Nacionalista Galego conseguiu o poder municipal.

En contextos bilingües ou multilingües, un estudo das características do noso resulta especialmente interesante para comprender os balances de poder entre as linguas e as persoas e grupos en contacto. Se un texto está escrito nunha soa lingua pódese indicar que está destinado ás persoas que pertencen a unha comunidade lingüística específica, que serán os únicos capaces de comprendelo, ou que a lingua ten o suficiente prestixio e poder como para aparecer soa, sen o apoio doutras linguas: por exemplo, o inglés nos establecementos de comida rápida ou o italiano nunha tenda de moda elegante. Se o texto está escrito en dúas ou máis linguas, pode indicar que exista a intención de que sexa comprensible a persoas de comunidades lingüísticas diferentes ou ben que algunha desas linguas non posúe o suficiente poder, prestixio e forza como para aparecer por si soa, tendo que se manifestar sempre ao amparo doutra lingua supostamente superior ou máis adecuada. Isto último é o que está sucedendo coa nosa lingua na PL de Pontevedra.

Nos sinais bilingües ou multilingües en que aparece o galego, a lingua "propia" da comunidade autónoma atópase en 16 sinais como lingua dominante e cun status e prestixio superior fronte a 11 sinais onde a súa presenza constitúe unha simple



tradución da lingua dominante. Cómpre ter en conta que as rúas e espazos públicos son o escenario idóneo para promover unha lingua xa que será vista por milleiros de transeúntes a diario. De aí, que a escolla da lingua e a súa situación nos sinais non se realiza ao chou nin arbitrariamente, senón que detrás de cada elección prima sempre unha intención. Nos sinais con predominio castelán preténdese facer, esta é a miña interpretación, que o galego se perciba como unha sublingua do castelán, ausente de valor de por si e incapaz de existir sen estar ao seu carón. A omisión do galego do espazo público, a súa ignorancia, pode ser lida como a praxe efectiva dos que, consciente ou inconscientemente, pretenden tapar, calar e enmudecer a nosa lingua deixándoa paulatinamente sen respiración.

En definitiva, a presenza do galego na PL de Pontevedra, sen termos en conta os sinais administrativos onde o Concello de Pontevedra está realizando políticas lingüísticas para a súa difusión, é escasa e pouco perceptible. En contraposición ao seu emprego como lingua oficial, no ámbito privado destaca o abundante uso do castelán. Esta situación é froito da historia e dos prexuízos seculares en contra do galego pero tamén é consecuencia da ausencia de políticas lingüísticas reais de normalización desde que existe o goberno autónomo. Tamén cómpre lembrar que os concellos só acostuman realizar políticas lingüísticas institucionais deixando completamente esquecido o ámbito da empresa privada. Unha política lingüística que procurase defender e promover a lingua galega, en aplicación da lexislación vixente (Lei de Normalización Lingüística, Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias), tería que adoptar medidas activas para introducir e promover a lingua nos ámbitos en que aínda é pouco utilizada (p.e. no comercio), con campañas e axudas ós axentes privados que están dispostos a innovar galeguizando os seus comercios e empresas.

Ademais tamén cómpre salientar que as Paisaxes Lingüísticas aínda que teñen unha base biolóxica e natural, son sobre todo unha construción cultural dos grupos humanos que se organizan para vivir en comunidade. Neste sentido, cada

comunidade ten a Paisaxe Lingüística que foi labrando a través do tempo.

Galicia, como comunidade histórica, declara no seu estatuto de autonomía que o galego é a súa lingua propia, o que debería obrigar a toda a cidadanía galega, e de maneira moi especial á maioría social que fala galego, a defender a dignidade da súa lingua e da súa cultura e a reivindicar os dereitos que, de feito, lle están a ser negados. A progresiva castelanización da sociedade ameaza a supervivencia da lingua galega, a riqueza e a diversidade lingüística e cultural de Galicia e, en último termo, de Europa e do mundo. Reconstruír simbolicamente a paisaxe a través da identidade visual que proporciona a lingua equivale sen dúbida a estar na práctica en control do país de xeito que reconstituír a esencia da Paisaxe Cultural e Lingüística que os distingue dos outros pobos non é un propósito irrelevante. Importa e moito.

Por último, sabemos que a Paisaxe Lingüística de calquera cidade non é permanente (igual que non o é a paisaxe natural dun territorio), senón que posúe un carácter dinámico e cambiante. Cada cidade evoluciona, crece e muda co tempo, igual que a súa PL. Volver realizar, cada certo tempo, novas investigacións que inclúan análises exhaustivas da PL (no noso caso de Pontevedra) podería resultar moi revelador da evolución da súa diversidade lingüística e da deriva das linguas en contacto. Os estudos sobre PL, que aínda están nacemento entre nós, poden ser neste sentido dunha gran relevancia en situacións sociolingüísticas inestables ou conflictivas, tanto porque reflicten identidades sempre cambiantes a pesar da estabilidade aparente, como porque a través deles se pode observar de maneira gráfica a intensidade e os efectos prácticos das políticas lingüísticas.

## 6. Referencias bibliográficas

- Backhaus, Peter (2005): *Signs of multilingualism in Tokyo: A linguistic landscape approach*. PhD thesis: University of Duisburg-Essen.

- Backhaus, Peter (2007): *Linguistic landscapes: A comparative study of urban multilingualism in Tokyo*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters.
- Ben-Rafael, Eliezer *et al.* (2006): "Linguistic Landscape as Symbolic Construction of the Public Space: The Case of Israel", in Durk Gorter (ed): *Linguistic Landscape. A new approach to Multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 7-30.
- Bourhis, Richard Y. e Rodrigue Landry (2002): "La loi 101 et l'aménagement du paysage linguistique au Québec", in Richard Y. Bourhis e Pierre Bouchard (eds): *L'aménagement linguistique au Québec: 25 ans d'application de la Charte de la langue française*. Québec: Publications du Québec, 107-132.
- Cenoz, Jasone e Durk Gorter (2006): "Linguistic Landscape and Minority languages", in Durk Gorter (ed): *Linguistic Landscape. A new approach to Multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 67-80.
- Castillo, Mónica e Daniel Martínez Sáez (2011): "Introducción al Paisaje Lingüístico de Madrid", *Lengua y migración* 3:1, 73-88.
- Dunlevy, Deirdre Adrienne (2009): *A sign of the times: language contact in the Galician Linguistic Landscape*. M. Phil. Trinity College, Dublin.
- Dunlevy, Deirdre Adrienne (2010): "A sign of the times: language contact in the Galician Linguistic Landscape". Comunicación presentada en *The Third International Linguistic Landscape Workshop*, Estrasburgo, 6/5/2010.
- El-Yasin, Mohammed K. e M. H. Salih (1994): "The spread of foreign business names in Jordan: A sociolinguistic perspective", *Abhath Al-Yarmouk* 12, 37-50.
- Franco Rodríguez, José Manuel (2009): "Interpreting the Linguistic Traits of Linguistic Landscapes as Ethnolinguistic Vitality: Methodological Approach", *Revista Electrónica de Lingüística Aplicada* 8, 1-15.
- Gordon, Raymond G. (ed) (2005): *Ethnologue: Languages of the World*. Dallas: SIL International.

- Gorter, Durk (2006): *Linguistic Landscape. A new approach to Multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters.
- Gorter, Durk (ed) (2007): *The linguistic landscape in Rome: Aspects of multilingualism and diversity*. Roma: IPRS.
- Huebner, Thom (2006): "Bangkok's Linguistic Landscapes: Environmental Print, Codemixing and Language Change", in Durk Gorter (ed): *Linguistic Landscape. A new approach to Multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 31-51.
- Krauss, Michael E. (1992): "The World's Languages in Crisis", *Language* 68, 4-10.
- Landry, Rodrigue e Richard Y. Bourhis (1997): "Linguistic landscape and ethnolinguistic vitality: an empirical study", *Journal of Language and Social Psychology* 16, 23-49.
- Lepître Alemany, Marc e Joan M. Romani Olivé (2000): "L'ús de les llengües a la publicitat exterior a Barcelona i a sis altres ciutats l'any 1999", *Llengua i ús: revista tècnica de política lingüística* 17, 55-59.
- Masai, Yasuo (1972): *Living Map of Tokyo*. Tokyo: Jiji Tsushinsha.
- Piller, Ingrid (2001): "Identity constructions in multilingual advertising", *Language in Society* 30, 170-183.
- Piller, Ingrid (2003): "Advertising as a site of language contact", *Annual Review of Applied Linguistic* 23, 170-183.
- Rosenbaum, Yehudit et al. (1977): "English on Keren Kayemet Street", in Joshua A. Fishman, Robert L. Cooper e Andrew W. Conrad (eds): *The Spread of English*. Rowley, MA: Newbury House, 179-196.
- Schlick, Maria (2002): "The English of shop signs in Europe", *English Today* 19, 3-17.
- Schollon, Ron e Suzie Wong Scollon (2003): *Discourses in Place: Language in the Material World*. London: Routledge.
- Solé, Joan (1998): *La llengua de publicitat exterior a Barcelona l'any 1997*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, Direcció General de Política Lingüística.

- Spolsky, Bernard e Elana Shohamy (1999): *Languages of Israel: Policy, Ideology and Practice*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Tulp, Stella M. (1978): "Reklame en tweetaligheid: Een onderzoek naar de geografische verspreiding van franstalige en nederlandstalige affiches in Brussel", *Taal en sociale integratie* 1, 261-288.

1950

1951

1952

1953

1954

1955

1956

1957

1958

1959

1960

1961

1962

1963

## O TESTAMENTO DE XOÁN DE PADRÓN (a. 1405, ACS): EDICIÓN CRÍTICA<sup>1</sup>

GONZALO HERMO GONZÁLEZ

Instituto da Lingua Galega  
Asociación Galega de Onomástica

### RESUMO

O artigo recolle a edición interpretativa dun documento notarial do século XV conservado no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Acompañan á lectura do texto algunhas notas de carácter introdutorio con información codicolóxica, histórica e paleográfica. En último termo, achégase o inventario completo das formas onomásticas rexistradas, con datos relativos ao nome moderno e localización xeográfica no caso da toponimia.

### ABSTRACT

This paper is a philological edition of a notarized document from the 15th century filed in the Archive of the Cathedral of Santiago de Compostela. Introductory notes with information on codex, history and paleography issues are enclosed. A full account of the registered onomastic forms is enclosed as well, including data relative to the current use and location, in the case of place names.

### PALABRAS CHAVE

lingüística histórica, prosa notarial galega, onomástica, toponimia, antroponimia.

### KEYWORDS

historical linguists, Galician notarized prose, onomastics, place names, anthroponymy.

---

<sup>1</sup> O meu agradecemento a Ana Boullón e Maca Pérez, pola lectura, as suxestións e polo pulo.

É obxectivo deste artigo presentar a edición filolóxica dun documento notarial do século XV custodiado no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (en diante, ACS). Xunto á lectura interpretativa do texto, á que se anexa un aparato de notas e a relación detallada dos criterios de edición, incorporo algunhas mencións de tipo codicolóxico, histórico e paleográfico a modo de estudo introdutorio. Ofrezco, ademais, o listado completo das cadeas onomásticas rexistradas, engadindo datos relativos á forma moderna e localización xeográfica no caso da toponimia.

Concibo este traballo como achega ao necesario labor de publicación do material inédito do ACS. Retallos da historia de Galicia como país, do dereito civil galego ou da realidade da lingua medieval permanecen silenciados no groso desa documentación sen publicar. Cómpre, pois, poñela a disposición de lingüistas, historiadores, especialistas en dereito e demais estudosos interesados na cuestión, pero tamén do público xeral, pois algún anaco do noso pasado está neles.

### *1. Descrición do manuscrito. Comentario e edición das notas marxinais*

Encontrámonos ante un pergamiño escrito en letra cortesá que data do 29 de outubro de 1405. Malia á ausencia dunha referencia explícita no corpo do texto, hai datos que suxiren que foi redactado en Compostela: presenza de certos topónimos/apelidos detoponímicos do entorno urbano ("Rrodrigo Eanes da Fonte do Franquo", 13-14), rango do notario ("notario publico jurado de Santiago", 19) e lugar de custodia (ACS).

O pergamiño mide 315 x 168 mm. A medición realizouse polo centro do manuscrito, tanto de arriba a abaixo como nos laterais desde a parte máis afastada. O estado de conservación é bo.

O corpo do texto está dividido en dúas partes, ben delimitadas pola separación de espazo. A primeira, disposta en



bloque, vai das liñas da 1 á 18 e recolle as decisións sucesorias de Xoán de Padrón, o nomeamento dos cumpridores e a listaxe de testemuñas. A segunda, escrita por outra persoa, acolle a subscripción notarial, de carácter formulario (liñas 19-20). Dúas mans interveñen, pois, na redacción da manuscrito: o notario, autor do intitulación final que dota de validez xurídica o documento, e un amanuense encargado de redactar as disposicións previstas na sucesión testada.

O escribán presenta unha grafía clara e lexible. As liñas son de disposición uniforme con algún vestixio de pautado. Pola contra, a escrita do notario singularízase pola súa irregularidade. As liñas bailan; a grafía é pouco coidada e tende á cursividade. O trazado discontinuo de certas letras dá noticia de que a man tremía á hora de escribir, probable síntoma dun estado de idade avanzado (*cfr.* epígrafe 2). Todos estes elementos complican a lectura, se ben non a imposibilitan. A carón da pasaxe redactada polo notario, o signo que o identifica:



Na marxe superior esquerda, produto dunha terceira man, encontramos a datación do documento: "ano dei 405". Esta nota marxinal relaciónase cun rexesto redactado en castelán que se sitúa na parte superior do dorso do pergamiño:

Testamento *que* hico Juan de Padron, escriuano, en *que* deja por heredera a esta santa Iglesia de todos sus vienes deslpues de muerta su muger M<sup>a</sup> Rrapella y a Margarida, Catalina y Maria,

sus hijas, y el hijo o hija de *que* la dicha su muger andaba pre-  
nada

Seguramente ambos epitextos son obra de clérigos encar-  
gados de catalogar o material documental do ACS nunha época  
moi posterior á que foi producida. O tipo de letra e a lingua  
empregada así parecen suxerilo.

Tamén no dorso, escrito en vertical, atopamos restos dun  
outro resumo, este en galego:

*por que os bees de Joan de Padron | despois morte de sua muller  
pede | sua filla sen seme fican ao cabidoo*

Xusto debaixo, apenas visible, figura: “Manda de Iohan  
de Padron”.

O manuscrito aparece mencionado na colección López  
Ferreiro do arquivo-biblioteca da catedral de Santiago (Sánchez  
Sánchez 2008: 116). Este dato demostra que o pergamiño pasou  
polo escritorio do célebre arquiveiro compostelán, aínda que  
nunca chegou a editalo.

## 2. *A notaría na Galicia baixomedieval. O notario: García Suárez das Encrobas*

O paso polo trono de Afonso X o Sabio supuxo mudanzas  
substanciais na ordenación e vida lexislativa dos reinos integra-  
dos na Coroa de Castela, entre eles o de Galicia. No que se refire  
ao ámbito notarial, algunhas obras impulsadas polo monarca  
castelán, como o *Foro Real* ou as *Sete Partidas*, outorgáronlle á  
vella figura do *scriptor* ou *escribán* a capacidade de validar a do-  
cumentación que rubricaba. É dicir, aquel funcionario que antes  
exercía de simple redactor de textos burocráticos, agora pasa a  
conformar unha persoa legal con facultade para dotar os escritos  
de *auctoritas* ou *plena fides*, isto é, de recoñecemento e credibili-  
dade. O oficio da escrituración fende daquela en dous modelos  
distintos de profesional, con categorías tamén diferentes na es-

cala funcional: o copista autorizado para sancionar o documento xurídico-administrativo (o *notario* ou *notario público*) e o que non posúe esa autorización (o *escribán*). Non obstante, a diferenza entre un e outro non debía ser tan clara como se desprende das leis afonsinas, pois, no sucesivo, os termos *notario* e *escribán* aparecerán empregados con frecuencia de xeito confuso, ata tal punto que ás veces é imposible determinar o rango real do individuo que asina o manuscrito.

Sexa como for, a profesionalización da escrita administrativa que ten lugar na segunda metade do século XIII fai despuntar unha tipoloxía notarial que ten o seu fundamento no ámbito de actuación de cada oficial titular. As tres figuras sobranceiras son as do *notario real*, *notario público xurado* e *notario apostólico* e *monástico*. O primeiro deles, ás veces chamado *de nomeamento real* ou *de cámara real*, era elixido directamente polo soberano e tiña capacidade para actuar en calquera territorio do reino, aínda que ás veces estivese adscrito a unha poboación ou congregación relixiosa determinada. Pola súa parte, o *notario público xurado* era contratado por un concello, cidade ou vila para exercer a súa función nos límites espaciais que demarcaba a institución contratante. Por último, o papel de *notario apostólico*, denominado *monástico* se operaba no seo dun mosteiro, acostumaba a exercerlo un crego designado polo bispo para encargarse de asuntos vinculados á Igrexa, especialmente dos de carácter interno. Outras clases e tipos, tales como o *notario de nomeamento señorial* ou os *notarios mixtos*, adoitan ser considerados derivacións destes tres grupos básicos (Rojas Vaca 2001: 337-340).

En todo caso, o funcionario titular podía dispoñer da axuda doutros escribáns para o desenvolvemento da súa función. Estes axudantes, chamados *escusadores* ou *suplentes*, realizaban o proceso de escrituración en nome do notario autorizado, quen normalmente sancionaba o documento co seu signo, aínda que, en ocasións, o suplente podía ter permiso para rubricalo el mesmo. O escusador é, en moitas ocasións, un notario real, apostólico ou público xurado doutro lugar ao que o titular recorre en determinados momentos en que, por motivo de ausencia ou exceso de traballo, non pode atender a totalidade dos

encargos. No entanto, en Compostela hai tradición de amanuenses que desenvolven toda a súa carreira profesional como suplentes, probablemente pola gran cantidade de documentación que demandaba o centro neurálxico dunha arquidiocese (Vázquez Bertomeu 1997: 506). Nestes casos, o escribán escusador constitúe unha figura que se confunde coa do secretario.

Á luz da análise do noso pergamiño, podemos concluír que o notario, García Suárez das Encrobas, dispuxo de axuda á hora de levar a termo o proceso de escrita. Dado que non se menciona o nome do copista axudante no corpo do texto, temos que inferir información a partir de testemuños externos. Botando man da base de datos de antroponimia medieval do Instituto da Lingua Galega, do TMILG e dalgunha outra fonte que considere interesante consultar (Zapico Barbeito 2005), dei rexistrado un total de nove manuscritos que aluden á persoa de García Suárez das Encrobas, todos eles documentos xurídicos onde figura en calidade de notario público xurado de Santiago. Organízoos nunha táboa, en que cada fileira representa un manuscrito distinto que identifico cunha letra. O lugar de custodia cítoos coas siglas correspondentes: AHUS (Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela) e ACS (Arquivo Catedralicio de Santiago):

	ANO	LUGAR	XÉNERO	EDICIÓN
A	1361	AHUS	Arrendamento	Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 243)
B	1363	AHUS	Renuncia	Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 249)
C	1375	ACS	Testamento	López Ferreiro (1901: 386)
D	1390	ACS	Constitución sinodal	García y García (1981: 314)
E	1400	ACS	Testamento	López Ferreiro (1901: 283)
F	1400	ACS	Apertura testamento	López Ferreiro (1901: 606, 615)

G	1403	AHUS	Doazón	Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 280)
H	1405	AHUS	Doazón	Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 282)

*Táboa 1:* Documentos editados de García Suárez das Encrobas en calidade de notario.

Do anterior podemos tirar que García Suárez das Encrobas exerceu de notario en Compostela, cando menos, de 1361 a 1405, isto é, un total de 44 anos. Incluso dando por feito que accedera ao cargo a unha idade temperá, no momento de producirse o acto que nos ocupa (1405), tiña que ser necesariamente un ancián, máxime se temos en conta que a esperanza de vida do home do medievo rondaba os 30 anos (Le Goff 1999: 214-215). Esa dato xustifica os tremores á hora de coller a pena e, ao mesmo tempo, explica que botase man, non xa dun escusador para momentos puntuais, senón dun escribán persoal que, a xeito de secretario, se encargase de copiar o texto notarial con grafía comprensible.


O conxunto da documentación consultada non nos fornece información sobre a súa biografía, feito derivado da función que desempeña. Podemos conxecturar, no entanto, que fose fillo de Sueiro Martíns das Encrobas, a quen atopamos exercendo de notario público xurado de Santiago, polo menos, entre 1324 e 1339. As datas cadran e as evidencias son transparentes. Repárese na presenza do patronímico *Suárez* ('fillo de Sueiro') e na referencia toponímica. A maior abastanza, habemos ter en conta a predisposición dos oficios medievais a constituírense en profesións hereditarias.

Apunto, para rematar, un dato que axiña chamará a atención de quen consulte a documentación que conservamos do notario. En F (caso único) aparece mencionado co prenome *Rui* antecedendo a *García*: *En presenza de rui garcia suares das encrouas* (López Ferreiro 1901: 606). Cómpre aclarar que só se trata dun erro de lectura: *En presenza de mi, Garcia Suares das Encrovras*.

### 3. Particularidades dalgúns grafemas

Bosquexo neste punto un breve repaso polos principais problemas de lectura que, a ollos dun usuario moderno, presentan algunhas letras:


<a>.- Cando aparece sobreposta conta con morfoloxías diferentes: ben aberta por riba con trazado cursivo e liña curva no alto (semellante a un <u>), ben con forma de sigma aberta. Ambas variantes poden posuír tanto valor abreviativo como concreto. O amanuense emprégaas, ademais, para marcar a presenza de dúas vogais consecutivas na cadea escrita, confundindo a súa función coa das plicas.



<ç>.- Nalgún caso, a cedilla comeza por debaixo do <c> curvándose á esquerda cara ao alto ata rodear parte da palabra.




<i> e <j>.- As secuencias con *i* curto e longo sucesivos son susceptibles de confundírense con <y>. De habelas, a cursividade do trazo inferior e as plicas determinan a diferenza.



<s> e <z>.- En posición final é difícil distinguir unha letra da outra, aínda que hai características que permiten discriminar: <s> escríbese nun golpe de pluma e <z>, máis anguloso, en dous.



Plicas.- Nalgunhas ocasións presentan unha forma semellante á dun sinal xeral de abreviación.



#### 4. Criterios de edición

Para a edición do presente documento sigo esencialmente os criterios defendidos polo profesor Ramón Lorenzo no ano 1998 e actualizados en 2004. Entendo que a proposta de Lorenzo permite resolver de xeito adecuado a tensión existente en toda edición filolóxica entre fidelidade á lingua do orixinal e vontade de interpretación textual. Baixo esta premisa, o traballo preséntase como un material rendible para o lector especialista, cuxo interese cae do lado da lingua que efectivamente transmite o manuscrito, mais tamén accesible para o público xeral, feito que se concreta na decisión de desenvolver todas as abreviaturas ou actualizar a puntuación. Algún pequeno desvío a respecto do esquema previsto por Lorenzo, puntualizado nas páxinas que seguen, xustifícase en base á intención de marcar calquera interpretación do editor que non reflecta con exactitude o que se le no documento, mesmo naqueles casos en que a abreviatura ofrece unha única solución posible. Coincido con Boullón / Monteagudo (2009) en empregar aparato crítico no canto de notas, desde a crenza que o seu uso facilita unha lectura fluída. A continuación sintetizo as principais características da edición, deténdome nalgúns aspectos que considero interesante destacar. Indico entre parénteses o número de liña.

4.1. A segmentación gráfica das palabras adáptase á convención actual. Altero a escrita orixinal para unir aqueles exemplos en que *por* e o cuantificador indeterminado *todos* aparecen separados do alomorfo do artigo definido: *todoslos*, 4; *porlos*, 3.

4.2. Na escrita de maiúsculas e minúsculas sigo os usos modernos. Transcribo <R> alto como <rr> duplo, de acordo con Lorenzo (1988: 79).

4.3. Actualizo a puntuación, consciente de que operar neste terreo cun criterio conservador dificultaría enormemente a tarefa lectora.

4.4. Acentúo soamente con función diacrítica. O uso do til restrínxese aos seguintes casos: *dé* (P3 do presente de subxuntivo do verbo *dar*, hoxe *dea*) fronte a *de* (preposición) e *á* (contracción da preposición *a* e o artigo definido feminino singular) fronte a *a* (artigo definido feminino singular).

4.4.1. Decidín non acentuar a P3 de singular do presente de indicativo do verbo *ser* (he, 2) por presentar <h> diacrítico e ser imposible a confusión coa conxunción copulativa, que transcribo sempre *et* (cfr. 3.7.5).

4.5. No aspecto gráfico procedo cun criterio conservacionista ponderado:

- Deixo <u> e <v> tal e como aparecen no documento. Do mesmo xeito opero con <i>, <y> e <j>, por unha banda, e con <s>, <ss>, <ç> e <z>, pola outra.
- Respecto as marcas de escrita latinizante e pseudolatizante e por iso non interveño en *scripuan/scripuaes* (2, 18) nin en *dapno* (13). Consecuentemente, o <q> cun <o> sobreposto escribo <quo> (Tato Plaza 1999: 82): *çinquo* (1), *quoreenta* (10), *Franquo* (14).
- Non simplifico as grafías duplas nin actualizo o uso de <h> nin de <l> e <ll>, independentemente de que o valor dos grafemas sexa lateral alveolar [l] ou lateral palatal [ʎ].
- Non respecto os distintos tipos de <s> nin tampouco reproduzo as plicas nin o punto sobre <y> por responderen, no estadio de lingua en que nos atopamos, a características paleográficas e non grafo-fonéticas (Tato Plaza 1999: 78).
- Coloco <n> sempre que no documento apareza o dito grafema desprovisto de calquera trazo sobre el, sexa cal for o seu contido fonolóxico: nasal alveolar (*noue*, 1) ou nasal palatal ("*prene*", 7).



4.6. Os sinais xerais de abreviación son sistematicamente interpretados en función da realidade lingüística do galego medieval. Detéñome nalgúns casos:

4.6.1. Interpreto o sinal xeral como til de nasalidade naquelas palabras cuxo étimo xustifique a devandita nasalidade: *pōer* < PŌNĒRE (6). En consecuencia, se non existe fundamentación etimolóxica percíboos como marcas paleográficas superfluas: *mesmo* (< METĪPSĪMU) (14), *como* (< QUŌMŌDŌ) (15). En palabras con dúas vogais seguidas, o til de nasalidade colócoo sobre a primeira, independentemente de cal sexa a posición do sinal na cadea: *vēer* (11)

4.6.2. Cando o trazo sobre a palabra representa unha nasal implosiva desenvolvo a devandita consoante nasal: *morrendo* (7), *cantada* (11). Son excepcións a esta regra as formas *bēes* (2, 9, 11, 13, 15) e *contēe* (4), onde non temos a certeza de que o sinal xeral estea por vez da consoante implosiva: *bēes* < BĒNES, *contēe* < CONTĪNENT.

4.6.2.1. En posición final de palabra desenvolvo <n>: *condiçõn* (9), *digan* (11). Malia a dispoñer no documento dalgún uso gráfico de <m> (*sam*, 3; *com*, 8), de reminiscencia latina, o certo é que nesta posición, no noso pergamiño como en xeral nos textos galegos da Idade Media, domina o uso de <n>.

4.6.3. Se o trazo sobre <n> marca a nasal palatal leo <ñ>: *señor* (1-2), *teña* (5, 9).

4.7. Interpreto as abreviaturas en todos os casos. Seguindo a recomendación de Clarinda de Azevedo Maia (1986: 29), decídín sinalar regularmente en cursiva o desenvolvemento das abreviaturas e sinais xerais, mesmo naqueles exemplos en que as posibilidades de lectura se reducen a unha (*verbi gratia*, outro abreviado *out<sup>o</sup>*). Entendo, coa estudosa portuguesa, que pode ser interesante para o lector especializado diferenciar as letras gráficas daquelas que resultan da interpretación das abreviaturas. Detallo a seguir os principais problemas con que, neste terreo, me atopei:

4.7.4. Na abreviatura do sufixo derivativo *-eir*, a semivogal palatal [j] transcríboas <i> e non <j> ou <y>. Optei por esa solución, contra a máis xeral nos documentos medievais para os

ditongos decrecente que é <y>, por existiren no orixinal formas do sufixo coa semivogal non abreviada onde o grafema escrito é <i>: *verdadeira* (3), *postromeira* (17). A mesma solución adopteina para *testemuño*: *testemoio* (20).

4.7.5. O signo tironiano interprétoos sempre <et>, pois é así como o copista nos transmite a conxunción copulativa en todos os exemplos en que decidiu escribila por extenso.

4.7.6. A abreviatura do nome grego de Cristo transcriboos sen <h>: *Cristo* (Boullón / Monteagudo 2009: 86).

4.7.7. *Morabedís* é abreviado <mor> (5, 6) e <mrs> (14, 17) cun trazo por riba. Por tanto, véxome obrigado a elixir entre interpretar <b>, <v> ou <u>, todos eles grafemas posibles na documentación da altura. Sen poder botar man da escrita do texto en tanto referente, escollo a solución máis achegada ao étimo árabe: *morabedí* (<MURĀBITĪ).

## 5. Edición do manuscrito

1405, outubro, 29

Santiago de Compostela

*Xoán de Padrón, escribán, declara herdeiras universais do seu patrimonio ás súas fillas Margarida, Catarina e María e ao fillo ou filla que naza con posterioridade ao ditado do testamento do seu matrimonio con María Rapela, á que lega o usufruto dos bens.*

ACS, LD 28/1, orixinal, pergamiño, 316 x 168 mm., galego, bo estado.

Enno ano da naçença de nosso señor Ihesu Cristo de mjll et quatrocentos et çinquo anos, vijnte et noue dias do mes de outubro, enno nome de Deus, amen. Sabean todos que eu Iohan de Padron, <sup>12</sup> scrijuan, rrenembrandome da morte per que ey de pasar, da qual home do mundo non he scusado, faço mĵã manda et ordeno de meus bēes. Primeiramente mando a mĵã alma ao meu señor Ihesu <sup>13</sup> Cristo que rremjo enna aruore da santa verdadeira cruz porlos pecadores saluar. Et rrogo et peço aa vijrgeen santa Maria con todaslas viirgeens que lle qeiran rrogar por mjn et a sam <sup>14</sup> Pedro con todoslos apostollos que lle rrogen por mjn que me qeira perdoar et auer de mjn miserjcordia, etçetera. Et ontre las outras cousas que se contēe e enna dicta

manda contijñase en ella estas clausulas *que se siguen*. Jten mando ao cabijdoo da igleia de Santiago dusetos *morabedis que me teña enno coro et me veña faser onrra et me leuen ao coro de Santiago*. Et se por aventura |<sup>6</sup> o dicto cabijdoo non me quiser faser onrra nen pôer enno dicto coro, *que non ajan os dictos morabedis*. Jten ffaço por meus herees vniuersaaes mja manda complida a mjas fillas Margarida et |<sup>7</sup> Cataljna et Maria et outro fillo ou filla de *que ande prene mja moller Maria Rrapella vijndo a lume et cristeisimo*. Et morrendo cada hũa destas mjas fillas, sustituyo por essa *que* |<sup>8</sup> finar aos outros *que ficaren vjuos et asi ata o postromeiro*. Et morrendo o postromeiro sen ydade complida ou *sen seme*, faço por seu heree *et* meu a igleia de Santiago com |<sup>9</sup> tal condiçõn *que mja moller Maria Rrapella teña en toda sua vida os dictos bẽes et o vsufroyto delles*. Et despoys sua morte *que fiquen aa dicta igleia*. Et outrosi *que a dicta Maria Rrapela teña* |<sup>10</sup> et crije as dictas moças *et leue et aja os froitos dos dictos meus herdamentos*. Et cada ano dé de comer a quoreenta pobres en quanto teuer as dictas moças. Et *que dé de comer aos dictos quoreenta* |<sup>11</sup> pobres o primeiro domingo *que vẽer despoys de dia de dia de todoslos santos*. Eu outrosi *que o cabiidoo da dicta igleia de Santiago, avendo asi os dictos bẽes, que me digan hũa misa cantada enno altar* |<sup>12</sup> de Santiago en vespera de *santa Maria de setembro en cada hũu ano et vaan diser hũu rresponso sobre la mja sepultura*. Et, non o querendo asi faser, mando *et quero que non ajan os dictos* |<sup>13</sup> bẽes *et tiroos delles*. Et mando *que os vendan et den a pobres por amor de Deus, por la mja alma et de aqueles a quen eu soon tiudo*. Ffaço por meus conplidores sen seu dapno a Rrodrigo Eanes |<sup>14</sup> da Fonte do Franquo *et a Vasco Rrodrigues do Campo, tendeiro, et mandolles por seu afan dusetos morabedis a ambos et dous*. Et encarrego sobre ello suas conçiencias. Et eso mesmo faço con elles |<sup>15</sup> á dicta mja moller por conplidor. Jten mando *que se por aventura o dicto cabijdoo non quiser diser a dicta misa et rresponso porlos dictos bẽes et se ouueren de vender como eu mando, que os vendan os dictos meus conplidores et os den a pobres por amor de Deus*. Esto dou por mja manda *et postromeira voontade*. Et rreuoco todaslas outras mandas *et codiçilos que ata aqui ey feitos* |<sup>17</sup> et

quero et outorgo que non vallan saluo esta que dou por mña manda et postromeira voontade. Et couto mña manda en cinco mjll morabedis que peite quen contra ella veer. Et aja a maldiçon |<sup>18</sup> de Deus et a mña.

Testes: Garcia Rrodrigues et Afonso Lourenço et Pero Afonso, clerigos de Santi Spiritus; et Gonçaluo Iograr, clerigo; Afonso de Mourelos; Diego Garçia et Aluaro Afonso, scripuaes. |<sup>19</sup>

Eu, Garcia Suares das Encroues, notario publico jurado de Santiago, desto presente foy et confirmo |<sup>20</sup> meu nome et signal aqui pono en testemoio de uerdade.

1.- ano: con trazo sobre <n>; mjll: cun trazo sobre <j> e outro sobre <ll>; anos: cun trazo sobre <n>; outubre: cun trazo recto atravesando o hastil de <b>; Iohan: cun trazo recto cruzando o hastil de <h>. || 2.- home: cun trazo sobre <m>. || 3.- santa: cun trazo que alonga o hastil de <t>; vijrgeen: cun sinal por riba con forma de <a> sobreposta; vijrgeens: cun sinal por riba con forma de <a> sobreposta. || 4.- etçetera: abreviatura mediante <ça> cun trazo por riba de <a>; contijñase: cun trazo sobre <e>; en: cun trazo sobre <n> || 6.- quiser: o <q> aparece escrito igual a cando representa <que> ou <qui>, posible reduplicación que corrixo; herees: cun sinal por riba con forma de <a> sobreposta; complida: cun trazo por riba de <m>. || 8.- heree: cun sinal por riba con forma de <a> sobreposta. || 9.- Rrapella: cun trazo sobre <ll> || 10.- ano: cun trazo recto sobre a palabra. || 12.- en: cun sinal xeral sobre <n>; ano: cun trazo sobre <n> || 13.- amor: cun sinal xeral recto sobre a palabra; dapno: cun trazo sobre <n>. || 14.- mesmo: cun trazo sobre <e>. || 16.- amor: cun sinal xeral recto sobre a palabra; feitos: cun trazo recto sobre a palabra. || 17.- en: cun sinal xeral sobre <n>; mjll: presenta un sinal recto que atravesa os hastís dos dous eles.

## 6. Inventario onomástico

Recollo neste punto a información onomástica que se pode tirar do documento. Dispoño dous índices, un para antro-

pónimos e outro para topónimos, organizados por orde alfabética.

### 6.1. Índice antroponímico

Achega a listaxe completa de cadeas antroponímicas. A información puramente onomástica, engado datos socioprofesionais e de parentesco, así como o papel que a personaxe desempeña no testamento: outorgante (out.), destinatario (dest.), cumpridor (cumpr.), testemuña (test.), notario (not.). A numeración refírese á/s liña/s.

- Afonso de Mourellos [escribán] (test.): 18  
Afonso Lourenço [clérigo] (test.): 18  
Aluaro Afonso [escribán] (test.): 18  
Cataljna [filla de Xoán de Padrón] (dest.): 7  
Diego Garçia [escribán] (test.): 18  
Garcia Rrodrigues [clérigo] (test.): 18  
Garcia Suares das Encroues [notario público xurado de Santiago] (not.): 19  
Gonçaluo Iograr [clérigo] (test.): 18  
Iohan de Padron [escribán] (out.): 1  
Margarida [filla de Xoán de Padrón] (dest.): 6  
Maria [filla de Xoán de Padrón] (dest.): 7  
Maria Rrapella [muller de Xoán de Padrón] (dest.): 7  
    Maria Rrapella: 9  
    Maria Rrapela: 9  
Pero Afonso [clérigo] (test.): 18  
Rrodrigo Eanes da Fonte do Franquo (cumpr.): 13-14  
Vasco Rrodrigues do Campo tendeiro (cumpr.): 14

### 6.2. Índice toponímico

A meirande parte dos nomes de lugar do documento acompañan antropónimos de acordo a un esquema do tipo *pre-nome (+ segundo nome) + de + nome de lugar* (Boullón Agrelo 1999: 57-58). Está en cuestión se eses topónimos identifican a proce-

dencia ou morada da persoa referida ou son xa apelidos detoponímicos en sentido pleno, é dicir, sen unha correspondencia necesaria entre o nome do lugar e a orixe/residencia do individuo. Sexa cal for a súa función, non hai dúbida de que estamos ante topónimos e, como tales, pasan a engrosar a lista que a continuación ofrezco. Ao lado de cada cadea onomástica recollo o número de liña, o nome moderno e, cando sexa posible, a localización xeográfica:

Campo (14): Non identificado

Encroues [As] (19): San Román das Encrobas, Cerceda, Co. A variante *As Encroves* convive na Idade Media coa máis habitual *As Encrobas/As Encrovas*, incluso para aludir o noso notario: Garçia Suares das Encrouas (Lucas Álvarez e Justo Martín 1991: 249)

Fonte do Franquo (14): Fonte do Franco, rúa do Franco, Santiago de Compostela, Co.

Mourelas (18): Non identificado

Padron (1): Padrón, Co

Santiago (19): Santiago de Compostela, Co

igleia de Santiago: 5, 8

igleia de Santiago: 11

## 7. APÉNDICE







## 8. Referencias bibliográficas

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999). *Antroponimia medieval galega* (ss. VIII-XII). Tübingen : Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009). *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- García y García, Antonio (Dir. ed.) (1981). *Synodicon hispanum I. Galicia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Le Goff, Charles (1999). *La civilización del occidente medieval*. L' Hospitalet de Llobregat: Paidós Ibérica. [Publicado originalmente como *La Civilisation de l'occident médiéval*, 1982, Flammarion, París].
- Lucas Álvarez, Manuel / Justo Martín, María José (eds.) (1991). *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- López Ferreiro, Antonio (ed.) (1901). *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela: Tipografía Gallega.
- Lorenzo, Ramón (1988). "Normas para a edición de textos medievais galegos". En Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trier, 1986)*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 6, 76-85.
- Lorenzo, Ramón (2004). "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas". En Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986). *História do galego-português: estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referências à situação do galego*

*moderno*). Coimbra : Instituto Nacional de Investigaçao Científica.

Sánchez Sánchez, X. María (2008). *A colección López Ferreiro do arquivo-biblioteca da catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. [Versión dixitalizada en:

<[http://consellodacultura.org/mediateca/extras/cat\\_lopez\\_ferreiro.pdf](http://consellodacultura.org/mediateca/extras/cat_lopez_ferreiro.pdf)>]

Rojas Vaca, María Dolores (2001). "Los inicios del notariado público en el reino de Castilla: aportación a su estudio". *Anuario de estudios medievales*, 31, 1, 328-400.

Tato Plaza, Fernando R. (1999). *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>> [1-15/11/2011].

Vázquez Bertomeu, (1997). "El escritorio capitular compostelano (1460-1481)". *Historia, instituciones, documentos*, 24, 497-532.

Zapico Barbeito, María Pilar (2005). *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens: edición e estudo*. Noia: Toxosoutos.

O CONTRATO FORAL A MARTÍN SERPE (ACS)  
EDICIÓN CRÍTICA DUN DOCUMENTO NOTARIAL DE  
1400

NOEMI BASANTA LLANES  
Universidade de Santiago de Compostela

**RESUMO**

Neste artigo preséntase a edición crítica dun documento notarial do ano 1400 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) e asinado polo notario Alvar Pérez Pucariño. Para alén da edición, inclúe un estudo do manuscrito a diferentes niveis: lingüístico, codicolóxico e histórico. Incorpora tamén un índice toponímico e outro antroponímico, así como un glosario con formas léxicas que poden presentar certos usos particulares ou ben non estar recollidas nas fontes documentais do corpus medieval galego.

**ABSTRACT**

In this paper we present a critical edition of a notarized document from the year 1400, preserved in the Archive of the Cathedral of Santiago (ACS) and signed by the notary Alvar Pérez Pucariño. Besides the edition, a study of the manuscript at different levels (linguistic, codicological and historical) was included. Anthroponymic and toponymic indexes were also

---

Quero agradecer as indicacións da profesora Ana I. Boullón Agrelo, non só por guiaren a realización deste traballo, senón tamén por serviren para achegarme ao campo da edición crítica. Alén diso, gustaríame dar as grazas a Óscar Trigo, musicólogo e amigo, pola súa colaboración na descrición da partitura adxunta ao documento. Finalmente, tamén debo agradecer a implicación de Xosé M. Sánchez e Arturo Iglesias, arquiveiros da Catedral de Santiago, na procura da documentación inédita á que facemos alusión neste artigo; así como a axuda de M<sup>a</sup> Carmen Pérez na lectura da parte posterior do documento.

incorporated, as well as a glossary with lexical forms that present some particular use or are absent in other documentary sources of the Galician medieval corpus.

#### **PALABRAS CHAVE**

edición crítica, prosa notarial, onomástica medieval.

#### **KEYWORDS**

critical edition, notarized prose, medieval onomastics.

### *1. Introducción*

Con este artigo pretendemos contribuír á tarefa de edición do corpus medieval de documentación notarial en lingua galega. Trátase da edición crítica dun manuscrito conservado no Arquivo Histórico da Catedral de Santiago de Compostela e clasificado baixo a sinatura LD 27/16.

Co obxectivo de dispor a información da maneira máis clara posíbel, elaboramos unha sección introdutoria e subdividímola en catro apartados nos que se describe o documento non só desde unha óptica estritamente lingüística ou paleográfica, para a que cómpre ter en conta os criterios de edición que expomos máis adiante, senón tamén atendendo ao seu contido e a outros aspectos de carácter codicológico ou mesmo histórico.

Nunha segunda sección, presentamos a transcripción do documento notarial, a cal foi elaborada tentando conxugar, na medida do posíbel, dúas perspectivas: a fidelidade ao orixinal e a necesidade de facilitarles ás lectoras e lectores a comprensión. Como consecuencia, conviven o mantemento de certas particularidades lingüísticas coa modernización de outras.

Así mesmo, tamén nos pareceu interesante realizar unha pequena achega ao estudo do léxico medieval mediante a análise de palabras que presentan usos particulares ou ben que non están recollidas nas fontes documentais que posuímos actualmente. Finalmente, incorporamos os índices antroponímico e toponímico, elaborados coa intención de ofrecer para á investi-

gación un índice alfabético de consulta no que figuren as formas medievas e, no caso dos topónimos, tamén as súas correspondencias actuais.

### *1.1. Contido*

Constitúe un contrato foral escrito no ano 1400 e realizado por Fernán García, abade do mosteiro de San Martiño de Fóra -na actualidade, mosteiro de San Martiño Pinarío-, a Martín Serpe, fillo de Vasco Serpe e de Mencía Vázquez. O contrato é de carácter vitalicio e recolle a cesión de dous casares en Bembibre situados na freguesía de San Salvador de Bembibre por unha renda de vinte maravedís anuais. Inclúe a pena por incumprimento fixada en quiñentos maravedís, así como unha ampla listaxe de testemuñas. A subscrición notarial pertence a Alvar Pérez Pucariño, notario da cidade de Santiago de Compostela.

### *1.2. Descrición codicolóxica*

Estamos ante un texto escrito en letra cortesá sobre unha peza de pergamiño cortada regularmente polos catro lados. As súas medidas son 27,1 cm de longo e 26,4 cm de alto. Podemos constatar que o documento foi elaborado por dúas persoas, xa que as liñas 22, 23 e 24 presentan unha letra diferente con maior grao de cursividade. Esta sección constitúe a subscrición realizada por Alvar Pérez Pucariño, o notario cuxo nome figura no contrato de foro e a quen tamén corresponde o sinal situado na marxe inferior dereita. Todo o demais estaría redactado, probablemente, por un dos seus escribáns.

Na parte superior, incorporouse un anaco de papel por medio dalgún tipo de cola. As súas medidas son 24,4 cm de longo e 6 cm de alto. Sabemos que constitúe un engadido posterior, non só polo tipo de material do soporte, senón tamén pola forma da letra e a lingua empregada. Está escrito en castelán, con letra humanista e tinta de cor azul. Trátase dun resumo dos principais datos que contén o contrato:

Año 1400. San Salvador de Bembibre <sup>12</sup> foro a Martín Serpe por su vida, de dos casares llamados de Bem|bibre, sitios en la freguesia de San Salvador de Bembibre.

Cómpre mencionar que na parte superior do papel tamén encontramos dúas anotacións escritas por outra man diferente en tinta de cor negra. A que está situada na parte máis elevada da folla consta dunha letra e dun número "M4" que nos leva a pensar nunha especie de sinatura coa que organizar un posíbel conxunto de documentos do que este formaría parte. As outras marcas que aparecen na marxe dereita non representan ningún signo identificábel, polo que probabelmente constitúan unha *proba pennaе*.

Na parte posterior do documento, encontramos dúas inscricións redactadas en lingua castelá por mans diferentes e que recollen dous resumos moi breves do contido.

Foro de dos casares en Venbriue, frigisia Sam Salvador <sup>12</sup> de Venbriue. Paga vinte maravedis.

Fuero de dos Casares en Bembibre <sup>12</sup> feligresia de San Salvador de Bembibre <sup>13</sup> por S. Martjn. Año de M CCCC<sup>o</sup> <sup>14</sup> por S. Martjn.

Alén diso, apreciamos con gran dificultade outra liña realizada por unha terceira man que non conseguimos descifrar porque o pergamiño está demasiado deteriorado nesa zona<sup>1</sup>. A carón das inscricións, tamén documentamos unha *proba pennaе* e outro sinal que representa unha letra e un número "bII" que semella unha especie de sinatura coa finalidade de organizar un conxunto de documentos.

No lado esquerdo, o pergamiño posúe un reforzo que inclúe dúas perforacións e que estaría destinado a servir como medio de encadernación. As súas medidas son 5,8 cm de longo e

---

<sup>1</sup> Con todo, debemos precisar que, en xeral, o documento non parece moi afectado nin pola humidade nin por ningún outro axente externo. Cabe indicar que os maiores danos que observamos son os que se deben á man humana, pois serán as dobreces o elemento que dificulta en maior medida a lexibilidade.

14,8 cm de alto. Trátase dun anaco de partitura escrita en pergamiño por ambos lados e revestida con varias tiras de papel en branco. Sobre o pergamiño, podemos identificar fragmentos de notación cadrada inseridos nunha pauta de catro liñas en cor vermella e acompañados, na parte inferior, dunha cenefa.

Coa intención de ofrecer unha descrición máis pormenorizada da partitura, procuramos outros documentos que puidesen posuír reforzos similares e encontramos un total de oito, tamén pertencentes á Colección López Ferreiro. As súas sinaturas son: LD 27/10, LD 27/18, LD 28/5, LD 29/2, LD 29/3, LD 29/8, LD 29/ 15 e LD 29/18. Parece plausíbel pensar que inclúan anacos da mesma cantoral porque todos os exemplos comparten acusadas similitudes formais, tanto na disposición da notación como nas dimensións dos elementos que a conforman. Alén diso, os documentos teñen a particularidade de formar parte da mesma doazón e chegaren todos xuntos ao Arquivo da Catedral de Santiago.

Non obstante, resulta moi complicado ofrecer información precisa e, moito máis, postular unha posíbel datación da partitura debido a que a acusada fragmentariedade do corpus fai con que certos datos especialmente relevantes só poidan ser postulados como hipótese. É difícil, por exemplo, determinar se a pauta sobre a que se insire a notación cadrada se corresponde cun tetragrama ou se está composta por máis liñas, conformando quizais un pentagrama. Pois, aínda que só observamos catro na maioría dos fragmentos, a distancia da última delas con respecto ao corte é tan pequena que, en todos os casos, cabe a posibilidade dunha quinta. Unicamente o documento coa sinatura LD 29/15 parece apuntar a existencia do tetragrama porque as catro liñas que se observan están rodeadas por unha cenefa na parte inferior e o que parece a base da letra para ser cantada na parte superior. Non obstante, o reducido tamaño da mostra podería provocar que estas hipotéticas letras fosen, en realidade, fragmentos de notación musical.

A posibilidade do pentagrama non debe ser desbotada porque encaixarían mellor as dimensións dunha pauta que, de ser tetragrama, resultaría demasiado pequena como para formar

parte dunha folla de cantoral. Alén diso, en moitos fragmentos, encontramos exemplos nos que só se observa unha única liña, acompañada da letra para ser cantada, que se podería corresponder coa quinta que falta nos que só inclúen catro. A hipotética existencia do pentagrama tamén pode ser postulada se temos en conta que a notación cadrada presente en documentos como o que editamos neste artigo parece de tipo mensural e non sería a prototípica dunha pauta de catro liñas. Así, a existencia da quinta permitiríanos encaixar a partitura dentro do amplo arco temporal que describe este tipo de notación, desde as últimas décadas do S. XIII até tres séculos despois ou, con menor probabilidade, incluso algún máis.

Noutros fragmentos como o que encontramos no documento LD 27 /18, tamén podería haber a posibilidade de que a notación representase pneumas gregorianos inseridos nun tetragrama. Con todo, mesmo nun caso coma este, sería perfectamente posíbel a existencia dun pentagrama mutilado con notación asimilábel ás características da mensural.

A este respecto, constituiría un dato importante para dilucidar a tipoloxía da notación de moitos fragmentos, a presenza de plicas porque, dependendo da súa existencia, lonxitude e colocación, poderíamos aclarar se se trata de notación cadrada gregoriana ou non. Mais, o papel co que están forrados todos os reforzos, impide que poidamos apreciar a través deles liñas tan finas e, nos poucos casos en que está despegado, non encontramos ningún exemplo que as posúe. Por cuestións coma esta, resulta imposíbel cos medios dos que dispomos ofrecer unha solución concreta de identificación da partitura.

Finalmente, tamén nos gustaría apuntar que dentro da mesma colección documental existe baixo a sinatura LD 30/9 un anaco dun antifonario con anotacións de música sacra ao que lle falta a parte superior e que foi reutilizado como portada dun conxunto documental que leva o título de *Compulsas de privilegios y donaciones reales* (ver Anexo). Ten unhas dimensións de 42 cm de alto e 33 cm de ancho e presenta certas similitudes formais con respecto á suposta cantoral fragmentada.



O feito de posuír mutilada a parte superior, levounos a pensar na posibilidade de que o anaco que falta puidese estar vinculado cos que encontramos nos outros documentos. Desbotamos esta hipótese porque o antifonario non inclúe ningunha cenefa como a que observamos nos fragmentos. Con todo, cabe a posibilidade de que o anaco mutilado tamén puidese ser destinado a unha finalidade semellante á dos reforzos dos documentos que analizamos, especialmente se temos en conta que o resto da partitura tamén foi reutilizada.

### *1.3. Contextualización histórica do notario*

Bouza Álvarez (1960) sitúa a actividade notarial de Alvar Perez Pucariño entre 1376 e 1385. Actualmente podemos ampliar este período cronolóxico grazas á edición e publicación de novos textos, así como ao coñecemento directo doutros que se conservan no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela e fican inéditos. A primeira referencia atopámola a través dunha acta (López Ferreiro (1975 [1895]), pp. 418) asinada polos notarios Alfonso Mouro Pero e Alfonso d'Angroes en 1369. Neste texto, Alvar Perez Pucariño aparece citado como testemuña e figura acompañado do apelativo "justiça da dita cidade".

O primeiro documento que asina explicitamente como notario e do que temos constancia ten data de 1373. Cómpre destacar que non encontramos ningún exemplo anterior no que fose citado como amanuense senón que, a excepción da acta de 1369, nos outros vinte e un documentos que analizamos sempre aparece como notario da cidade de Santiago: en dezanove ocasións asina como tal e en dúas figura como testemuña acompañado desa caracterización. Polo tanto, se cotexamos o documento de 1373 e os dous últimos, pertencentes a 1401, poderemos establecer un arco cronolóxico de vinte e oito anos dedicado ao oficio notarial<sup>2</sup>.

---

<sup>2</sup> Xosé M. Sánchez, arquivista da catedral, informounos uns días antes da publicación deste artigo da existencia dun conxunto de documentos inéditos vinculados ao notario Alvar Pérez Pucariño. As súas sinaturas son: S 20/14, S 20/16, S 20/19, S 20/21, S 20/24, S 20/25-1º, S 20/25-2º, S 20/29, S 21/11, S 21/12.

Non obstante, é importante ter en conta que, segundo apunta Bouza Álvarez (1960), Alvar Perez Pucariño non asinou todos os textos incluíndo o seu segundo apelido. Esta investigadora xustifica a súa afirmación dicindo que os casos en que isto acontece, o notario sería recoñecíbel a través do sinal e inclúe un debuxo do mesmo. A súa representación difire lixeiramente da que recolle Lucas Álvarez / Justo Martín (1991) e tamén da que presenta o documento que incluímos neste artigo, pois, se ben o debuxo é esencialmente o mesmo, a diferenza radica na incorporación do nome *Aluarus*. Para que sirva de exemplificación, incluímos o sinal presente no documento que estamos a analizar:



Na nosa procura documental non encontramos ningún exemplo asinado polo notario e caracterizado pola ausencia do segundo apelido. Non obstante, esta posibilidade debe ser tomada en consideración porque faría con que o número de documentos editados deste notario puidese ser maior do que se sinala neste artigo. De feito, Cabana Outeiro (2003: nº 238, pp. 376-388 e nº331, pp. 467-468) incorpora na súa tese de doutoramento dous textos do ano 1398 e 1401 nos que se cita como testemuña a un Álvaro Peres, notario de Santiago, que ela identifica con Pucariño.

A seguir, incluímos a relación de todos os documentos asinados por Alvar Perez Pucariño dos que temos constancia. Debemos destacar que procedemos á unificación lingüística e de estilo na redacción dos rexestos aínda que sempre se tomaron

como base aqueles que realizaron as diferentes editoras e editores:

- 1 -

1373, xaneiro, 8.

*Ref.:* Cal Pardo (1999), nº 115, 192

*Rex.:* Copia do testamento de García González das Ribeiras de Sante no que ordena que se celebren dous aniversarios anuais na catedral mindoniense, un no altar de Santiago e outro no altar de San Martiño.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Mondoñedo, perg de 470 x 545 mm. Letra semigótica.

*Not.:* Alvar Peres Pucarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 2 -

1373, marzo, 28.

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 49, 449-451

*Rex.:* Venta realizada por Clara Carneiro, muller do escudeiro Fernán Dalmallo, dunha casa na rúa do Vilar á súa cuñada Sancha Fernández do Camiño, relixiosa de Belvís. Inclúe a procuración asinada por Fernán Dalmallo o 20 de xaneiro de 1373 e a toma de posesión da casa o 2 de abril de 1373.

*Arq.:* Non se indica. Pode pertencer ao Arquivo do Convento de Santa María de Belvís ou ao Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

*Not.:* Alvar Peres Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago.

- 3 -

1376, xaneiro, 27

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 67, 482

*Rex.:* Traslado da carta do arcebispo de Santiago, don Rodrigo, con data de 2 de agosto de 1373, na que se confirman os privilexios concedidos polo seu antecesor, don Pedro, ao convento de Belvís e ordena que non se cobren dezmos nin primicias ao dito convento.

*Arq.:* Arquivo do Convento de Santa María de Belvís, leg. 1, nº 2

*Not.:* Alvar Peres Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 4 -

1376, setembro, 14.

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 68, 483-484

*Rex.:* Copia do privilexio concedido polo arcebispo don Pedro no que se ordena que se conserven os privilexios concedidos polo Papa Bonifacio VIII en 1297 ás ordes relixiosas. Inclúe a tradución da bula a lingua galego-portuguesa.

*Arq.:* Arquivo do Convento de Santa María de Belvís, leg. 1, nº 6

*Not.:* Alvar Perez Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 5 -

1378, xuño, 25

*Ref.:* Lucas Álvarez / Justo Martín (1991), nº 245, 252-253

*Rex.:* Arias Martinz, notario de vida de Muros, e a súa muller Elvira Mourela alugan a Xan Pérez Milleiro, alfaiate, morador na rúa das Faxeiras de Santiago, unhas casas na mesma rúa, nas que mora Domingo Odreiro de Faxeiras.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, F. univ., "Serie Hª.", Pergameos, nº 223. Orix, 198 x 306 mm, galego, gótica documental textual; boa conservación. Sin. ant: "Índice de la Hacienda 1", Santiago, Faxeiras, Mazo 1, único.

*Not.:* Alvar Perez Puquerino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la igleia de Santiago.

- 6 -

1385, novembro, 24.

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 69, 484-485

*Rex.:* Traslado dunha carta do arcebispo de Santiago, don Pedro Fernández, datada do 22 de novembro de 1385, na que

ordena aos oficiais do arcebispado gardar os privilexios concedidos polos reis ao convento de Belvís.

*Arq.:* Arquivo do Convento de Santa María de Belvís, leg. 1, nº7

*Not.:* Alvar Perez Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 7 -

1386, agosto, 3

*Ref.:* López Ferreiro (1901), cap. 73, 310-317

*Rex.:* Acta dunha reunión na que se discute o incumprimento do testamento de Mariña Fernandes de Todella, muller que legara algunhas casas e outras herdades para realizar unha capela e fundar o Hospital de Santa Cristina en Santiago de Compostela. Inclúe o traslado do testamento redactado en 1333 por Alvar Eans, notario de Santiago.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago

*Not.:* Alvaro Peres Pugarino, notario publico da cidade de Santiago jurado / Alvar Perez Puquarino notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 8 -

1387, setembro, 22

*Ref.:* López Ferreiro (1901), cap 95, 416-418

*Rex.:* Testamento do Cardeal de Santiago, D. Bernardo Domínguez.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago, Tombo C, fol. 348

*Not.:* Alvar Perez Pucarino

- 9 -

1388, marzo, 28

*Ref.:* Sánchez Sánchez (2000), nº 33

*Rex.:* Venta de María Sánchez, muller de Fernán Eanes, veciño de Santiago, a Juan Alfonso Abrales, cóengo, de dous casares no lugar de Castiñeira.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago. Orixinal. Pergamiño. 250x355 mm. Galego. Sin.: S 13/30.

- 10 -

1389, agosto, 12

*Ref.:* Sánchez Sánchez (2000), nº 34

*Rex.:* Testamento de D. Gonzalo Pérez Corbacho, onde ordena enterrarse no claustro da Catedral e realiza mandas a múltiples institucións monásticas compostelás.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago. Orixinal. Pergamiño. 360x270 mm. Galego. Sin.: S 13/31

- 11 -

1390, maio, 09

*Ref.:* Vázquez Martínez (1944) apud Lucas Álvarez / Justo Martín (1991), nº 253, 262-263

*Rex.:* Afonso Eanes, morador en Pereira, fregresía de Salvador de Bembibre vende a Aras Fernández e á súa muller Maior Martínez as herdades que lles pertencen dos Vinaos, vila de Bembibre.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, F. univ. "Serie H<sup>a</sup>.", Pergameos nº 230. Orix., 300x 125 mm., galego, precortesá; grandes manchas de humidade. Sin. ant.: "índice de la Hacienda 1", Benbibre, Mazo 6., sen nº.

*Not.:* Aluar Perez Puquerino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la igreia de Santiago

- 12 -

1395, abril, 29

*Ref.:* López Ferreiro (1901), cap 34, 155-161

*Rex.:* Testamento de D<sup>a</sup> Teresa Sánchez de Gres, muller de Alfonso Gómez Turrichao.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago

*Not.:* Aluar Perez Puquarino. Notario publico da cidade de Santiago jurado pola igreia de Santiago.

- 13 -

1395, xuño, 23.

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 56, 462

*Rex.:* Arrendamento de Fernán Doora a Martín Vidal, procurador do mosteiro de Belvís, as dúas veces que o dito mosteiro ten no oficio das conchas.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 249, nº 13

*Not.:* Alvar Peres Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago

- 14 -

1398, febreiro, 21

*Ref.:* Cabana Outeiro (2003), nº 230b, 370-372

*Rex.:* Traslado do testamento de Elvira Sanches, datado no ano de 1397, no que nomea como herdeiro ao cóengo Rruj Sanches, seu sobriño.

*Arq.:* Folio 38r. Arquivo da Catedral de Santiago: Caixa 13, atado 6

*Not.:* Álvaro Peres Puquarino, notario público da cidade de Santiago jurado porla iglleia de Santiago

- 15 -

1398, xullo, 21

*Ref.:* Lucas Álvarez / Justo Martín (1991), nº 256, 266-276

*Rex.:* Testamento de Gómez Arias Xarpa, crego racioneiro de Santiago.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, F. univ. "Serie H<sup>a</sup>.", Pergameos nº 233. Orix., 370x 192 mm., galego, precortesá; semicaligrafiada; boa conservación. Sin. ant.: "índice de la Hacienda 1", Santiago, S, Mazo 6., num. 1.

*Not.:* Aluar Perez Puquerino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la igleia de Santiago

- 16 -

1398, outubro, 17

*Ref.:* López Ferreiro (1975 [1895]), 566

*Rex.:* Arrendamento realizado por Afonso Martiz e a súa muller Sancha Afonso dun casal na freguesía de San Miguel de Sarandon a Sancha Fernandes, freira de Santa Cristina.

*Arq.:* Arquivo do Convento de Santa Clara de Santiago, leg. 7, nº 32.

*Not.:* Alvar Perez Puquarino, notario publico da cidade de Santiago

- 17 -

1398, decembro, 27.

*Ref.:* Rodríguez Núñez (1989), nº 57, 462-463

*Rex.:* Arrendamento realizado pola priora e o convento de Belvís a Aras Pardo, escudeiro, e a súa muller, Sancha Alfonso, da cuarta parte do coto de Santa María de Souto.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 250, nº4

*Not.:* Alvar Peres Puquarino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago.

- 18 -

1401, abril, 5. S.l.

*Ref.:* Inédito

*Rex.:* Citado por Lucas Álvarez (1999) vol. I, pp. 422-423, doc. 784. Foro do mosteiro de San Paio de Antealtares a Fr. Martiño, prior do dito mosteiro, do couto de Boiro, en terra de Dubra, e dos casais e herdades de Nogueira, Touriz, Sabucedo, Figueiras e Pazos, no couto de Xallas. Tamén lle aforan unha casa na entrada do mosteiro e outra na rúa do Preguntoiro.

*Arq.:* Arquivo da Catedral de Santiago, LD 27/18. Orixinal. Pergameo. 238x232 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

*Not.:* Alvar Peres Puquarino, notario público da cidade de Santiago jurado por la Igleia de Santiago

- 19 -

1401, xuño, 20

*Ref.:* Vázquez Martínez (1944) apud Lucas Álvarez / Justo Martín (1991), nº 261, 272-274



*Rex.:* Gómez Eanes de Anxeriz, fillo de Arias de Rus, vende a Gonzalo Rodríguez, da Moeda, veciño de Santiago, e á súa muller Inés Fernández o casal e herdade do Pousadoiro, fregresía de Santa Mariña de Anxeriz.

*Arq.:* Arquivo Histórico Universitario de Santiago, F. univ. "Serie H<sup>a</sup>.", Pergameos nº 236. Orix., 283 x 180 mm., galego, precortesá; semicaligrafiada; boa conservación. Sin. ant.: "índice de la Hacienda 1", Anxeriz, A, Mazo 1., nº único.

*Not.:* Aluar Perez Puquerino, notario publico da cidade de Santiago jurado por la igeia de Santiago

#### 1.4. Criterios de edición

Para a realización da presente edición seguimos, en xeral, os criterios de edición propostos por Ramón Lorenzo e matizados por última vez en 2004. Non obstante, tamén incorporamos algunhas modificacións que foron propostas por Boullón e Monteagudo (2009) para, tal e como eles mesmos afirman, conxugar mellor a fidelidade ás características lingüísticas do texto orixinal e facilitarlle ás lectoras e lectores a comprensión:

- Segmentación gráfica das palabras

En liñas xerais, modernízase a unión e separación de palabras. Non obstante, sinalaremos algunhas excepcións como son: o encontro do artigo determinado *o(s)/a(s)* despois das preposicións *con* e *en* que se representa tal e como aparece no orixinal (*ẽno*). A fidelidade ao documento tamén se segue coa contracción de *por* coa segunda forma do artigo (*porlo*). Indícanse cun apóstrofe as contraccións que non se fan por escrito na lingua galega moderna e que parecen no documento (*d'oi'este*).

- Uso de maiúsculas e minúsculas

Modernízase a distribución. O único caso especial é o R maiúsculo que desenvolveremos como *rr* en tódolos casos (*Rruy*).

##### 1.3.1. Acentuación e puntuación

A acentuación só se emprega con función diacrítica mediante acentos agudos (*nós, uós*). Non obstante, rexeitamos



usar a acentuación na terceira persoa do presente de indicativo do verbo *ser* que aparece no texto como *he* porque o uso de *h* no orixinal xa ten valor distintivo. Así mesmo, procedemos á actualización da puntuación, mais procurando respectar a sintaxe medieval.

### 1.3.2. Abreviaturas


Na súa totalidade foron desenvolvidas e marcadas no texto en cursiva. Con todo, gustaríanos facer algunhas apreciacións:

- Hai abreviaturas herdadas da tradición gráfica latina que non responden á realidade fonética medieval. Nestes casos decidimos respectar a grafía empregada de maneira que apareza explícita, a diferenza de Lorenzo (2004) que propón desenvolvelas segundo as formas romances. Tal é o que acontece en *dicto*. Non obstante, esta regra xeral non será aplicada á forma *Miguees* que aparece coa abreviatura "*miglls*", por considerarmos que o desenvolvemento da mesma implicaría unha mudanza no ítem léxico que non reflectiría a forma real do patronímico.
- O signo tironiano desenvólvese como *e* por tratarse dun texto romance e non latino, mais sempre se fará en cursiva. En ningún caso aparece por extenso a realización desta abreviatura como *e*, aínda que nalgũa ocasión a podemos atopar como *et*. Con todo, mantivemos a escolla de *e* porque a solución *et* só aparece en secuencias formalizadas, feito que nos fai pensar en que non se trata dun uso real.
- En cando á preposición PRO>*por* ou PRE>*per*, que alternan no período medieval, decidimos optar pola opción *por* porque é a realización que parece por extenso no documento. Porén, é certo que na maioría das ocasións se sinala mediante unha abreviatura que representa un *p* cun sinal horizontal cruzándolle o hastil. Esta abreviatura tamén pode aparecer no texto como equivalente de


per- en: *persona* (1.12), *Pero* (1.9); ou de par- en: *partes* (1.18).



- En xeral, o signo 9 en superíndice e a final de palabra equivale a *-er* como en *faser* (1.13) ou *-eir* como en *Ferreiro* (1.9).



Non obstante, existe un caso particular en que este signo mantén a equivalencia en *-er* mais incorpora a realización dun *-i-* expreso no texto e intercalado dentro do desenvolvemento da abreviatura. Tal é o caso de *moesteiro* (1.2).



- O Signo  $\infty$  superíndice equivale sempre a *-or-* (*outorgo*).
- O signo 9 equivale a *con-* (*convento*).
- O signo que representa un p cun sinal horizontal na parte superior equivale a *pre-* (*presente*).
- A abreviatura das letras gregas correspondente ao nome de Cristo desenvólense sen *h*.
- Sinal xeral de abreviación. No caso de producirse a perda de *-n-*, este sinal pasa a indicar que a vogal anterior está nasalizada e por iso colocamos o til sobre a primeira vogal, independentemente da súa situación exacta no orixinal (*ssôo*). En ocasións equivale a *-n-*, polo que desenvolveremos esta consoante en cursiva (*Fernan*, *non*), incluso nos casos en que figure ante p ou b, non substituíndoa por *m*, xa que a solución con *-n-* aparece por extenso nalgún outro caso (*nouenbre*). Pola contra, se o sinal de abreviación está colocado sobre un n, trans-

cribirémolo como ñ (*señor*). Ás veces, o trazo non ten valor fonético senón que se trata dun sinal de carácter superfluo. Nestes casos elimínase e sinálase no aparato de notas (*mill*).

### 1.3.3. Outros aspectos

Indicamos os números de liña, colocándoos en superíndice despois do salto de liña vertical: <|<sup>2</sup>> agás cando o cambio está no medio dunha palabra. Nese caso colocamos o salto de liña pero sen o respectivo número.

No que se refire á transcripción das grafías, decidimos manter a distribución das formas *v,u*, tal e como aparecen no texto, independentemente de que teñan valor vocálico ou consonántico. Actuamos da mesma maneira con *i,j,y; s,ss,z,ç* e con *ll,l*.

Encontramos un exemplo de plicas sobre vogais en hiato na palabra (*avendoo*) e tamén a presenza dun punto sobre o *y* na palabra (*fuy*) que non marcamos na edición.

No caso de aparecer unha secuencia que estivese de máis no orixinal, decidimos transcribila entre parénteses.

## 2. Edición do documento

1400, novembro, 13

*O mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, aforan a Martiño Serpe, fillo de Vasco Serpe e Mencía Vázquez, dous casais da herdade de Bembibre, na freguesía de San Salvador de Bembibre, que pertencían á mesa do abade, por unha renda de 20 maravedís anuais e polo tempo das súas vidas.*

Arquivo da Catedral de Santiago, LD 27/16. Orixinal. Pergameo. 261x273 mm. 1<sup>o</sup>. Galego. Bo estado.

Rex.- Citado por LUCAS ÁLVAREZ (1999), pp. 422-423, doc. 784<sup>3</sup>.

Ëno anno da nasçençã de noso señor Ihesu Cristo de mill e quatrocentos anos, trese dias do mes de nouenbre.

---

<sup>3</sup> Detectamos un erro na datación do documento xa que non se trata do día tres de novembro senón do trece.

Sabeam todos |<sup>2</sup> *que nós, Fernan Garcia, abade do moesteiro de Sam Martino de Fóra da çidade de Santiago, e frey Fernando, prior do caustral do* |<sup>3</sup> *dicto moesteiro, e Rruy Vaasques, e Garcia Gomes, e frey Afonso, abade de Poyo, frey Johan Gallos, frey Rrodrigo, Rruy Gonçalues, Gonçaluo* |<sup>4</sup> *Peres, frey Fernando de Bregonde e o conuento do dicto moesteiro, seendo juntados em noso cabidõo ãno dicto moesteiro por tangelmento de canpãa, segundo que auemos de husso e custume, por nós e por nossos subçesores, aforamos e damos em* |<sup>6</sup> *aforamento e por rraon de foro a uós, Martin Serpe, fillo de Vaasco Martis Serpe e de Meçia Vaasques, sua moller,* |<sup>7</sup> *que foron, que presente sodes, os nossos dous casares de herdade de Benbriue que sson ãna frijglisia de Sam Salualdor de Benbriue con todos seus herdamentos, casas, casares e chantados hu quer que vaan, a montes e a fontes, ãnos quaes* |<sup>9</sup> *casares moran Pero de Curral e Pero Ferreiro, os quaes parescen aa messa de nós, o dicto abade; os quaes vos aforamos d'oi'este* |<sup>10</sup> *dja en deante por todo tenpo da vida de vós, o dicto Martin Serpe, por vijnte morauedis, de des dineiros o morauedi de moeda vella,* |<sup>11</sup> *cada ano, que deuedes pagar por dia de Sam Martino de nouembre a nós, o dicto abade, ou a nosos subçesores, por vós e por* |<sup>12</sup> *vossos bões. Et este aforamento que o non vendades, nen sopenoredes, nen ponades, nen trasmudedes em outra persona* |<sup>13</sup> *algũa sem nosso consentimento ou de nosos subçesores; et avendoo de faser, que o façades (a) a taes personas que* |<sup>14</sup> *seian paçibeles e conplan as condições sobredictas. Et nós, no dicto tenpo, non vos deuemos tyrar nen toller* |<sup>15</sup> *o dicto foro, por mays nen por menos nen por al tanto que outro por ello der en fasermoslo, de pas, porlos bões* |<sup>16</sup> *do dicto moesteiro, que pera ello obligamos. E eu, o dicto Martin Serpe que presente ssõo, como dicto he, assi o outorgo e* |<sup>17</sup> *reçebo; e, pera pagar o dicto foro e conprir as condições sobredictas segundo dicto he, obligo a ello meus bões et* |<sup>18</sup> *qual de nós partes quanto esto vier e o non cumprir e aguardar peyte por pena aa outra parte que o agardar e conprir quinentos* |<sup>19</sup> *morauidis e a pena, pagada ou non pagada, todauja este estrumento fique firme e valla em sua rreuer.*

Testes: *Gonçaluo Miguees*, |<sup>20</sup> *cosyneiro* do dicto mosteiro, *Gonçaluo Rrodrigues*, clerigo de Santo Esteuão de Rrial, e Iohan *Gonçalues* o Caluo, criado do dicto abade, e |<sup>21</sup> *Afonso Gonçalues*, criado do notario. |<sup>22</sup>

Eu, Aluar Perez Puquarino, notario público da çidade de Santiago, jurado |<sup>23</sup> porla igleia de Santiago, presente fuy e confirmo e fiz scriuyr e meu nome |<sup>24</sup> e signal poño en testemoyo de verdade.

#### Aparato crítico

l.1 mill: cun trazo por riba; anos: cun trazo por riba; l.11 ano: cun trazo por riba; l.16 como: cun trazo por riba; l.18 qual: cun trazo por riba, pena: cun trazo por riba; l.19 pena: cun trazo por riba, Miguees: aparece coa abreviatura "miglls" e cun trazo na parte superior.

### 3. Usos particulares dalgunhas formas presentes no documento

Con este apartado intentaremos realizar unha pequena achega ao estudo do léxico medieval mediante a análise de palabras que presentan usos particulares e que non están recollidos nas fontes documentais que posuímos actualmente.

**Pucariño:** *s.m.* Este apelido ten orixe nun alcume procedente do diminutivo de *púcaro*, unha palabra que Cunha (1994) define como "pequeno vaso con asa, ordinariamente destinado a extrair líquidos de outros recipientes maiores". Corominas considera plausíbel a derivación etimolóxica irregular a partir do lat *PŌCŪLUM* "copa" a través dunha forma mozárabe. Así mesmo, sitúaa por primeira vez, a partir dos estudos de Carolina Michäelis, en textos datados entre 1375-1399. Non obstante, se consideramos o apelido *Pucariño* como unha proba da existencia do lexema *púcaro*, poderemos determinar unha data anterior na súa aparición escrita, concretamente a de 1369 que é o ano ao que pertence o primeiro documento mencionado neste artigo. Con todo, o DDGM anticipa

outros cinco anos a aparición do lexema *púcarola* ao incorporar unha entrada *púcaros* que remite a un documento do ano 1364 citado por Lorenzo (1968). Alén diso, este investigador tamén fai referencia ás solucións *púcara* e *pucarinha* presentes no *Livro de Falcoaria* de Pero Menino, escrito entre 1345 e 1385. A antigüidade do lexema *púcarola* en Portugal tamén pode apoiarse a través de Machado (2003) que sinala *Pucarinho/Pocarinho* como un topónimo en Alenger, Vilafranca de Xira e Marco de Canaveses; *Pucarinhas* en Torres Novas e *Púcaro* en Ribatejo. Pola contra, a súa presenza parece moi escasa ao norte do río Miño: alén do apelido *Pucariño*, o TMILGA unicamente nos informa da existencia da solución *Pucarinha* para dar nome a unha horta nun documento de 1380. Non obstante e a pesar da parquedade de exemplos, a antigüidade dos textos en que aparecen estas solucións serve para dar constancia da existencia temperá do lexema *púcaro*, tamén na Galiza. Alén diso, esta consideración vese apoiada na toponimia, a través da actual denominación do lugar da *Pucariña*, na parroquia de Monteseiro (San Bartolo), concello da Fonsagrada (Lugo).

**caustral:** *adx.* Relativo ao conxunto dos monxes (“prior do caustral do dicto moesteiro”). Esta palabra está moi pouco documentada nas fontes que posuímos. Non aparece recollida no DDGM, mentres que no TMILGA unicamente encontramos tres exemplos con pequenas variantes nos que se cualifica a un individuo como “prior caustral/ claustral”, mais en ningún caso co significado alusivo ao conxunto dos monxes. A seguir, incluímos os exemplos: “Johan Perez, abad et o priol claustral et o convento do monasterio” (1333), “Juan Esteves, prior caustral do dito mosteiro” (1433) e “Gonçalvo de San Fiinz, prior claustral, et convento do dito moesteiro” (1489).

**[parecer]:** *v.* Presentarse ante unha autoridade; comparecer (“os quaes parescen aa messa de nós”). Non se recolle con esta acepción no DDGM senón que, mediante unha remisión a “parecer”, incorpóranse os significados de “ser

semellante a; ter determinada aparencia; aparecer". Pola contra, no TMILGA encontramos exemplos conxugados en diferentes tempos verbais. A comparativa dos documentos permitiunos datar esta forma -incluíndo todos os posibles significados- exclusivamente entre os séculos XIV e XV. Un dos exemplos máis antigos que encontramos coa acepción de "comparecer" pertence ao ano de 1352 ("*procuradores do dito abbat et convento paresceron ante min*").

**[paçibell]:** *adx.* Tranquilo, pacífico ("*personas que seian paçibeles*"). Esta palabra non aparece recollida nin no DDGM nin no TMILGA.

#### 4. Índices

##### 4.1. Índice antroponímico

Afonso (frey), abade de Poyo (l.3)

Afonso *Gonçalues*, criado do notario (l.21)

Aluar *Perez Puquarino*, notario público da cidade de Santiago (l.22)

Fernan *Garçia*, abade do moesteiro de Sam *Martino* de Fóra da cidade de Santiago (l.2)

Fernando (frey), prior do caustral do dicto moesteiro [San *Martiño Pinario*] (l.2)

Fernando de *Bregonde* (frey) (l.4)

*Garçia Gomes* (l.3)

*Gonçaluo Miguees*, cosyneiro do dicto mosteiro (l.19)

*Gonçaluo Peres* (l.3,4)

*Gonçaluo Rrodrigues*, clerigo de Santo *Esteuão* de *Rrial* (l.20)

*Iohan Gonçalues* o *Caluo*, criado do dicto abade [*Fernan Garçia*] (l.20)

*Johan Gallos* (frey) (l.3)

*Martin Serpe*, fillo de *Vaasco Martis Serpe e* de *Meçia Vaasques* (l.6)

*Martin Serpe* (l.10), (l.16)

*Martino* (Sam) (l.11)



Meçia Vaasques [nai de Martin Serpe e muller de Vaasco *Martis Serpe*] (1.6)

Pero de Curral [residente nos casares de Bembibre aos que corresponde o foro]: 1.9.

Pero de Ferreiro [residente nos casares de Bembibre aos que corresponde o foro]: 1.9.

Rodrigo (frey) (1.3)

Rruy Gonçalues (1.3)

Rruy Vaasques (1.3)

Vaasco *Martis Serpe* [pai de Martin Serpe e marido de Meçia Vaasques] (1.6)


#### 4.2. Índice toponímico

Para a súa realización partimos da forma medieval e realizamos a identificación co correspondente topónimo actual tomando como referencia a información que se recolle no Nomenclátor de Galicia.

Benbriue	(1.7) Bembibre, lugar da parroquia de San Salvador de Bembibre, concello do Val do Dubra (A Coruña).
Bregonde	(1.4) Bergondo, lugar da parroquia de Santa María de Argalo, concello de Noia (A Coruña).
Poyo	(1.3) San Salvador de Poio, parroquia do concello de Poio (Pontevedra).
Sam Saluador de Benbriue	(frijglisia de) (1.7,8) San Salvador de Bembibre, parroquia do concello do Val do Dubra (A Coruña).
Santiago	(cidade de) (1.2, 1.22, 1.23). Cidade do concello de Santiago de Compostela que leva o seu mesmo nome (A Coruña)
Santo Esteuão de Rrial	(1.8) Posibelmente se corresponda co lugar do Rial situado na parroquia de Santo Estevo de Patiñobre, no concello de Arzúa (A Coruña).



Antifonario, ACS, LD 30/9. Orixinal. Pergameo. 42 x 33 cm. 1r<sup>o</sup>-  
v<sup>o</sup>. Latín.



## Referencias bibliográficas

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Dous novos documentos en galego de Pedro Pérez de Xanrozo, notario de Pruzos, de 1260", en M<sup>a</sup> del Val González de la Peña (coord.): *Estudios en memoria del Profesor Dr. Carlos Sáez. Homenaje*. Madrid: Universidad de Alcalá, 301-315.
- Boullón, A / H. Monteagudo (2009): *De verbo a verbo: documentos en galego anteriores a 1260*, Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bouza Álvarez, Emilia (1960): "Orígenes de la notaría. Notarios en Santiago de 1100 a 1400", *Compostellanum* V, 4, 233-412.
- Cabana Outeiro, Alexandra (2003): *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago*. Edición e estudo crítico. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1987/ 1989/ 1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991]
- Cunha, A.Geraldo da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2<sup>a</sup> ed. Rio de Janeiro: Nova Fronteira; 1<sup>a</sup> ed.: 1982.
- López Ferreiro, Antonio (1975 [1895]): *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid: Ediciones Castilla.
- López Ferreiro, Antonio (1901): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronología do vocabulário Galego-português. Anotações ao Dicionário etimológico de José Pedro Machado*. Vigo: Galaxia
- Lorenzo, R. (1988): "Normas para a edición de textos medievais galegos", en Kremer (ed.): *Actes do XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Université

- de Trèves (Trier), 1986, vol. VI, Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- Lorenzo, R. (2004): "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas", en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- Lucas Álvarez, Manuel / M<sup>a</sup> Xosé Justo Marín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Lucas Álvarez, Manuel (1999): *El archivo del monasterio de san Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. 2 vols. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos. Rec.: R. Pacheco Sampedro, *Signo* 7 (2000), 227-229; M. Vázquez Bertomeu, *CEG* 48 (2001), 281-283.
- Machado, José Pedro (2003): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte, 3 vols.
- Rodríguez Núñez, Clara (1989): "Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media (1305-1400)", *Estudios Mindonienses*, 5, 335-485
- Sánchez Sánchez, Xosé M. (2000): *Estudio histórico y transcripción de los documentos particulares (Carpeta nº 13) del Archivo Capitular de la Catedral de Santiago de Compostela, 1169-1430*, Tese de licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Sánchez Sánchez, Xosé M. (2008): *A colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Vázquez Martínez, A. (1944): "Fuentes para la Historia de Galicia. Documentos del Arquivo de la Universidad de Santiago", en *Boletín Real Academia Gallega* XXIV, 227-280.
- Vázquez Pardal, Ana Belén (2000): "Edición dun texto medieval: o testamento de Fernán Beserra (1423)", *Cadernos de Lingua* 21, 123-143.

#### RECURSOS EN LIÑA:

DDGM = Gonzalez Seoane, Ernesto (dir.) (2006-2010): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html]. [última consulta 14-11-2011]

*Nomenclátor de Galicia*: [www.xunta.es/toponimia](http://www.xunta.es/toponimia) [última consulta 12-11-2011]

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [http://ilg.usc.es/tmilg]. [última consulta 17-11-2011]

## A ONOMÁSTICA DAS ADEGAS, VIÑOS E LICORES DA D.O. MONTERREI E DA SÚA COMARCA (OURENSE)<sup>1</sup>

RAQUEL RODRÍGUEZ PARADA  
Instituto da Lingua Galega (ILG)  
Universidade de Santiago de Compostela

*A todos os adegueiros da D.O. Monterrei*

O COELLO.-- Alcume herdado. O *coello* actual é taberneiro.  
No seu figón cómense unhas postas de carne escelentes.  
O viño é de Monterrei, pola parte de Verín. El afirma  
*que cada coello no seu tobo, arránxese de calquer modo.*  
Celso Emilio Ferreiro, *A taberna do Galo*

*Abade que foi monaguillo, ben sabe quen bebe viño*  
Xesús Taboada Chivite, *Refraneiro galego*

### RESUMO

Neste artigo abordamos o estudo formal e semántico do nome que presentan as adegas e viños pertencentes á Denominación de Orixe Monterrei (Ourense) e, para ampliar o *corpus*, engadimos outros viños e licores que malia seren producidos na comarca de Monterrei non se adscriben á dita denominación. Para a elaboración do traballo realizamos unhas enquisas aos responsables das adegas coa finalidade de coñecer a motivación que

---

<sup>1</sup> Agradézolle a todos os adegueiros que entrevistei e aos responsables da D.O. Monterrei a súa amabilidade e dispoñibilidade que foron fundamentais para a realización deste traballo, que inicialmente xurdiu como unha comunicación para o XXIV Congreso Internacional de ICOS sobre Ciencias Onomásticas, realizado en Barcelona do 5 ao 9 de setembro de 2011 e en cuxas actas se recollerá unha versión reducida del. Tamén quero agradecer a Xose López Silva o tempo investido na localización dalgúns dos étimos aquí citados.

hai detrás de cada un dos nomes. Ademais nalgúns casos os caldos non se elaboran na actualidade ou puntualmente deixaron de producirse, pero tivémolos en conta dado que son marcas rexistradas e achégannos información de interese dende o punto de vista onomástico.

## ABSTRACT

This article deals with the formal and semantic study of wine and wine cellars names included in the Designation of Origin "Monterrei" (Ourense). The corpus is furthered to other wines and spirits which, in spite of being produced in the Monterrei region are not comprised in this Designation of Origin. The study was carried out through enquiries to the wine cellars managers from whom we gathered information on the reasons for the names given. Certain wines or spirits are not produced any longer or their production was halted at a specific period of time, nevertheless, we took them into account as they are trademarks and they can provide valuable information from an onomastics approach.

## PALABRAS CHAVE

Onomástica, lexicoloxía, campos semánticos, toponimia, antroponimia.

## KEY WORDS

Onomastics, lexicology, semantic fields, toponymy and anthroponomy.

### *1. Introducción*

#### *1.1. A comarca de Monterrei*

A comarca de Monterrei está situada no sudoeste da provincia de Ourense, entre a fronteira portuguesa polo sur, as terras de San Mamede, Queixa e Segundeira polo nordeste, e a serra de Larouco polo oeste. Está constituída polos municipios de



Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós (Gómez Nieto 1996: 66), regados polo río Búbal e o Támea, no cal desembocan diversos afluentes que nacen nas serras próximas.



Fig. 1: Mapa da comarca de Monterrei<sup>2</sup>

A economía fundamental da zona concéntrase no val e destaca por ter unha produción agraria importante, coñecida sobre todo polos seus viños, nos cales nos centraremos con máis detalle, polas augas minerais (Cabreiroá, Sosas e Fontenova) e tamén, dende hai unhas décadas, por unha produción téxtil destacada e de recoñecido prestixio liderada, fundamentalmente, polo verinés Roberto Verino.

Dende o punto de vista histórico, coñecemos a existencia do val de Monterrei dende o século XIII como unha das posesións estratéxicas que posuía o mosteiro de San Rosendo de Celanova debido á proximidade que a zona tiña con terras zamoranas e coa fronteira portuguesa, como así se pode ler na documentación compilada do cenobio de Celanova (Vaquero 2004). Posteriormente, a finais do XIV, constituíuse como un territorio señorial logo dun longo litixio co mosteiro celanovés; con todo, foi no século XVI cando consolidou o seu poder señorial grazas á orde dos Reis Católicos que concederon títulos de condes e vizcondes a familias coma os Ulloa, os Biedma, os Zúñiga, os Fonseca, os Acevedo e os Alba. Estes nobres chegaron a ser os seño-

<sup>2</sup> En Comarcas de Galicia (<http://www.comarcasdegalicia.com/asp/popupimg.asp?img=mapasComarcas/50.gif>) [data de consulta: 05/11/2011].

res deste territorio dominado pola fortaleza que porta o seu nome e que se alza sobre o dito val no Castro de Baronceli, na cal naceu a primeira imprenta de Galicia no ano 1494, dando así noticia do interese cultural que naqueles tempos estaba latente na zona (Olivera Serrano 2006: 148).

Se nos queremos centrar na relevancia dos viños nesta comarca, debemos recordar que foron os romanos os que introduciron o cultivo da vide, como así queda constancia nos restos escultóricos, *tegulae*, vasillas, marcos, ladrillos, prensas e lagares de pedra atopados nas escavacións realizadas na zona. Evidencia desta romanización constitúe o grupo escultórico de Dionisos ebrío (deus do viño, a vexetación e os praceres) e Ampelos (que representa a vide) abrazados, datado no século III d.C.<sup>3</sup>, que foi encontrado por un agricultor no Castro da Muradella (antiga cidade romana), entre Mourazos e Tamagos (no Concello de Verín) mentres traballaba a terra<sup>4</sup>. Precisamente, este achado será utilizado por dous dos adegueiros á hora de nomear a súa adega e os seus viños, como veremos na epígrafe seguinte.

---

<sup>3</sup> Máis información no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (<http://www.xunta.es/conselle/cultural/patrimonio/museos/mapour/galegolpezasmes/pm7.htm>) [data de consulta: 05/11/2011].

<sup>4</sup> Estas figuras talladas en mármore e abrazadas presentan a un Dionisos sen brazo dereito e sen cabeza que a consecuencia da súa ebriedade apoia o seu peso sobre Ampulo. A escultura, segundo testemuñas orais, foi levada polo agricultor que a encontrou á farmacia Nueva, sita na rúa Lisa de Verín, para a súa tutela. Posteriormente foi trasladada ao Museo del Prado e ao Museo do Pobo Galego ata que regresou a Ourense e, hoxe en día, custódiaa o Museo Arqueolóxico Provincial da cidade (Castiñeiras González e Díez Platas 2003: 212).



Fig. 2: Escultura marmórea de Dionisos e Ampelos encontrada no Castelo da Muradella (MAPOu) vista anterior (esquerda) e vista posterior (dereita)<sup>5</sup>

Ademais, como informan os textos documentais da época, sabemos que o viño se utilizou para festexar a construción do Castelo de Monterrei, polo tanto supoñemos que o dito brinde só se podía facer nunha terra na cal os seus caldos estiveran á altura de tan maxestosa obra arquitectónica. Posteriormente, a súa presenza incrementouse na Idade Media da man das ordes relixiosas, pois o viño a miúdo era utilizado como especie para pagar os diversos tributos tanto ao clero coma aos señores feudais, o que supuxo un aumento notable do seu cultivo.

Co paso dos séculos o viño do val de Monterrei foi incrementando o seu prestixio e produción e disque o V Conde de Monterrei dende o seu cargo de gobernante nas novas colonias españolas en América distribuíu estes caldos no territorio americano (Justo Méndez 1994: 135). Con todo, no século XX a escasa rendibilidade das viñas levou a moitas delas ao abandono e houbo que esperar ata o ano 1963 á creación da Bodega-Cooperativa Monterrei (Gómez Nieto 1996: 101) que nacía co obxectivo de explotar a fertilidade destas terras adecuadas para o cultivo

<sup>5</sup> Na Wikipedia ([http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Estatua\\_Dionisos\\_e\\_S%C3%A1tiro\\_-\\_Traseira\\_1.JPG](http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Estatua_Dionisos_e_S%C3%A1tiro_-_Traseira_1.JPG)) [data de consulta: 05/11/2011].

da vide. Tal recuperación levouse a cabo e para apoiala creouse a Denominación de Orixe Monterrei, á cal nos referiremos a continuación.

### 1.2. A Denominación de Orixe Monterrei (D.O. Monterrei)

A Denominación de Orixe Monterrei toma o nome da comarca e o seu logo representa o Castelo de Monterrei, que se erixe sobre o antigo Castro de Baronceli, sito na parroquia de Pazos do Concello de Verín.



Fig. 3: Logo da D.O. Monterrei<sup>6</sup>

É unha das cinco denominacións de orixe existentes en Galicia, que foi constituída no ano 1996<sup>7</sup>. Sitúase no sueste da provincia de Ourense, próxima á fronteira con Portugal e a ela adscribíense os concellos de Monterrei, Oímbra, Verín, Castrelo

<sup>6</sup> No Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei (<http://www.domonterrei.com/?Inicio>).

<sup>7</sup> O Consello Regulador da D. O. Monterrei regula a dita denominación de orixe cuxo regulamento foi aprobado pola Orde do 15 de novembro de 1994 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e ratificado polo MAPA a través da Orde do 19 de xaneiro de 1996. Previamente, a Orde do 3 de decembro de 1992 da Consellería de Agricultura recoñeceu con carácter provisional a dita D.O. Val de Monterrei, para os viños producidos nesta comarca vitícola (DOG 22/12/92); a Orde do 2 de xuño de 1993 da Consellería de Agricultura modificou a do 3 de decembro de 1992 (DOG 21/06/93); posteriormente, a Orde do 25 de novembro de 1994 da Consellería de Agricultura aprobou o Regulamento da D. O. Monterrei e do seu Consello Regulador (DOG 4/01/95) –coa corrección de erros (DOG 5/01/95 e 6/02/95); a Orde do 22 de novembro de 1995 da Consellería de Agricultura modificou o Regulamento particular da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador (DOG 4/12/95) e, finalmente, a Orde do 19 de xaneiro de 1996 do MAPA ratificou o Regulamento da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador (BOE 03/02/96).

do Val, Riós e Vilardevós que contan con 3.771.903 m<sup>2</sup> de viñedos amparados pola dita denominación. Estes viñedos posúen unhas condicións climáticas que combinan as características propias do clima mediterráneo coas do clima continental, cuxo trazo máis destacado son os contrastes de temperaturas entre o verán e o inverno, nunhas zonas máis acusadas que noutras, dependendo da orografía. Ademais os seus chans destacan pola súa fertilidade á que contribúe o caudal do río Támega, e por contaren cunha base granítica e areosa, de lousa e de arxila.

No obstante, e tendo en conta as características anteriores, a denominación establece dúas zonas diferenciadas, como así se indica na páxina do Consello Regulador da D.O.:

■ A subzona do val de Monterrei, á que pertencen os concellos de Castrelo do Val (dentro del, as parroquias de Castrelo do Val, Pepín e Nocado do Val), Monterrei (con Albarelos, Infesta, Monterrei e Vilaza), Oímbra (con Oímbra, Rabal e San Cibrao) e Verín (con Abedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Verín e Vilamaior do Val, como zonas produtoras)

e

■ A subzona da ladeira de Monterrei, constituída polos concellos de Vilardevós, de Castrelo do Val (coas parroquias de Gondulfes e Servoi), Oímbra (con As Chas, Bousés, Videferre e A Granxa), Monterrei (con Flariz, Medeiros, Estevesiños e Vences), Verín (con Queirugás), Riós (con Castrelo de Abaixo, Castrelo de Cima, Fumaces, Progo e os lugares de Castrelo de Cima, Covelas, O Mourisco, San Paio e A Veiga do Seixo; e da parroquia de Riós, o lugar de Florderrei).

1.2.1. As variedades de uva empregadas na elaboración dos caldos, xa monovarietais xa polivarietais, autorizadas para esta denominación a un mínimo do 60% de caste preferente son o godello, treixadura, dona branca (ou moza fresca), albariño, loureira, branca de Monterrei (ou monstruosa) e caíño branco para o branco Monterrei; e mencia, tempranillo (ou arauxa),

merenzao (ou bastardo), caíño tinto e sousón para o tinto Monterrei.

No estudo incluímos tamén nomes de viños que non pertencen á dita denominación por non estar elaborados coas variedades de uva esixidas polo Consello Regulador, pero tivémolos en conta polo interese onomástico que conteñen.

1.3. Para a elaboración deste estudo realizamos un traballo de campo entrevistando a 25 responsables (donos ou xerentes)<sup>8</sup> de cadansúa adega coa finalidade de coñecer a motivación que os levou a darlle o dito nome á súa empresa e aos caldos ou licores que produce (véxase o Anexo I). Cómpre ter en conta que estes últimos, a pesar de non pertencer á dita denominación, foron estudados aquí xa que o que nos interesa é a achega onomástica que hai detrás deles.

## 2. O nome das adegas, viños (e licores) da D.O. Monterrei e da comarca

Abordamos o estudo dos 69 nomes (sen computar os repetidos) que teñen as adegas, viños e licores dende o punto de vista formal e semántico, e será este último o que nos permitirá coñecer a motivación dos ditos nomes, que ao seren empregados como marca comercial buscan o carácter distintivo fronte a outros. Para isto, ofrecemos unha relación das adegas indicando os caldos e licores, estes últimos só no caso de existiren, que se producen na zona.

### 1

NOME DA ADEGA: Bodegas *Ladairo*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Ladairo* (mencía), *Viña Castelao* (mencía)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Ladairo* (godello), *Viña Castelao* (godello)

---

<sup>8</sup> Das 25 enquisas realizadas obtivemos 24 respostas.

2

NOME DA ADEGA: Bodega *Pazos del Rey*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Tierras de Verín* (mencía), *Sila* (mencía); POLIVARIETAL: *Pazo de Monterrey* (mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Pazo de Monterrey* (godello), *Tierras de Verín* (godello), *Sila* (godello)

3

NOME DA ADEGA: Adegas *Pazo das Tapias*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Alma de Tinto* (mencía), *Atalaya do Mar* (mencía)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Alma de Blanco* (godello), *Atalaya do Mar* (godello)

4

NOME DA ADEGA: Bodegas *Terra do Gargalo*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Terras Rubias* (mencía); POLIVARIETAL: *Terra do Gargalo* (tempranillo + mencía + bastardo), *Terra do Gargalo* (carballo: tempranillo + mencía + bastardo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Terra do Gargalo* (godello + treixadura + dona branca), *Terra do Gargalo* (sobre lías: godello + treixadura), *Terras Rubias* (godello + treixadura)

LICORES: *Terra do Gargalo* (licor café/licor de herbas/augardente)

5

NOME DA ADEGA: Bodegas *Madrevella*, S.L.

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Apeirón* (mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Madrevella* (godello + treixadura)

6

NOME DA ADEGA: Bodega *Castro de Lobarzán*

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Castro de Lobarzán* (mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Castro de Lobarzán* (godello + treixadura)

7

NOME DA ADEGA: Bodega *Valderello*

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Valderello* (barrica: mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Valderello* (godello + treixadura)

8

NOME DA ADEGA: Bodega *Vinos Lara*

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Viña Lara* (mencía), *Viña Lara* (tempranillo)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Viña Lara* (godello selección), *Viña Lara* (treixadura selección)

9

NOME DA ADEGA: Bodega *Quinta da Muradella*

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Bastardo* (bastardo), *Albarello* (albarello<sup>9</sup>), *Caíño Redondo* (caíño redondo), *Gorvia* (mencía), *Monstruosa* (monstruosa), *Sousón* (sousón); POLIVARIETAL: *Alanda* (bastardo + mencía + tempranillo), *A Trabe* (barrica: mencía + sousón + bastardo + garnacha tintoreira), *Finca Notario* (mencía + bastardo + garnacha tintoreira), *A Mallada do Xordo*

(mestura variedades mesma viña), *Castrillón* (mestura variedades mesma viña), *Lugar de Grou* (mencía + bastardo + garnacha tintoreira)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Gorvia* (dona branca); POLIVARIETAL: *Alanda* (godello + treixadura + dona branca), *A Trabe* (treixadura + dona branca), *Vino Finca Notario* (mestura variedades mesma viña)

ROSADO: *Nistal* (rosado de bastardo)

10

NOME DA ADEGA: Manuel C. López "Chaca"

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Laxón* (godello), *Laxón* (barrica: godello)

11

NOME DA ADEGA: Bodega *Sanfiz*

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Lagar de Pazos* (mencía)

12

NOME DA ADEGA: Adega *Crego e Monaguillo, S.L.*

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Mandamientos* (mencía); POLIVARIETAL: *Crego e Monaguillo* (mencía + tempranillo + merenzao)

*Father 1943* (barrica: mencía + tempranillo)

---

<sup>9</sup> Caste máis coñecida como brancellao.



BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Crego e Monaquillo* (godello), *Marova* (barrica: treixadura)

13

NOME DA ADEGA: *Adegas O Cabildo*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Casal do Cabildo* (mencía), *Casal do Cabildo* (barrica: mencía)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Casal do Cabildo* (godello)

14

NOME DA ADEGA: *Bodega Quinta do Buble*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Quinta do Buble* (barrica: mencía), *Terra do Lobo* (mencía)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Quinta do Buble* (godello), *Terra do Lobo* (godello)

15

NOME DA ADEGA: *Coop. Terras do Cigarrón*

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Terras do Cigarrón* (mencía + tempranillo), *Pazo das Donas* (mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Terras do Cigarrón* (godello + treixadura), *Pazo das Donas* (godello + dona branca + treixadura)

16

NOME DA ADEGA: *Triay Adegas de Oímbra*, S.L.

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Triay* (mencía)

BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Triay* (godello)

17

NOME DA ADEGA: *Bodegas Rubén Delgado López "Magmus"*

TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Zayca* (mencía), *Barbadrúa* (barrica mencía); POLIVARIETAL: *Magmus* (mencía + tempranillo + merenzao)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Magmus* (godello + treixadura), *Zayca* (godello + treixadura)

18

NOME DA ADEGA: *Bodegas Tapias Mariñán*

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Quinta das Tapias* (mencía + tempranillo), *Pazo de Mariñán* (mencía + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Quinta das Tapias* (godello + treixadura), *Pazo de Mariñán* (godello + treixadura + albariño)  
LICORES: *Miropote* (licor de herbas/augardente tostada/augardente/crema de augardente)

19

NOME DA ADEGA: Bodega *Boo-Rivero*, S.A.T.  
TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Fragas do Lecer* (mencía), *Vila-Attia* (mencía)  
BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Fragas do Lecer* (godello + treixadura), *Vila-Attia* (godello + treixadura)

20

NOME DA ADEGA: Bodega *Couto Mixto*  
TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Arou* (barrica: mencía); POLIVARIETAL: *Couto Mixto* (mencía + tempranillo + caíño tinto)  
BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Couto Mixto* (dona branca + treixadura + godello)

21

NOME DA ADEGA: Bodega *Vía Arxéntea*  
BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Vía Arxéntea* (godello + treixadura)

22

NOME DA ADEGA: Adegas *Chicheno*, S.L.U.  
TINTO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Abeiro* (albariño), *Galván* (crianza tempranillo); POLIVARIETAL: *Galván* (mencía + tempranillo)  
BRANCO MONTERREI: MONOVARIETAL: *Galván* (crianza treixadura); POLIVARIETAL: *Galván* (godello + treixadura), *Galván. "Finca Salgueira"* (godello + treixadura)  
LICORES: *Galván* (augardente/crema de augardente/crema de chocolate e cereixas/crema de café xamaicano/licor de herbas/licor café/ augardente tostada/ licor de limón/ licor de mel)

23

NOME DA ADEGA: Bodega *Abeledos*  
TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Abeledos* (tempranillo + mencía)  
BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Abeledos* (godello + treixadura + dona branca + albariño)  
LICORES: *Abeledos* (augardente/augardente tostada /crema de augardente/licor café/licor de herbas)

## 24

NOME DA ADEGA: Bodega *Pazo de Valdeconde*, S.L.

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Souto do Rei* (mencia + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Souto do Rei* (godello + treixadura + albariño + dona branca)

## 25

NOME DA ADEGA: Bodega *Tabú*, S.L.N.E.

TINTO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Stibadia* (mencia + tempranillo)

BRANCO MONTERREI: POLIVARIETAL: *Stibadia* (godello + treixadura)

### 2.1. Clasificación formal

No que respecta á estrutura formal que presentan os nomes estudados, podemos establecer unha distinción entre formas simples, sintagmas e voces creadas seguindo procedementos de abreviación léxica.

2.1.1. A meirande parte das formas simples que nos encontramos son substantivos propios (simples e compostos sincréticos) empregados en singular: *Alanda*, *Arou*, *Castrillón*, *Chicheno*, *Galván*, *Gorvia*, *Ladairo*, *Madrevella*, *Nistal*, *Sanfiz*, *Stibadia*, *Triay* e en plural: *Abeledos*.

Un número moito máis reducido constitúeno os nomes pertencentes ao léxico común, que son utilizados en singular: *Abeiro*, *Albarello*, *Apeirón*, *Bastardo*, *Laxón*, *Monstruosa* e *Sousón*. En plural só rexistramos *Mandamientos*.

2.1.1.1. Un subgrupo dentro desta sección confórmano os substantivos precedidos do artigo determinado: *O Cabildo* e *A Trabe*.

2.1.2. De por parte, nos sintagmas temos que ter en conta os elementos que entran en xogo na súa formación.

2.1.2.1. Algúns viños e adegas presentan un nome coa combinación substantivo + substantivo, ben propio ben

común<sup>10</sup>: *Boo-Rivero, Finca Notario, Vila-Attia, Viña Castelao, Vinos Lara e Viña Lara.*

2.1.2.2. Un número representativo de nomes de adegas e viños teñen a estrutura: substantivo + preposición (de) + substantivo, tal é o caso de: *Alma de Blanco, Alma de Tinto, Castro de Lobarzán, Lagar de Pazos, Lugar de Grou, Pazo de Mariñán, Pazo de Monterrey, Pazo de Valdeconde e Tierras de Verín.*

2.1.2.2.1. Como variante existe a combinación substantivo + preposición (de) + artigo determinado (singular ou plural) + substantivo: *Atalaya do Mar, Casal do Cabildo, Fragas do Lecer, Pazos del Rey, Pazo das Donas, Pazo das Tapias, Quinta do Buble, Quinta da Muradella, Quinta das Tapias, Souto do Rei, Terra do Gargalo, Terra do Lobo e Terras do Cigarrón.*

2.1.2.3. Soamente contamos cunha ocorrencia que segue a estrutura substantivo + substantivo + preposición (de) + substantivo: *Triay Adegas de Oimbra.*

2.1.2.4. Nun único caso os nomes únense por medio dun nexo coa combinación substantivo + conxunción copulativa (e) + substantivo: *Crego e Monaguillo.*

2.1.2.5. En catro ocasións encontramos a presenza de substantivo + adxectivo: *Caíño Redondo, Couto Mixto, Terras Rubias e Vía Arxétea.*

2.1.2.6. Unha estrutura constituída por substantivo + substantivo + substantivo rexistrámola en *Galván "Finca Salgueira"*.

---

<sup>10</sup> Cómpre destacar que nalgúns destes nomes a economía lingüística substituíu as denominacións tradicionais formais coa preposición *de* (Viña de Castelao), pois no galego, do mesmo xeito que noutras linguas románicas, dous substantivos non acostuman a xustapoñerse sen iren acompañados dunha preposición que funcione como nexo relacional.

2.1.2.7. Máis complexa é a estrutura artigo determinado + substantivo + preposición (de) + artigo determinado + substantivo (sobrenome) á que se recorre para nomear o viño *A Mallada do Xordo*.

2.1.2.8. Contamos coa combinación substantivo + numeral: *Father 1943*.

2.1.2.9. A mesma categoría gramatical repítese catro veces, substantivo + (substantivo) + substantivo + substantivo (sobrenome) no nome da adegá *Manuel C. López "Chaca"*.

2.1.2.10. A cadea onomástica do dono e o nome da adegá únense coa combinación substantivo + substantivo + substantivo + adxectivo<sup>11</sup>: *Rubén Delgado López "Magmus"*.

En moitos dos casos enumerados o primeiro elemento funciona como un nome xenérico que fai referencia a unha construción, á terra etc. como veremos na seguinte sección.

2.1.3. O último grupo está constituído por elementos que, a pesar de funcionar como unha única unidade, están creados botando man do proceso de abreviación de nomes de pía, apelidos, alcumes, topónimos/hidrónumos ou oracións que dan orixe a unha nova palabra que procede do cruzamento de dous ou máis vocábulos xa existentes<sup>12</sup>: *Barbadrúa* ("o *Barbas*" + *Daniel* + *Rubén*), *Marova* (*Marta Rodríguez Vaz*), *Miropote* (*Mira o pote*), *Sila*<sup>13</sup>, *Tabú* (*Támega + Búbal*), *Valderello* (*Val + de + Albarellos*) e *Zayca* (*Zayda + Carmen*).

---

<sup>11</sup> Posiblemente se empregue a forma *magnus* por *magmus*.

<sup>12</sup> Non falamos de acronimia xa que esta se forma coa unión de dous extremos opostos de dúas palabras: o inicio da primeira e o final da segunda ou o final da primeira e o inicio da segunda (Freixeiro Mato: 308-309). Nos nosos exemplos o que rexistramos son nomes moi creativos xurdidos da unión de dous ou máis elementos dun xeito arbitrario.

<sup>13</sup> Descoñecemos a orixe deste nome dado que non puidemos poñernos en contacto coa persoa que o creou, de todos os xeitos sospeitamos que se froumou seguindo un procedemento de abreviación de voces.




Fig. 4: Gráfica de formas simples, sintagmas e formas abreviadas

Como se observa na gráfica, o grupo máis representativo dos tres está constituído polos nomes creados por sintagmas (un 57%,) seguido das formas simples (un 33%) e, finalmente, das voces procedentes de formas abreviadas (un 10%).

## 2.2. Estudo semántico

Neste capítulo centrámonos na análise semántica dos nomes, traballo que realizamos fundamentalmente grazas á información que nos facilitaron os adegueiros e/ou responsables das adegas trala realización da enquisa oral. Ademais temos que ter en conta que a D.O. Monterrei é de creación relativamente recente, razón pola que coñecer a motivación dos nomes foi doado, dado que na meirande parte dos casos os nosos informantes foron os encargados ou participaron activamente na elección dos ditos nomes.

Só tivemos en conta o xenérico que presentan algúns sintagmas (normalmente asociado a formas de asentamento urbano, construcións, etc.) cando ten significado no seu conxunto (xenérico + 2º elemento). Recollemos neste cadro a relación de primeiros elementos que funcionan como xenéricos e marcamos co \* os castellanismos:

XENÉRICO (1º ELEMENTO)	SIGNIFICADO	NOMES
*atalaya ( <i>atalaia</i> en gal.)	'torre situada nun lugar elevado' DRAG	Atalaya do Mar
casal	'casa de campo coas súas terras' DRAG	Casal do Cabildo

castro	'aldea da Galicia prehistórica fortificada' DRAG	Castro de Lobarzán
couto	'conxunto de terreos cercados e sometidos a algunha prohibición' DRAG	Couto Mixto
fraga(s)	'extensión de monte con moita vexetación' DRAG	Fragas do Lecer
pazo(s)	'casa señorial especialmente situada no medio rural' DRAG	Pazo de Mariñán Pazo de Monterrey Pazo de Valdeconde Pazo das Donas Pazo das Tapias Pazos del Rey
quinta	'casa con leiras ao seu redor' GDXL	Quinta do Buble Quinta da Muradella Quinta das Tapias
terra (s) *tierra (s)	'extensión delimitada da superficie terrestre, en tanto que é obxecto de propiedade ou é susceptible de estar dedicada a unha certa actividade' DRAG	Terra do Gargalo Terra do Lobo Terras Rubias Terras do Cigarrón Tierras de Verín
lagar	'lugar destinado a espremer a uva' DD	Lagar de Pazos
souto	'terreo poboado de castiñeiros' DRAG	Souto do Rei
viña	'terreo con vides' DD	Viña Lara Viña Castelao
*vino(s) ( <i>viños</i> en gal.)	'bebida alcohólica elaborada co mosto da uva' DRAG	Vinos Lara

Atendendo ao significado organizamos o *corpus* en torno a dous criterios formais anteriormente citados: os nomes propios, e dentro deles atopamos os nomes de adegas, viños e licores con orixe en antroponimos e topónimos, e os nomes comúns, nos cales incluímos léxico relativo a diversos ámbitos da vida cotiá.

2.2.1. No relativo aos nomes propios, establecemos unha distinción entre:

2.2.1.1. Nomes de persoa (antroponimia). Dentro da cadea onomástica, atopamos como elementos recorrentes á hora de denominar adegas, viños e licores:

2.2.1.1.1. O nome de pía, sobre todo o de fillos e sobriños, é utilizado para darlle nome a unha adega ou viño. *Vinos Lara* ou *Viña Lara* retoman o nome da filla do dono da empresa, do mesmo xeito que as sobriñas dun dos adegueiros están representadas no viño *Zayca* (unión dos nomes *Zayda* + *Carmen*).

2.2.1.1.2. Os apelidos son utilizados para denominar a adega *Triay Adegas de Oímbra* e o viño *Triay*, por ser este o apelido do dono e deixar con el pouso das súas raíces menorquinas, illas onde é habitual<sup>14</sup>. De feito, en Galicia só 11 persoas teñen o dito apelido e o único portador do Concello de Oímbra é o responsable desta empresa<sup>15</sup>.

Outra das adegas estudadas, *Boo-Rivero*, combina os apelidos do matrimonio fundador: o marido, apelidado Boo e a muller, Rivero.

2.2.1.1.3. En dúas ocasións son os sobrenomes os que se utilizan como fonte para nomear adegas, licores e viños. Tal é o caso de *Adegas Chicheno* e licores *Miropote*. *Chicheno* retoma o alcume cariñoso que na infancia lle puxo o irmán pequeno ao fundador da adega, chamado Adolfo; ademais na actualidade segue empregándose na zona como nome

---

<sup>14</sup> O Instituto Nacional de Estadística (INE) rexistra 616 portadores deste apelido nas illas Baleares, tanto en primeira como en segunda posición.

<sup>15</sup> Cartografía dos apelidos de Galicia (<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>) [data de consulta: 05/11/2011].



da casa, á cal coñecen como “a casa dos Chichenos”.

*Miropote* é o nome que reciben as diversas augardentes, cremas e licores elaboradas pola adega Tapias Mariñán en recordo do avó do fundador, que se dedicaba a traballar a madeira e de tanto “mirar para o pote” mentres se cocía foi coñecido na zona con este orixinal alcume.

2.2.1.1.4. Nalgúns casos aparecen combinacións entre os elementos da cadea onomástica do adegueiro e/ou entre as formas denominativas de diversos membros da familia. Unha combinación entre o nome e os apelidos da filla é a utilizada polo encargado de dirixir a adega Crego e monaguillo para nomear o viño branco *Marova* (Marta Rodríguez Vaz).

A adega *Manuel C. López “Chaca”* retoma o nome e primeiro apelido do seu fundador combinado co alcume polo cal é coñecido no ámbito futbolístico en que se move; con todo, o propio portador descoñece a motivación deste sobrenome. O nome e apelidos do adegueiro seguido do nome da adega é o elixido para a empresa *Rubén Delgado López “Magmus”*; noutro dos casos para darlle nome a un viño combínanse o alcume do pai co nome dos fillos: *Barbadrúa* (“o *Barbas*” + *Daniel* + *Rubén*). Neste caso o alcuño fai referencia a unha característica física como é a barba.

2.2.1.1.5. A referencia a escritores e personaxes históricos tamén é utilizada na comarca como fonte para buscar nomes. Un dos escritores e pensadores máis polifacético e recoñecido das letras galegas, Francisco Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886-Bos Aires 1950) é recordado no viño *Viña Castelao*, que a pesar de non producirse na

actualidade, está rexistrado co dito nome. Noutro caso, o nome do viño e dos licores, *Galván*, retoma o dun personaxe histórico e lendario da Materia de Bretaña, sobriño do rei Arturo, fillo do rei Lot e un dos cabaleiros máis coñecidos da Táboa Redonda.

Un personaxe histórico coma o *cigarrón*, protagonista do Carnaval de Verín e que se identifica coa comarca de Monterrei, emprégase para nomear a *Coop. Terras do Cigarrón* e un dos seus viños chamado *Terras do Cigarrón*.

2.2.1.2. Os nomes de lugar (topónimos) son outro recurso moi utilizado á hora de acuñar nomes de adegas, viños e licores e, xeralmente, fan referencia á situación xeográfica da empresa ou da viña que produce a uva.

2.2.1.2.1. As denominacións de concellos, parroquias ou outras entidades maiores de poboación (macrotopónimos) son moi utilizados para acuñar nomes: *Lagar de Pazos*, *Pazo de Monterrey*, *Tierras de Verín*, *Triay Adegas de Oimbra*, *Valderello* (*Val + de + Albarellos*). Pazos sitúase no Concello de Verín e Albarellos, no de Monterrei. Tamén rexistramos a forma latina *Vila-Attia*, utilizada como étimo da parroquia de Vilaza, a pesar de ser esta unha orixe incerta.

2.2.1.2.1.1. A pegada da historia está presente na adega e no viño *Couto Mixto*, territorio autónomo que englobaba as tres aldeas galegas de Santiago e Rubiás (en Calvos de Randín) e As Maus (en Baltar), lindeiras con Portugal e vinculado historicamente a Portugal e España, a través de certa dependencia ás antigas casas nobiliarias de Bragança e de Monterrei (García Mañá 2005).

2.2.1.2.2. Os nomes de viñas, terreos ou outras zonas de menor entidade (microtopónimos) son moi produtivos para nomear viños e adegas na comarca.

A adega Quinta da Muradella é a que máis recorre aos nomes dos lugares onde se cultivan as vides que producen a uva (a modo do *clos* francés ou viñas de pago): *Alanda*, *A Mallada do Xordo*, *Castrillón* (que fai referencia a un tipo de asentamento), *Gorvia*, *Lugar de Grou*, *Madrevella* e *Finca Notario*; dos dous primeiros nomes descoñecemos a motivación, pero o último deles retoma o nome dunha viña que se chama así porque durante anos tivoa arrendada un notario. Por outra parte, a adega *Pazo de Valdeconde* utiliza o nome do pazo do ano 1811 onde se sitúa; e o viño que elabora, *Souto do Rei*, retoma o nome do lugar onde están os viñedos, que recibía este nome como garantía da calidade deses caldos. *Galván "Finca Salgueira"* tamén toma o nome do terreo no cal se produce o dito viño, posiblemente antano un lugar con salgueiros (*Salix sp.*).

Tanto a adega *Pazo das Tapias* como o viño *Quinta das Tapias* (elaborado pola empresa Tapias Mariñán) fan referencia ao lugar As Tapias, sito na parroquia de Pazos (en Verín). Precisamente, cerca deste lugar encontramos a adega dos irmáns Mariño e os seus viños baixo o nome de *Terra do Gargalo*, por situarse nunha zona que albergou unha aldea coñecida como "O Gargalo" e creada polos cabreiros na parte sur onde finaliza a serra de San Salvador, ao oeste do monte Baronceli, lugar no cal se construíu o castro celta, metido nunha valgada e de aí o dito

nome. Esta pequena aldea contaba con viñas tamén chamadas así e perdurou ata o século XVIII, momento no cal os seus habitantes se asentaron no actual pobo de Pazos (Justo Méndez 1994: 528).

2.2.1.2.3. Rexistramos nomes motivados polas formas de asentamento humano, basicamente formas orixinarias do desenvolvemento urbanístico: *Castro de Lobarzán*, que denomina unha adega e o seu viño baseándose neste asentamento castrexo localizado no Monte das Chás (en Vilaza), que linda co Concello de Oímbra. A adega e viño que porta o nome *Quinta da Muradella* fai referencia ao Castro da Muradella (en Verín), lugar onde apareceu a figura escultórica de Dionisos e Ampelos á cal nos referimos.

2.2.1.2.4. Os nomes dos ríos (hidrónimos) da comarca de Monterrei tamén son utilizados para denominar as adegas e viños na procura dunha identificación coa zona. Tal é o caso da *Quinta do Buble*, que utiliza o xenérico acompañado do nome do río Buble (tamén coñecido como Búbal), afluente do Támega que rega os concellos de Cualedro, Monterrei e Verín. O nome deste río podería estar en relación cos Bíbalos, un pobo galaico prerromano que habitou na zona como así se recolle no *Padrão dos povos*, unha columna romana sita na vila portuguesa de Chaves en cuxa inscrición se citan outros 9 pobos pertencentes ao convento de Braga que participaron na construción da dita obra civil<sup>16</sup>. Con

---

<sup>16</sup> Di a inscrición: IMP CAES VESP AVG PONT / MAX TRIB POT X IMP XX PROCOS IX / IMP VESP CAES AVG F PONT TRIB / POT VIII IMP XIII COS VI / ... / C CALPETANO RANTIO QUIRINALI VAL FESTO LEG AVG PR PR / D CORNELIO MECIANO LEG AVG / L ARRVTIO MAXIMO PROC AVG / LEG VII GEM FEL / CIVITATES X / AQUEFLAVIENSES AOBIGENS / BSALI

todo, parece que o máis correcto é buscar o orixe deste nome na reduplicación (expresiva) da raíz – \**bal* (bi-bal), cuxa orixe remóntase á raíz prerromana \**g<sup>w</sup>ou-* 'boi ou vaca' presente noutros topónimos prelatinos (Roberts e Pastor 1996: 72 e Moralejo 2008: 222).

No caso da adega chamada *Tabú* estamos ante un nome no cal se une (como xa indicamos) o nome do río Támeiga e o Buble; o primeiro co seu caudal bordea o val de Monterrei e o Buble, afluente do Támeiga, percorre tres municipios da zona. Ademais, o nome *Tabú* tamén foi elixido xogando co dobre sentido ao que dá lugar a palabra.

2.2.1.2.5. As características orográficas (orotopónimos) son recorrentes á hora de nomear: *Ladairo*, nome do viño e da empresa, evoca o monte Ladairo, situado no Concello de Verín e lindeiro co de Oímbra, en cuxas ladeiras se cultivan os viñedos desta adega. Do mesmo modo, *Abeledos* tamén fai alusión ao monte coñecido polos oriúndos como monte Abeledos, sito no antigo Castro da Muradella.

---

COELERNI EQUAESI / INTERAMICE LIMICI AEBISOC / QUARQUERNI TAMAGANI (Rivas Fernández 1972: 161) [tradución: Sendo Emperador César Vespasiano Augusto, pontífice máximo, con poder tribunicio por décima vez, emperador a vixésima vez, pai da Patria, cónsul por novena vez, sendo emperador tamén Tito Vespasiano César, fillo de Augusto, pontífice, con poder tribunicio por oitava vez, emperador por décimo cuarta vez, cónsul por sétima (...). Sendo legado de Augusto o propretor Caio Calpetano Rancio Quirinal Valerio Festo e sendo Legado de Augusto na Lexión sétima, Dacio Cornelio Meciano e procurador do mesmo Augusto, Lucio Arruncio Máximo, a Lexión sétima Gémina Félix e dez cidades, a saber: os Aquiflavienses, os Aobrigenses, os Bíbalos, os Coelernos, os Equesos, os Interamnicos, os Límicos, os Aebisocios, os Quarquernos e os Tamaganos (...).



Fig. 5: Monte Ladairo (Verín)

2.2.1.2.6. O nome dun santo (haxiotopónimo) é o utilizado pola adega *Sanfiz* (<SANCTU FELĪCĒ), que escrito como unha forma sincrética, é a advocación da parroquia de San Fiz de Pazos, pertencente ao Concello de Verín.

2.2.1.2.7. O nome da rúa (odónimo) en que se sitúa a adega, rúa do Cabido (coñecida coa forma castelán *Cabildo*), serve para denominar a empresa, *O Cabildo*, e ao viño que produce: *Casal do Cabildo*.

2.2.1.2.8. Nesta sección incluimos a adega e o viño *Vía Arxénte* que lembra a *Vía da Prata*, que comunicaba Astorga con Mérida e co paso do tempo a modificación deste camiño romano fíxoo pasar polo Concello de Verín.

2.2.1.2.9. O nome dunha praia de Camariñas (A *Coruña*), *Arou* é utilizado polo dono da adega Couto Mixto para denominar un tinto fermentado en lagar de pedra. Segundo nos contou, a beleza da praia foi o motivo do nome do viño.




Fig. 6: Gráfica dos diferentes nomes de lugar empregados na comarca de Monterrei para nomear as adegas, viños e licores

### 2.2.3. Outros. Dentro das voces do léxico común, encontramos:

2.2.3.1. A fauna representada polo lobo, moi frecuente na zona tamén é utilizada para denominar o viño *Terra do Lobo*, que a adega Quinta do Buble elixiu para etiquetar o viño que exporta a países de fala inglesa, ao non considerarse axeitada a voz *buble* polo significado que posúe nesta lingua (ing. 'burbulla').

2.2.3.2. Nomes relacionados coa terra e co traballo das viñas, que clasificamos en:

2.2.3.2.1. Útiles de labranza: *Apeirón*, que fai referencia aos aveños empregados para traballar o campo.

2.2.3.2.2. Relativo á terra e ás súas características: *Laxón*, recorda as penas de gran tamaño que sobresaen do terreo.

2.2.3.2.3. A cor da terra serve como inspiración á hora de acuñar o nome do viño *Terras Rubias*, que destaca a tonalidade acastañada tirando a dourada que presenta o chan da zona onde se cultivan os viñedos<sup>17</sup>.

2.2.3.2.4. A variedade da uva é utilizada para nomear viños da adega Quinta da Muradella: *Albarelo*, *Bastardo*, *Caíño Redondo*, *Monstruosa* e *Sousón*. Estes nomes son interesantes xa que empregan a forma galega máis tradicional: *albarelo* por brancello e *monstruosa* por branca de Monterrei.

2.2.3.3. O mundo do mar cos seus mariñeiros dá nome aos viños *Pazo de Mariñán* e *Atalaya do Mar* e á adega *Tapias Mariñán*. O primeiro combina dous elementos característicos en Galicia: o pazo e o mar. A pesar de non ser a motivación inicial, este nome coincide co do pazo do século XVIII sito no Concello de Bergondo (A Coruña).

2.2.3.4. O ámbito da construción está representado polo viño *Abeiro*, que fai referencia a un lugar cuberto e *A Trabe*, en representación da viga sobre a que se sustenta unha edificación e que achega moito simbolismo na nosa cultura.

2.2.3.5. Léxico pertencente ao ámbito da igrexa: *Crego e Monaguillo* denomina a unha adega e aos viños que elabora. Neste caso a escolla deste nome débese á relación existente entre os dous socios da empresa; un é un padre Paul que emigrou a Inglaterra e o outro, quen na actualidade dirixe a adega, na súa xuventude exercía de monaguillo asistindo ao seu tío. Outro do caldos que elaboran,

---

<sup>17</sup> O responsable da adega contounos que inicialmente o viño ía denominarse Terra Loira, pero o nome xa estaba rexistrado en Francia na zona do Val do Loira.



o *Father 1943*, é unha homenaxe aos anos que leva este padre no Reino Unido, o cal explica o uso do inglés para nomear a un viño que ten unha produción limitada e que se comercializa fundamentalmente neste país.

Esta vinculación de un dos socios co mundo eclesiástico foi o detonante para nomear outro viño da mesma adega: *Mandamientos*, facendo referencia a cada un dos preceptos do decálogo e da Igrexa.

2.2.3.6. Títulos reais e nobiliarios. A presenza real na zona tamén deixou a súa pegada na adega *Pazos del Rey*<sup>18</sup> e no viño *Souto do Rei*. Incluímos neste apartado o nome do viño *Pazo das Donas*, pois aínda que *dona* é unha forma de tratamento que non pertence á nobreza nin á realeza, fai referencia a unha muller acomodada e, é posible que detrás desta denominación estea a alusión ao Paseo das Donas que comunica o barrio de San Lázaro de Verín co Castelo de Monterrei.

2.2.3.7. Voces relativas ao campo da flora asociadas a lugares pracenteiros e relacionadas co ocio: é o caso do viño *Fragas do Lecer*, que relaciona o viño co bucolismo que representan as fragas e *Stibadia*, que lembra o leito de flores na honra de Baco (Dionisos en Grecia)<sup>19</sup>.

2.2.3.8. Nomes con connotacións positivas que expresan 'vitalidade, espírito' e 'calidade suprema' é o caso dos viños *Alma de Blanco*, *Alma de Tinto* (véxase que *alma* é 'o que da espírito, alento e forza a algunha cousa' DD). Neste grupo podemos incluír o nome da adega e do viño *Magmus*.

---

<sup>18</sup> Este é o cuarto nome dunha adega que se chamou Cooperativa Monterrey, Bodegas Ribera del Tamega e Bodegas del Nuevo Milenio.

<sup>19</sup> Entre estas flores sempre había rosas, de feito, nas celebracións romanas acompañadas de viño os asistentes acostumaban a rodearse de rosas porque pensaban que evitaban a embriaguez.




Fig. 7: Gráfica coa clasificación semántica de nomes de adegas, viños e licores

Logo desta análise observamos que do noso *corpus* de adegas, viños e licores, un 44% teñen a súa orixe nun topónimo (xa sexa macro xa microtopónimo), un 36% posúen nomes de diversos ámbitos da vida cotiá e, finalmente, un 20% empregan os antropónimos como fonte á hora da elección dun nome.

Dentro dese 36% de nomes pertencentes ao léxico da vida cotiá, a meirande parte están tomados do ámbito da terra e do seu cultivo, como nos amosa a gráfica:




Fig. 8: Gráfica cos campos semánticos dos nomes de adegas, viños e licores procedentes do léxico común

### 3. *A lingua das adegas, viños e licores da comarca de Monterrei*

Unha boa parte dos nomes estudados empregan a lingua galega nas súas etiquetas, fundamentalmente por unha cuestión de identidade cultural e xeográfica. Noutros casos aparece a lingua castelá, o latín, e mesmo o inglés, que se utiliza para nomear un dos viños como homenaxe ao lugar no cal vive un dos socios, como indicamos con anterioridade.

A continuación ofrecemos unha listaxe dos nomes clasificados tendo en conta a lingua que empregan, pero cómpre reparar en que naqueles casos en que o mesmo sintagma combine dúas linguas, computámolo en ambas as dúas e, tivemos en conta os nomes que poden ser interpretados como galegos ou casteláns, relación en que se recollen os nomes creados a partir de antropónimos.

3.1. En lingua galega: *A Mallada do Xordo, A Trabe, Abeiro, Abeledos, Adegas Chicheno, Alanda, Apeirón, Arou, Atalaya do Mar, Barbadrúa, Bastardo, Caiño Redondo, Casal do Cabildo, Castrillón, Castro de Lobarzán, Crego e Monaguillo, Couto Mixto, Finca Notario, Galván "Finca Salgueira", Fragas do Lecer, Galván, Gorvia, Ladairo, Lagar de Pazos, Laxón, Lugar de Grou, Madrevella, Miropote, Monstruosa, O Cabildo, Pazo de Mariñán, Pazo de Valdeconde, Pazo das Donas, Pazo das Tapias, Quinta da Muradella, Quinta das Tapias, Quinta do Bubble, Sanfiz, Sousón, Souto do Rei, Tabú, Tapias Mariñán, Terra do Gargalo, Terra do Lobo, Terras do Cigarrón, Terras Rubias, Triay Adegas de Oimbra, Valderello, Vía Arxénte e Viña Castelao.*

3.2. En lingua castelá: *Alma de Blanco, Alma de Tinto, Atalaya do Mar, Casal do Cabildo, Crego e Monaguillo, Mandamientos, O Cabildo, Pazo del Rey, Pazos de Monterrey, Quinta da Muradella, Tierras de Verín, Vinos Lara e Viña Lara.*

3.3. En lingua galega ou castelá: *Manuel C. López "Chaca", Marova, Rubén Delgado López "Magmus", Sila e Zayca.*

3.4. En lingua latina: *Magnus, Stibadia e Vila-Attia*.

3.5. En lingua inglesa: *Father 1943*.

Presentamos a gráfica onde se recollen as linguas que se empregan para a denominar e observamos que o 71% correspóndelle á lingua propia da comunidade autónoma, seguida do 17% dos nomes, que fan uso da lingua do Estado; un 7% podería identificarse tanto co castelán coma co galego, un 4% co latín, e, finalmente, un 1% co inglés.




Fig. 9

Fig. 9: Gráfica coas linguas que se empregan nos nomes das adegas, viños e licores da comarca de Monterrei

#### 4. Conclusións

A elaboración deste estudo permitiunos tirar as seguintes conclusións:

4.1. No relativo ao aspecto formal, os nomes integrados por sintagmas son os máis utilizados na comarca de Monterrei e na súa denominación de orixe á hora de denominar adegas, viños e licores, pois supoñen o 57% do total.

4.2. No que atinxe á elección do nome, da adega, do viño ou dos licores, os responsables son moi conscientes do importante que é hoxe en día este factor para as súas vendas ao funcionar como unha boa carta de presentación para o cliente do mesmo xeito que o grafismo ou a imaxe visual (tamén moi coidadas na denominación), pero no caso dos nomes é necesario destacar que estes *a priori* configuran quizais un xuízo de valor maior por parte do consumidor. De aí que detrás da maioría deles se establece un vínculo indentitario recorrendo a un topónimo (sobre todo á microtoponimia) recurso moi produtivo nesta denominación, o cal supón un 44% do total. Non obstante, tamén se bota man do léxico da vida cotiá (preferentemente o relativo á terra) e ao vínculo familiar con fillos, sobriños ou avós, que está presente nalgúns dos caldos desta denominación que buscan homenaxear a un ser querido empregando o seu nome.

4.3. Nesta mesma liña de buscar a identidade temos que mencionar o uso preferente polos nomes en galego (en total 51, o 71%) como elemento diferenciador fronte a algúns casteláns (12, o 17%) que se utilizan en máis dun caso porque se descoñece que se está ante unha forma non galega ou porque se prefiren tendo en conta o mercado exterior. Tamén se empregan os nomes latinos (3, o 4%) como marca de calidade e de prestixio abalada pola importancia que acadou o viño na sociedade romana e por seren os romanos os encargados de introduci-lo en Galicia. Recorrer ao latín para nomear estes produtos é unha es-colla xa utilizada por outras denominacións de orixe con máis antigüidade como a do Bierzo<sup>20</sup>.

A D.O. Monterrei e a produción vinícola da súa comarca á hora de elixir un nome propio procura na meirande parte dos casos a orixinalidade buscada na identidade xeográfica e tamén na identidade lingüística.

---

<sup>20</sup> Refírome a nomes como: *Uttaris*, *Volgio liegos legos*, *Pittacum Aurea* etc.

*Bibliografía citada*

- Castiñeiras González, Manuel A. y Fátima Díez Platas (2003): *Profano y pagano en el arte gallego*. Santiago de Compostela: Universidade.
- DD = Santamarina, Antón (dir.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1 CD-ROM + 1 guía.
- DRAG = García, Constantino e Manuel González González (2000<sup>o</sup>): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé María (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. 2 volumes. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): *Gramática da lingua galega. III Semántica*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- García Mañá, Luís M. e Xurxo Lobato (2005): *Couto Mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Xerais.
- Gómez Nieto, Gumersindo (1996): "A Limia, val de Monterrei e As Frieiras. Xeografía física, humana e económica", en Francisco Rodríguez Iglesias (ed.): *Galicia. Xeografía. A Limia, Val de Monterrei e As Frieiras. Miño central ourensán e depresións e serras surorientais*. Tomo 20. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Instituto Nacional de Estadística: <http://www.ine.es/apellidos/formGeneralresult.do?vista=1> [data de consulta: 05/11/2011].
- Justo Méndez, Federico (1994): *Brotos de raíces históricas: huellas que siguen marcando el camino de una cultura "lusogalaica" desde la prehistoria hasta nuestros días*. Ourense: GrafoDos.
- Moralejo, Juan J. (2008): *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Olivera Serrano, César (2006): "Los señores y el estado de Monterrei (siglos XIII-XVI)", en *Cuadernos de Historia de España*, vol. 80. Bos Aires, [147]-170 [en [http://www.scielo.org.ar/scielo.php?pid=S0325-11952006000100007&script=sci\\_arttext](http://www.scielo.org.ar/scielo.php?pid=S0325-11952006000100007&script=sci_arttext)] [data da consulta: 05/11/2011].
- Roberts, Eduard A. e Bárbara Pastor (1996): *Diccionario etimológico europeo de la lengua española*. Madrid: Alianza.

Rivas Fernández, Xoán Carlos (1972): "La vía romana por Tamallancos (Orense)" *Boletín Auriense*. tomo II. Ourense: Museo Arqueológico Provincial, 167-192.

Vaquero Díaz, Beatriz (2004): *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*. 4 vols. [Santiago de Compostela]: Concello de Celanova e Universidade de Vigo.

#### *Abreviaturas*

gal.= galego

ing.= inglés

MAPOu = Museo Arqueológico Provincial de Ourense

## Anexo I

Recollemos a enquisa que empregamos no traballo de campo.

<b>ENQUISA: A onomástica das adegas, viños (e licores) da D.O. Monterrei e da súa comarca</b>		
Nome da adega e motivación do nome: _____ _____		
Nome do viño e motivación:		
Branco/Tinto _____	1	Caste(s): _____
_____		
Branco/Tinto _____	2	Caste(s): _____
_____		
Branco/Tinto _____	3	Caste(s): _____
_____		
Branco/Tinto _____	4	Caste(s): _____
_____		
Branco/Tinto _____	5	Caste(s): _____
_____		
Branco/Tinto _____	6	Caste(s): _____
_____		
Nome do(s) licor(es) e motivación: _____ _____		
Tipo(s) de licor(es): _____ _____ _____		
Observacións: _____ _____		



## A REGULACIÓN DOS CERTIFICADOS OFICIAIS QUE ACREDITAN OS NIVEIS DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (CELGAS) E OS PROBLEMAS XERADOS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN EN GALICIA

MANUEL RICO VEREA

Xefe do Gabinete de Normalización Lingüística  
da Xefatura Territorial da Coruña

### RESUMO

A Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, supón unha modificación significativa (non sempre positiva) no proceso de normalización da lingua galega e tamén no proceso da súa estandarización.

Esta regulación, fóra do sistema educativo regrado, prodúcese á marxe da planificación que formula a Lei orgánica 2/2006, de educación, que o Estado desenvolve, que a Administración educativa de Galicia completa, por delegación de competencias, e que os centros educativos adecúan, no terceiro chanzo de concreción curricular, baseándose na autonomía pedagóxica que a citada lei orgánica lles outorga.

A regulación destes certificados oficiais acreditativos establece un marco de referencia europeo de aprendizaxe, ensino e avaliación, que adopta un sistema de avaliación de linguas estranxeiras para unha lingua sen normalizar, sen ter en conta un sector moi importante da cidadanía de Galicia, falante de galego de forma activa, que non accedeu a unha educación básica no seu ciclo escolar

e que, polo tanto, carece da formación necesaria para poder acadar a certificación das competencias de comprensión e expresión escrita.

Con esta orde, a Secretaría xeral de Política Lingüística do ano 2007, con asesores de escasa experiencia e coñecemento técnico na globalidade do sistema educativo regrado, emprendeu este novo camiño na competencia de formar e certificar os coñecementos da lingua esquecendo outros obxectivos, que tamén propoñía o Plan xeral de normalización da lingua galega, tan importantes, ou máis, para o proceso de normalización da lingua propia de Galicia.

Este novo marco de formación e acreditación, que non tivo no seu día unha recepción unánime, leva cinco anos en funcionamento, tempo abondo para que se puidesen detectar e resolver as graves eivas.

Se neste proceso de normalización é moi importante sumar vontades, máis importante é non excluír ese decisivo grupo social, galego falante, maiores de 40 anos, que non tivo a oportunidade académica de recibir unha formación básica (hoxe de educación secundaria obrigatoria) de lingua galega. Aínda que posúa unha certificación académica que lle dá acceso ao mundo laboral (certificado de estudos primarios, certificado de escolaridade ou título de graduado escolar) tamén é certo que o sistema actual de validacións lle impide acadar, na práctica, unha certificación do nivel de lingua galega, allea ao sistema educativo regrado, para acceder a diferentes postos da administración.

#### **ABSTRACT**

Order passed on July 16, 2007, which established official certificates accrediting levels of knowledge of the Galician language, represents a significant change in the process of normalization of the Galician language and its standardization.

The regulation of these accrediting certificates outside the regulated educational system, establishes a European reference framework for learning, teaching and assessment, which adopts a system of evaluation of foreign languages to a language that is not normalized. With this order the General Secretariat of Linguistic Policy, embarked on this new path in the competence to train and certify the knowledge of the language forgetting other goals, which also

proposed the Plan of normalization of the Galician language, as important or even more for the process of normalization of Galicia's own language.

This new framework of training and accreditation which was not unanimously supported in its day, has been operating for five years and has not resolved major deficiencies observed in the process of normalization yet.

If it is very important to add wills in this process, it is even more not to exclude that decisive social group, galician speaking population, who did not have the opportunity to receive a basic training in their own language.

#### **PALABRAS CHAVE**

avaliación, acreditación de niveis de referencia, certificados oficiais, formación de ensinanzas regradas e non regradas de adultos, lingua galega, marco común de referencia europeo, normalización e estandarización.

#### **KEYWORDS**

evaluation, accreditation of reference levels, oficial certificates, formation of regulated and non regulated teaching of adults, Galician language, common European reference framework, normalization and standardization.

1. O Real decreto 1981/1979, a Lei de normalización lingüística 3/1983 e o Plan xeral de normalización da lingua galega

O Real decreto 1981/1979<sup>1</sup>, que incorpora a ensinanza da lingua galega como materia obrigatoria ás diferentes ensinanzas regradas, constituíu a base para que se desen pasos continuos no de-

---

<sup>1</sup> O Real decreto 1981/1979, do 20 de xullo, polo que se regula a incorporación da lingua galega ao sistema educativo en Galicia (BOE do 21 de agosto) ten o seu desenvolvemento, por parte da Comisión mixta MEC - Xunta de Galicia preautonómica, no Diario oficial de Galicia do 1 de outubro de 1979.

senvolememento dunha lexislación específica que regula a presenza da lingua galega no ensino non universitario.

A Lei de normalización lingüística<sup>2</sup>, aprobada por unanimidade no ano 1983 e que desenvolve o artigo 5 do Estatuto de Autonomía, é o marco legal de referencia para a política lingüística en Galicia.

Esta Lei de normalización lingüística dispón que *os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua*<sup>3</sup>; que *a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego*<sup>4</sup>; que *a lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios, que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados e que se garantirá que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán*<sup>5</sup> e que *nos cursos de educación de adultos e nos cursos de ensino especializado nos que se ensine a disciplina de lingua, é preceptivo o ensino do galego*<sup>6</sup>.

O Plan xeral de normalización da lingua galega<sup>7</sup> vai ser o programa de accións detalladas que posibilite facer realidade os preceptos da Lei de normalización lingüística. Nel recóllense as medidas concretas, elaboradas a partir da realidade lingüística de Galicia, para favorecer o uso da lingua nos distintos ámbitos da sociedade e para garantir que calquera cidadán poida vivir plenamente en galego. Este Plan constitúe un dos avances máis importantes en política de extensión do uso social do galego e establece os obxectivos

---

<sup>2</sup> A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, publicouse no DOG o 14 de xullo de 1983.

<sup>3</sup> Artigo 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

<sup>4</sup> Artigo 6.4 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

<sup>5</sup> Artigo 14 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

<sup>6</sup> Artigo 16 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

<sup>7</sup> O Plan xeral de normalización da lingua galega foi aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, por unanimidade do arco parlamentario, vinte e un anos despois da Lei 3/1983 de normalización lingüística.

xerais e concretos nos que se pretende actuar: administración, educación, familia e mocidade, economía, sanidade, sociedade e proxección exterior da lingua. A pesar de que o consenso e o diálogo de todas as forzas políticas foron os seus impulsores, este desexo de desenvolver a recuperación da lingua propia de Galicia dende a colaboración, o entendemento e a ausencia de conflitos non se reflectiu nas sucesivas accións de goberno.

Tanto o desenvolvemento legislativo do Estado, despois da ditadura, como o da Comunidade Autónoma garanten a presenza da lingua galega en todos os currículos das ensinanzas regradas en pé de igualdade coa lingua castelá e, aínda que existan carencias, o sistema garante tamén que todo alumno que cursa ensinanzas regradas acade o mesmo nivel de coñecementos nas dúas linguas oficiais.

## *2. O sistema non regrado de formación de lingua galega para adultos*

O sistema de formación de lingua galega no ensino non regrado nace da necesidade de dispor de profesorado coa formación idónea para incorporar a lingua galega nos estudos de Educación infantil, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional, como materia obrigatoria, segundo dispoñía o Real decreto 1981/1979. O ICE e o ILGA, da Universidade de Santiago, xa tiñan dado os pasos decisivos na programación desta formación, coa convocatoria de numerosos cursos, antes de 1979 e, posteriormente, en colaboración coa Consellería de Educación e Cultura da Xunta, ata 1983.

Co Real decreto 1763/1982, o Estado realiza o traspaso de funcións e servizos en materia educativa á Comunidade Autónoma, e esta, baseándose nas competencias delegadas, regulaba tamén o

*certificado de capacitación* para o profesorado (nivel de iniciación e perfeccionamento) e o *diploma de especialidade en lingua galega*<sup>8</sup>.

Esta formación básica de iniciación e perfeccionamento ofértase desde o ano 1983 para o persoal da Administración Pública e, a partir do ano 1990, complementábase cun segundo nivel de formación específica, de linguaxe administrativa e xurídica, que se segue impartindo na actualidade e que dota este colectivo dunha boa competencia para desenvolver a súa actividade profesional.

Unha vez que estaba practicamente concluída esta formación básica para o profesorado e para o persoal da Administración Pública, no ano 1989, iniciábase a oferta de formación para adultos en xeral, que non foran escolarizados na lingua propia de Galicia, para cumprir coa obriga que ten o Goberno galego de difundir o coñecemento oral e escrito da lingua entre os cidadáns de Galicia<sup>9</sup>.

Estes cursos, en principio, estaban deseñados para aqueles adultos que cursaran estudos regrados nos que non se incluía o ensino da lingua galega. Non obstante, neste momento, dado o proceso de baremos e concursos de méritos establecido polas diferentes administracións, realizaba esta formación todo adulto que quería computar como mérito unha formación de lingua galega, non regrada, que quizais se puntuaba en exceso. Desta forma o sector que precisaba esta formación, sobre todo no ámbito rural, non puido acceder a ela outra volta.

Este modelo de aprendizaxe e da súa consecuente certificación, nos niveis de iniciación e perfeccionamento, aberto e permisivo, tivo unha importancia capital no proceso de norma-

---

<sup>8</sup> A Orde do 6 de abril de 1983, pola que se regulan os cursos de iniciación, perfeccionamento e especialización de lingua galega, planificaba (como realizaba o MEC a través da Dirección xeral de Formación do Profesorado) a formación nas diferentes especialidades, dada a lentitude mostrada na súa implantación polas Escolas de Formación do Profesorado, en atención ás necesidades de cualificación para dar cumprimento á Lei 14/1970.

<sup>9</sup> A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, nos artigos 11.1.º, 17.2.º, 18, 19 e 25, incide nesta obriga do Goberno galego.

lización nas décadas dos 80 e dos 90, aínda que, efectivamente, carecía dun nivel de referencia. Este carácter *aberto e flexible* da formación de lingua galega non regrada, que serviu para descualificala e mesmo xustificar un cambio radical de sistema, tiña as súas vantaxes en tanto que permitía adecuar os programas ás diferentes circunstancias e colectivos sociais, como así se facía cando o profesorado estaba capacitado pedagoxicamente. Disto non se decataban os que utilizaron este argumento nin de que a mesma Lei orgánica de educación establecía de forma nítida para a educación secundaria de adultos un *currículo aberto, flexible e adecuado ás características do alumnado* para adaptalo ás condicións e necesidades do adulto. Este currículo oficial (que o Estado fixa nos contidos mínimos, que o completa a Administración Educativa de Galicia e que o centro educativo adecúa ao seu contorno) é adaptado, secuenciado e temporalizado por cada docente para un grupo de alumnos concreto.

O modelo, *aberto e permisivo*, faino útil e bo un profesorado dotado dunha formación pedagóxica didáctica especializada para adultos que lle posibilite utilizar aquelas fórmulas didácticas motivadoras ás que fai referencia o PXNL. Este sobredito modelo, que podería ser mellorado en eivas concretas foi modificado, non obstante, de raíz, orixinando diferentes problemas no colectivo máis necesitado de formación.

### 3. O Marco común europeo de referencia

O Portafolio Europeo das Linguas sintetiza ben a importancia que ten este MCER en tanto que proporciona un panorama xeral das competencias lingüísticas do titular, mostra os niveis acadados en diferentes idiomas e pode servir de guía para un cambio de centro educativo, para solicitar un traballo, para inscribirse noutro curso de idiomas ou nun programa de intercambio universitario.

O Marco común europeo de referencia proporciona tamén unha base común para a elaboración de programas de linguas,

orientacións curriculares, etcétera, en toda Europa. Define os niveis de dominio da lingua que permiten comprobar o progreso dos alumnos en cada fase de aprendizaxe ao longo da súa vida. Ofrece ao mesmo tempo unha base común para a descrición explícita dos obxectivos, dos contidos e da metodoloxía, favorecendo a transparencia de cursos, programas e titulacións, o que posibilita, pola súa vez, o recoñecemento mutuo das titulacións obtidas nos distintos contextos de aprendizaxe e, consecuentemente, contribúe á mobilidade da cidadanía dentro de Europa.

O Marco en si presupón unha vantaxe clara e, de feito, ao incluír a Lei orgánica de educación as competencias básicas nos currículos das diferentes ensinanzas regradas, o obxectivo está cumprido. Todos os alumnos que conclúen un nivel de estudos regrados teñen garantida esta referencia das linguas incluídas no currículo.

O Estado, a través do Instituto Cervantes, só regulamentou a formación non regrada de lingua castelá para aqueles adultos que non realizaron estudos regrados dentro do sistema educativo español e non teñen como lingua materna a lingua castelá. No tocante á aprendizaxe das diferentes linguas para adultos, en xeral, ofrece o ensino regrado das escolas oficiais de idiomas, con niveis de usuario básico (A1 e A2) e usuario independente (B1 e B2).

Tanto a mínima descrición do *Portafolio Europeo das linguas* como a base común que proporciona o *Marco común de referencia*, así como as súas vantaxes e os seus obxectivos comúns planificados pola Comisión Europea de educación para todos os estados, acadan unha proxección fundamental para as novas xeracións. Non obstante pouco ten que ver isto coa obriga imposta ao *Goberno galego de dotar de competencias de comprensión e expresión escrita da lingua galega a cidadanía de Galicia* e o dereito que esta ten, sobre todo aquela que non gozou da oportunidade histórica de adquirir unha formación académica básica, de recibir esta formación na lingua da que son axentes activos.



#### 4. A Lei orgánica 2/2006 de educación e a incorporación das competencias básicas aos currículos das ensinanzas regradas

A Lei orgánica de educación do ano 2006 fundaméntase en tres piares básicos: acadar unha formación de calidade e de igualdade efectiva de oportunidades, realizar un esforzo compartido do alumnado, da familia, do centro educativo e da Administración educativa e, terceiro, asumir o compromiso cos obxectivos educativos comúns formulados pola Unión Europea para toda a cidadanía.

Para que estes principios se convertan en realidade, concibe a formación como un proceso permanente de aprendizaxe, dado que os cambios económicos e sociais nos obrigan a ampliar permanentemente a formación. Nesta nova dinámica educativa é fundamental acadar *habilidades e destrezas para aprender a aprender*, acadar a *competencia de autonomía e iniciativa persoal* e, no caso que nos ocupa, acadar a *competencia en comunicación lingüística*. Competencias que a lei incorpora ao ensino obrigatorio para posibilitar unha realización persoal de forma máis satisfactoria, exercer a cidadanía activa e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Esta nova formulación da Lei orgánica de educación, que concibe a formación como *un proceso permanente, que se desenvolve durante toda a vida*, para permitir o tránsito da formación ao traballo e viceversa, incrementa a flexibilidade do sistema educativo establecendo camiños de ida e volta, cara ao estudo e a formación, co fin de que os adultos poidan continuar ou retomar a súa aprendizaxe.

Esa flexibilidade *implica establecer conexións entre os distintos tipos de ensinanzas*, facilitar o paso dunhas a outras e configurar as vías formativas adaptadas ás necesidades e intereses sociais e persoais garantindo unha *homologación dos títulos das ensinanzas regradas* en todo o territorio, sen posibilidade de restrición.

Queda ben ás claras, e así é asumido pola Lei orgánica de educación, que a Comisión Europea de Educación estableceu unhas *competencias clave*<sup>10</sup>, necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida, e animou aos estados membro a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección ante a necesidade de crear un marco educativo común.

Por outra banda, cómpre lembrar que a aprendizaxe lingüística no sistema educativo non se leva a cabo só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, e mesmo o profesorado doutras áreas, debe incidir na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado.

Debemos ter en conta, amais disto, que o marco legal non recorda de forma reiterada que unha proposta didáctica integradora das distintas linguas no ámbito educativo asegura a transferencia de saberes entre elas e que o ensino desta área parte do principio de que a súa aprendizaxe progresa en espiral.

Resulta evidente que estas competencias, que se introducen no sistema educativo regrado coa Lei orgánica do 2006, por proposta da Comisión Europea de Educación, incrementando a flexibilidade do sistema educativo para os adultos, son antagónicas coa aplicación do MCER (aprendizaxe, ensino e avaliación) a través de ALTE (sistema de avaliación de linguas estranxeiras) implantado en Galicia no 2007, cunha lingua sen normalizar e cunha porcentaxe moi significativa de habitantes que non recibiu esta formación básica na súa lingua.

---

<sup>10</sup> A Lei orgánica 2/2006, de educación, establece oito competencias básicas no currículo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria que deberán presidir toda a acción pedagóxica e deberán seguir presentes na programación dos ciclos formativos profesionais, bacharelato e as outras ensinanzas regradas.

## 5. A formación planificada de adultos

A Lei orgánica de educación regula a formación para as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica, regula a formación nos tramos da ensinanza secundaria obrigatoria, as probas de acceso a ciclos formativos de formación profesional e, en xeral, posibilita o acceso a todos os ciclos educativos incluído o universitario cunha proba de acceso para maiores de 25 anos.

O Real decreto 1631/2006 e Decreto 133/2007, que desenvolven esta Lei orgánica e regulan as ensinanzas de educación secundaria, co fin de adaptar esta formación das persoas adultas ás condicións, necesidades e intereses delas, establece *un currículo aberto, flexible e adecuado* ás súas características, para acadar o título de graduado en educación secundaria que se estrutura nunha formación básica inicial e nunha formación de educación secundaria con recoñecemento académico para todo o Estado.

En cada nivel, segundo o previsto na disposición adicional primeira do Real decreto citado, a organización do currículo, cunha concepción globalizadora dos contidos, estrutúrase en tres ámbitos de coñecemento: *ámbito de comunicación*<sup>11</sup>, *ámbito social* e *ámbito científico tecnolóxico*. O ámbito da comunicación ten como referente curricular os aspectos básicos das materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e, tamén, a primeira lingua estranxeira.

O obxectivo prioritario desta organización curricular ten a finalidade de facilitarlles ás persoas adultas a adquisición das

---

<sup>11</sup> Nos programas de diversificación curricular para a educación secundaria, tendo en conta as *medidas de atención á diversidade*, tamén se posibilita unha organización dos contidos, actividades e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, así como unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado que acceda a estes programas adquirir as competencias básicas, alcanzar os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obter o *título de graduado en educación secundaria obrigatoria*. Neste caso a área denomínase "ámbito lingüístico".

competencias básicas e a formación necesaria para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. O logro das competencias básicas na área de comunicación, introducidas polo Estado para a educación de adultos, no marco da proposta realizada pola Unión Europea, coincide cos propostos no MCER.

Ten suma importancia recordar aquí estes principios do sistema educativo e a súa organización curricular para adultos porque a orde que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis Celga non reconece nin valida o nivel de competencias acadado para estas ensinanzas de adultos, certificadas pola Administración educativa, coa denominación de ámbito lingüístico ou ámbito de comunicación lingüística na educación secundaria e diferentes probas de acceso a ciclos formativos ou á universidade.

Este compromiso do Estado, formulado na Lei orgánica no ano 2006, complementábase cos obxectivos formulados no PXNL que emana do mandado da Lei 3/1983 sobre a *obriga da administración de proporcionar esta formación de lingua galega para adultos que non a puideron realizar*.

Neste PXNL quedou reflectido este compromiso así como os obxectivos formulados para este ámbito, os puntos fortes e débiles da formación e os obxectivos específicos que se propón.

#### Obxectivos:

- *Lograr que a formación de adultos faga percibir o galego como unha axuda para a comunicación e como unha fonte de enriquecemento e de integración no pasado e no futuro.*
- *Garantir a especialización en galego dos profesionais que exerzan a súa actividade laboral en traballos de atención ao público.*
- *Potenciar a aprendizaxe da lingua por parte da poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios e ofrecer unha formación pedagóxica didáctica especializada ao profesorado de*

*lingua galega para adultos e fornecelos dos recursos necesarios para que poidan desenvolver con éxito o seu labor.*

**Puntos fortes:**

- *Aumentou considerablemente a proporción de cidadanía con formación en lingua galega; os cursos de formación de adultos levados a cabo desde os anos oitenta tiveron resultados positivos de cara á aprendizaxe da variedade estándar; existe un sector do funcionariado (administración, educación, sanidade...) que posúe unha boa competencia para desenvolver a súa actividade profesional en galego e existe un amplo sector da poboación, adulta non alfabetizada na lingua galega e que lle gustaría adquirir esa competencia e tamén ter un coñecemento maior de diferentes aspectos da cultura galega.*

**Puntos débiles:**

- *Mantéñense bolsas de persoas que non recibiron nunca formación en galego; obsérvanse deficiencias no sistema de capacitación lingüística dos adultos (modelo de cursos de iniciación e perfeccionamento): escasa regulamentación, mínimo control, falta de reflexión sobre obxectivos sociolingüísticos e pedagóxicos, etc. e a formación en lingua galega na educación non regrada carece dun marco de referencia homologable ao doutras linguas.*

**Obxectivos específicos que propón:**

- *Potenciar a aprendizaxe do galego por parte de toda a poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios e que poñan en relación a lingua coa historia e a cultura de Galicia.*
- *Aplicar o "Marco común europeo de referencia" á formación en lingua galega para adultos.*

- *Desenvolver un plan de formación de adultos, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma, e difundilo axeitadamente entre a poboación.*
- *Establecer un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentar en Galicia, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.*
- *Asegurar que a ESO e o bacharelato para adultos se realice integramente en galego, agás as materias doutras linguas.*
- *Crear unha rede de centros de autoaprendizaxe da lingua galega.*

Á vista da análise exposta no PXNL e dos obxectivos propostos semella que a nova regulación da formación e acreditación dos niveis de coñecemento da lingua galega só afrontou un dos obxectivos (aplicar o *Marco común europeo de referencia* á formación e acreditación dos niveis de lingua galega para adultos) dando a esquecemento os máis importantes.

#### *6. Regulación dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*

Neste contexto, e á marxe de todo o corpus legal das ensinanza regradas para adultos e sen ter en conta a análise realizada no PXNL, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, no ano 2007, publica a orde do 16 de xullo, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega e establece o emprego do MCER (aprendizaxe, ensino e avaliación) a través da Asociación ALTE (*sistema de avaliación de linguas estranxeiras*) como sistema para homologar as competencias da lingua galega.

Quen tomou esta decisión non tivo en conta que un adulto, sen adquirir nos seus estudos a competencia para aprender a aprender e a competencia de comprensión e expresión escrita (habilidades

e destrezas básicas) na súa lingua, non se pode enfrontar con éxito a estas probas. Os cursos ofrecidos á cidadanía, en xeral, para preparar a proba dun determinado nivel constan de 75 horas.

Tampouco tivo en conta que quedaba sen validación Celga o alumnado que tiña acadado o certificado de escolaridade, o certificado de profesionalidade inicial, os títulos de Educación secundaria obrigatoria (por diversificación curricular ou por ESA), as probas de acceso a ciclos formativos profesionais (nivel medio e superior) ou as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos<sup>12</sup>.

O limiar da Orde do 16 de xullo reconece que aínda *existe un importante sector de cidadáns galegos que non tiveron acceso ao coñecemento da lingua galega mediante o ensino obrigatorio*. Tamén debería reflectir o mandado do PXNL de *potenciar a aprendizaxe da lingua por parte da poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios*. Non obstante, aínda sabendo que se require a certificación do nivel correspondente como perfil específico de acceso ao mundo laboral, ignora este colectivo e obriga a someterse a unha proba de difícil superación.

Non é doado comprendelo e menos de termos en conta a análise do corpus legislativo do ensino regrado porque a Lei orgánica de educación establece para todo o Estado, como fórmula de acceso ao traballo, os certificados e títulos de ensinanzas regradas e, aínda máis, porque desde o ano 1979 xa están integradas e programadas as dúas linguas oficiais en igualdade de obxectivos, contidos e competencias con diferentes denominacións: lingua galega, lingua galega e literatura, ámbito lingüístico ou comunicación lingüística.

---

<sup>12</sup> Os alumnos que estudaron en Galicia e acadaron estas certificacións ou realizaron estas probas de acceso teñen incluído no seu currículo os estudos de lingua galega, ámbito lingüístico ou comunicación lingüística.

O Estado non lle require a un cidadán o certificado *Dele* despois de lle expedir unha titulación de ensino regrado e, para un estranxeiro, en ausencia de certificación dun nivel de ensino regrado, pídelle o regulado no Real decreto 1137/2002 coas modificacións correspondentes no Real decreto 264/2008. En principio xa *non lle expedirá este certificado ou diploma de español, cos niveis de referencia do Marco común (Dele), a quen cursara en lingua castelá a totalidade ou parte da educación primaria ou secundaria*<sup>13</sup>. E reitérase, o Estado regula e dispón que, para a cidadanía con estudos regrados, só son válidos estes porque así o establece a Lei orgánica de educación sen posibilidade de límites nin restricións territoriais.

A determinación, xa que logo, de establecer un sistema de certificacións de competencias lingüísticas pensado para as linguas estranxeiras como proceso de formación e certificación de niveis e, tamén de normalización, bate de fronte coa lexislación do Estado e, o que é máis grave, coa realidade lingüística e social de Galicia ao excluír un sector da cidadanía que non recibiu no seu día unha formación básica a través do sistema educativo regrado e por lle requirir un nivel, para acceso a certos empregos, que de ningún xeito é capaz de acadar.

Neste momento, 32 anos despois da introdución da lingua galega no sistema educativo, debería ser de obrigado coñecemento que *a certificación ou título dun nivel de estudos regrados* é a primeira referencia para determinar o nivel de competencias da lingua galega. No caso de non estar incluída no currículo de estudos regrados (por realizar estudos fóra do sistema educativo galego, ou por concluír un ciclo con exención de avaliación) a Administración tería que solicitar o certificado de nivel de estudos regrados para adultos (aos títulos das EOI, con referencia no Marco común, tampouco se lles pode aplicar restricións territoriais) ou o certificado

---

<sup>13</sup> Así o dispón o Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (Dele).



acreditativo de niveis Celga expedido pola Secretaría xeral de Política Lingüística.

### 7. *Precisións á orde que regula os certificados acreditativos de nivel Celga*

A administración galega realizou un encomiable labor para que o funcionariado acadase unha competencia lingüística no uso da lingua galega escrita moi satisfactoria. O plan de formación que se puxo en marcha cos cursos de linguaxes específicas na década dos 90 segue funcionando ata hoxe. A calidade das comunicacións nos documentos administrativos foi evolucionando de forma positiva, á par da actividade normalizadora, coa programación dunha acción formativa guiada polos parámetros da renovación e adecuación da linguaxe administrativa. A redacción de documentos de forma simple, clara, concisa e ordenada constituíu a base da formación e da adecuación da linguaxe administrativa aos procesos de información da cidadanía<sup>14</sup>.

Non obstante, a redacción da orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, non constituíu un bo exemplo nin na súa redacción, nin na utilización da terminoloxía do sistema educativo chegando a causar desconcerto e mesmo certa inseguridade xurídica que imos analizar.

---

<sup>14</sup> A EGAP, a Asociación de funcionarios para a normalización lingüística e a Secretaría xeral de Política Lingüística, antes Dirección xeral, coa planificación de seminarios, cursos específicos e publicacións de manuais específicos elaborados por diferentes grupos de traballo, realizaron desde o ano 1983 este intenso traballo normalizador. Debemos destacar tamén o *Manual de linguaxe administrativa* da autoría de García Cancela, X. e Díaz Abreira, C.L. e outros manuais que se seguen utilizando na actualidade: o *Manual básico de documentación administrativa*, SXPL, da autoría do Seminario Permanente de Linguaxe Administrativa e o *Curso de linguaxe administrativa* de López Taboada, C.; Romero Lado, C. E Leobalde García, M., coordinados ambos polo xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña.

O limiar, onde se expón a filosofía e fundamentos xurídicos nos que se basea e xustifica a regulación dos Celgas presenta retallos xenéricos esquecéndose de precisar qué artigos concretos desenvolve esta norma. Expresa que "*Pola súa banda, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística estipula en multitude<sup>15</sup> (sic) de artigos a obriga do Goberno galego de difundir o coñecemento da lingua galega entre os seus cidadáns*". Segue recordando este limiar que o artigo 14 da mesma Lei "*establece que a lingua galega é materia de ensino obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios*<sup>16</sup>" e, no parágrafo seguinte reconece que "*existe aínda un sector importante de cidadáns galegos que non tiveron acceso ao coñecemento da lingua galega mediante o ensino obrigatorio*". No derradeiro parágrafo deste limiar conclúe esta orde que "*Todo isto esixe modificar a clasificación de niveis de coñecemento de lingua galega (...) e establecer un novo sistema de validacións entre os estudos regrados e as novas certificacións de niveis de recoñecemento que se regulan nesta orde*<sup>17</sup>".

Esta orde que regula os niveis Celga non establece que a denominación técnica de *ámbito ou comunicación lingüística* é a denominación da área de linguas (galega e castelá globalizadas) para adultos, en xeral, e para os alumnos que acadan o título por diversificación curricular ou o certificado de profesionalidade inicial. Deste xeito quedan fóra do sistema de validacións Celga, aínda que cursasen lingua galega en todos os cursos, os alumnos

---

<sup>15</sup> Terceiro parágrafo do limiar da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (*Celga*). A Lei 3/83 de normalización consta de 25 artigos.

<sup>16</sup> Tamén o establecen todas as leis orgánicas de educación nas que o Estado regula os contidos mínimos dos currículos, que son complementados pola Administración educativa de Galicia e concretizados no proxecto educativo de cada centro despois da introdución no ensino regrado no ano 1979.

<sup>17</sup> Esta afirmación, como veremos con detalle, non se axusta á realidade. A orde só establece un sistema de validacións moi limitativo e mesmo restritivo, que supón un claro correctivo indirecto ás certificacións e títulos dos niveis de ensino regrado.

que acadaron o certificado de escolaridade, o certificado de profesionalidade inicial, as probas de acceso a ciclos formativos profesionais, as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos e as equivalencias decretadas pola Administración educativa cos sucesivos cambios de ciclos e etapas educativas.

A este grupo de cidadáns e cidadás debemos sumarlle o importante grupo social que aínda non recibiu unha formación básica ou, aínda que a recibira, non se incluía no seu currículo o ensino da lingua galega. Grupo da cidadanía galega ao que vimos facendo referencia en diferentes alíneas.

Amáis das sobreditas incoherencias cómpre facer tamén algunhas observacións verbo da incorrecta utilización da terminoloxía propia do sistema educativo que suscita outro tipo de problemas no plano xurídico e administrativo.

Dispón esta orde: *as validacións das materias de lingua galega de EXB, primaria, secundaria e formación profesional polos niveis de competencia Celga que se citan (...)*<sup>18</sup>; neste texto encontramos unha mestura de denominacións das ensinanzas regradas que evidencia un descoñecemento do sistema educativo<sup>19</sup>. No cadro de validacións

---

<sup>18</sup> Segundo parágrafo do artigo 10 da orde do 16 de xullo (DOG do 30 de xullo de 2007).

<sup>19</sup> As ensinanzas regradas e a súa ordenación actual, cos seus niveis e ciclos, establécense no Título I da Loe 2/2006 e son as seguintes: Educación infantil, Educación primaria, Educación secundaria obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional –nos niveis inicial, medio e superior–, Ensinanzas artísticas, Ensinanzas de Idiomas, Ensinanzas deportivas e Educación das persoas adultas. A EXB é unha etapa educativa que establece a Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da Reforma Educativa que regulaba a ensinanza obrigatoria ata os 14 anos, estruturada en 1º, 2º e 3º ciclo, e que se modifica coa Lei orgánica 1/1990. As ensinanzas regradas establecidas, con esta nova Lei orgánica 1/1990, son a Educación infantil, a Educación primaria, a Educación secundaria, (comprende a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio) a Formación profesional de grao superior, as Ensinanzas artísticas, e as Ensinanzas de idiomas.

do anexo non aparece ningunha validación de primaria, mais aparecen as ensinanzas de FP1 e FP2, de anteriores leis orgánicas.

Segue o mesmo artigo dispoñendo no terceiro parágrafo do artigo 10 que *os que superasen a materia de lingua galega nas probas libres para o graduado escolar ou nas probas libres para o graduado en educación secundaria obrigatoria solicitarán a validación na Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*. As denominacións correctas do texto anterior serían “graduado escolar de EXB” e “inspeccións educativas das delegacións territoriais”, hoxe xefaturas territoriais, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A inspección educativa expide estas validacións (aínda que non aparecen reflectidas no anexo de validacións da orde) baseándose neste antedito parágrafo. Mais a validación do mesmo título de *graduado escolar en ESA*<sup>20</sup>, acadado por estudos realizados nos centros educativos, coa mesma materia de ámbito lingüístico, de forma incoherente, queda sen validación por determinalo así a Secretaría Xeral de Política Lingüística en comunicacións escritas dirixidas aos correspondentes centros educativos; este feito crea unha clara discriminación entre un tipo e outro de alumnado.

No anexo I dispón a orde citada que *serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2) o título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de*

---

<sup>20</sup> Coa publicación da Lei orgánica de educación cobra unha importancia destacada a *atención á diversidade* do alumnado. Ao finalizar esta etapa educativa obrigatoria o alumnado acada o título de graduado en ESO, o título de graduado en ESA, por diversificación curricular, ou o certificado de profesionalidade inicial.

Segundo a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, os alumnos que cursasen a ESO e non obteñan este título recibirán unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias básicas que se incluíron nas ensinanzas regradas. Este nivel de competencias de comunicación lingüística tamén debe ter a súa validación correspondente na orde de validacións.

*maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos*<sup>21</sup>”.

Neste parágrafo preséntase unha nova restrición ás distintas leis orgánicas que regulan o sistema educativo e aos sucesivos decretos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que desenvolven as mesmas leis e tamén o artigo 14 da lei 3/83. Todas as leis orgánicas de Educación, posteriores á Lei 14/1970, establecen unha adaptación curricular para que nun prazo variable, o alumnado que procede doutro sistema educativo con lingua diferente, coa axuda especial do sistema, se integre e, xa que logo, ao finalizar unha etapa poida superar o nivel. Se o seu título certifica o mesmo nivel de adquisición das competencias básicas e dos obxectivos programados non vemos por qué razón non se pode certificar tamén a súa validación.

Amais disto, en Galicia, o alumnado que procede doutro sistema educativo, pode obter a exención das probas de avaliación da materia de lingua galega co fin de que, cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua dos seus profesores, poida, ao remate deste prazo seguir as ensinanzas propias do nivel no que estea en igualdade de condicións cos demais compañeiros da clase. Estes alumnos teñen a obriga de asistir ás clases e de acreditar o aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecementos nesa materia, como medio de integración lingüística, de acordo coa adaptación curricular gradativa que se lle aplique. Pois ben. Se estes argumentos, baseados en criterios pedagóxicos, valen para integrar, tamén deben valer para validar o correspondente nivel Celga, sen esta restrición de *sempre que se estudase e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos*.

---

<sup>21</sup> Punto 2 do Anexo I da orde do 16 de xullo (DOG do 30 de xullo de 2007). EXB ou primaria corresponden a etapas educativas regradas de diferentes leis orgánicas. Ver nota 19 sobre esta ordenación.

E aínda hai máis, pois, segundo a Lei orgánica e o corpus legal que a desenvolve, todo alumno e alumna do ensino primario e educación secundaria obrigatoria, que supera un nivel, supera tamén todos os anteriores na mesma materia.

Mais non finalizan aquí as arbitrariedades administrativas nin o descoido na utilización da terminoloxía específica das denominacións do sistema educativo. No punto 3 do mesmo anexo, regula a orde *que serán validables polo Certificado de lingua galega 3 o certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas*<sup>22</sup>. Nunca existiu tal *ciclo inicial* nos estudos das citadas escolas.

Segue dispoñendo esta orde que *será válido polo Celga 5 o certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme o programa previsto no Real decreto 47/1992 (...)*<sup>23</sup>. O sorprendente é que neste Real decreto se regulan os contidos mínimos das ensinanzas especializadas de idiomas do primeiro nivel para as que se expide neste caso o "*certificado de aptitude do ciclo superior do primeiro nivel no idioma galego*" pero nunca se chegaron a publicar nin a impartir os contidos dun segundo nivel, o que constitúe, ao noso parecer, dous grandes disparates: por unha banda, validar algo inexistente e, por outra, outorgarlle unha validación equivalente á licenciatura de filoloxía galega<sup>24</sup>.

---

<sup>22</sup> A designación que recibe o certificado das ensinanzas regradas no RD 967/1988, do 2 de setembro, é *Certificación académica do Ciclo elemental do primeiro nivel*. A designación que reciben as certificacións das ensinanzas regradas no RD 47/1992, do 24 de xaneiro, é *Certificación académica do Ciclo elemental do primeiro nivel*.

<sup>23</sup> A designación que recibe o certificado das ensinanzas regradas no RD 967/1988, do 2 de setembro, é *Certificado de Aptitude do Ciclo superior do primeiro nivel*. A designación que recibe o certificado das ensinanzas regradas no RD 47/1992, do 24 de xaneiro, é *Certificado de Aptitude do Ciclo superior do primeiro nivel de lingua galega*.

A designación que reciben as certificacións das ensinanzas regradas no RD 1629/2006, do 29 de decembro, son *Certificado de Nivel Básico (A2)*, *Certificado de Nivel Intermedio (B1)* e *Certificado de Nivel Avanzado (B2)*.

<sup>24</sup> O Real decreto fixa no nivel B2 do MCER este ciclo superior do primeiro nivel e fixa como nivel máximo de estudos nas EOI o nivel C1 (Celga 4), sempre e

## 8. Desaxustes entre os obxectivos do PXNL e o novo sistema de formación e acreditación de niveis de coñecemento da lingua galega

Antes das conclusións desta exposición cómpre centrámonos nos obxectivos e principios correctores que deben rexer nun sistema de aprendizaxe da lingua galega previstos e formulados no PXNL a partir dunha diagnose da situación.

O mesmo PXNL expresa que o sistema de formación, en vixencia ata o ano 2007, aberto e permisivo, tivo unha importancia capital no proceso de normalización nas décadas dos 80 e 90 aínda que, efectivamente, carecía dun nivel de referencia dentro do marco común.

O actual sistema de formación e acreditación centrouse en dotar a formación non regrada da lingua galega, a través de ALTE, do MCER, como se dunha lingua estranxeira se tratase, e dispoñer dun cadro de validacións dos estudos regrados aplicándolles tales restricións e limitacións que xuridicamente non é doado xustificar<sup>25</sup>.

8.1. O profesorado que imparte a formación segue procedendo da bolsa de licenciados en paro, sen que teña realizado o mestrado de formación pedagóxica (ou o antigo certificado de aptitude pedagóxica) nin unha formación pedagóxico didáctica especializada para adultos como indica o PXNL. Ata o 2007 o profesorado recibía esta formación en seminarios específicos organizados

---

cando a Administración educativa de Galicia publique o seu currículo. A Orde de validacións adxudicalle, de xeito improcedente, o nivel C2 do MCER (Celga 5). Non se coñece se existen instrucións para efectuar as validacións destes estudos xa que aínda non se realizou ningunha corrección da terminoloxía utilizada.

<sup>25</sup> Unha orde corrixe a validez e o nivel de competencias acadadas e certificadas de estudos regrados que emanan dunha lei orgánica na que mesmo a Administración Educativa de Galicia está implicada no seu desenvolvemento legal. Existe unha norma básica no Lei de procedemento administrativo, artigo 51, sobre xerarquía e competencia, que textualmente di: *Ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior.*

polos gabinetes territoriais, cunha formación moi básica e centrada na importancia de adecuar os programas aos perfís de diferentes colectivos. Coa implantación do actual sistema de formación o profesorado recibe unha formación encomendada ao Departamento de linguas estranxeiras da Universidade de Santiago e esta formación, que non atende ningunha das propostas do Plan xeral de normalización da lingua galega, mostra demasiadas carencias<sup>26</sup>.

8.2. A un 50% aproximadamente da cidadanía que realiza estudos regrados, ao abeiro da Lei orgánica de educación, non se lle recoñece o nivel certificado de competencia lingüística no sistema de validacións que establece a orde que as regula<sup>27</sup>.

8.3. Este novo sistema incumpre os obxectivos específicos que marca o Plan xeral *de potenciar a aprendizaxe do galego por parte de toda a poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios e que poñan en relación a lingua coa historia e a cultura de Galicia. Incumpre o obxectivo de desenvolver un plan de formación de adultos, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma, para difundilo axeitadamente entre a poboación. Non establece ningún plan específico (máis aló da oferta de cursos de formación de 75 horas) destinado á*

---

<sup>26</sup> A boa lóxica situaría esta formación na Facultade de Pedagogía, en formación do profesorado, no ILGA que historicamente foi protagonista no deseño da formación e da creación de material didáctico de lingua galega ou na mesma Secretaría xeral que é ben coñecedora das necesidades específicas de formación. Semellaría máis pertinente que se lle encomendase esta formación ao Departamento de lingua galega de calquera universidade con asesoramento en formación do profesorado. Os gabinetes de normalización lingüística territoriais, que levan o peso específico desta formación, tampouco non foron consultados para o deseño desta formación. A asignación da formación no antedito departamento de linguas estranxeiras aínda acentuou máis o carácter de lingua estranxeira deseñado neste plan.

<sup>27</sup> Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega Celga.



*nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, ou fillos de galegos retornados, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais, etc.*

8.4. O proceso de normalización esixe ter en conta diferentes colectivos sociais e así, desenvolver un plan de formación de adultos, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma. Non pode ter o mesmo tratamento o colectivo de inmigrantes ou castelán falantes e a bolsa de falantes galegos, que aínda existe, e que non recibiron nunca formación en galego<sup>28</sup> ou que de maneira inxustificada non se lle valida.

8.5. O desequilibrio deste novo plan prodúcese, sobre todo, ao decidir para o proceso de normalización da lingua galega o modelo da *Association of Language Testers Europe*, ALTE, de avaliación de linguas estranxeiras, para avaliar os falantes galegos, maiores de 40 anos, que queren acceder a un posto de traballo a través das listas de contratación das diferentes administracións ou para acceder a cursos de empregabilidade.

8.6. Acentúase este desequilibrio ao limitar as validacións do sistema educativo regrado. A norma de validacións é tan deficiente que é posible cursar todos os estudos de Primaria, Secundaria obrigatoria e ciclos formativos en Galicia sen acadar ningunha validación dos niveis Celga; un alumno ou alumna realiza os estudos de primaria (non se prevé validación de nivel Celga); en secundaria acada o título de educación secundaria obrigatoria, por diversificación curricular, profesionalidade inicial ou ESA para adultos (tam pouco se prevé as validacións de nivel Celga); este certificado ou

---

<sup>28</sup> Sintetiza moi ben a situación que comentamos a impotencia expresada por unha galegofalante da Costa da Morte que por tres veces suspendeu as probas Celga para acceder a unha praza de cocifeira: "*Déronme paus por falar galego cando fun á escola e agora danmos por non sabelo escribir*".

título dálle acceso á formación profesional, nivel medio e superior (tampouco se prevé a validación); este ciclo superior dálle acceso á universidade e, outra volta, temos incrementado así o grupo de adultos que precisa presentarse ás probas cando ten certificación de ter acadado o nivel de competencia de lingua galega e castelá en cada un dos niveis cursados.

8.7. Cómpre indicar tamén os problemas que se lles crea a estes adultos (ou ao colectivo que no seu día abandonou os estudos regrados para incorporarse á vida laboral) para a certificación de competencias en lingua galega nos cursos de empregabilidade ou de acceso a novos certificados de profesionalidade na Consellería de Traballo e Benestar. Esta Consellería de Traballo e Benestar convoca unha proba anual, como neste momento convoca a Secretaría Xeral, pero é escusado citar aquí os atrancos que isto supón, para os desempregados de máis de 40 anos, á hora de superar este novo sistema de acreditación de competencias lingüísticas á que se encontran abocados<sup>29</sup> e á espera temporal á que se ven sometidos.

8.8. Este sistema de formación e regulación dos niveis Celga tampouco achega ningunha solución viable para o colectivo de adultos, que só acadou o certificado de estudos primarios, máis que a de someterse a probas de nivel. É preciso aquí recordar que o MEC<sup>30</sup>, no ano 2009, publicou unha nova orde de equivalencias de estudos regrados realizados ao abeiro das leis orgánicas de educa-

---

<sup>29</sup> Ver información na páxina web da Dirección xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar.

<sup>30</sup> Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Loe 2/2006. Recordemos que esta Lei declara que todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo e formula a necesidade de adoptar medidas para recoñecer as aprendizaxes adquiridas, impulsando a súa continuidade na educación e na formación, e que isto lles proporcione unha mellora cuantitativa e cualitativa no emprego.

ción desde a Lei 17/07/1945. Nela dispón que, sempre que nunha convocatoria para cubrir determinados postos de traballo, sexa no ámbito público ou o privado, se requira estar en posesión dun título con equivalencias expresadas nesta orde, serán equivalentes e válidos para acceder ao posto de traballo convocado, calquera dos títulos declarados equivalentes. Ata o ano 2007 o corpus legal dispoñía que *os alumnos que cursasen estudos básicos ou medios en Galicia antes da incorporación da materia de lingua galega ao sistema educativo (...)*<sup>31</sup>, no caso de proseguiren estudos, estaban obrigados a cursar lingua galega, mais non existe ningunha norma que os obrigue a cursala no caso de non os retomaren.

En concreto, no artigo 2 dispón que *o Certificado de Estudos Primarios, derivado da Lei 17/7/1945, de Educación Primaria, e da Lei 21/12/1965, de Reforma da Educación Primaria, será equivalente para os efectos de acceso a empregos públicos e privados, ao título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria*<sup>32</sup>. Tamén declara equivalentes, para os mesmos efectos, *a superación da proba de acceso ás ensinanzas profesionais de grao medio co título de Graduado en Educación Secundaria; a superación da proba de acceso ás ensinanzas profesionais superiores, para maiores de dezanove, equivalente co título de Bacharelato cuns determinados requisitos; a superación da proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, co título de Bacharelato, etc.* Malia o dito, daqueles que teñen o Certificado de Estudos Primarios que non proseguiron outros estudos, moi poucos accederon á formación de lingua galega. Dos que teñen superadas as probas de acceso (aínda que superaran a materia de ámbito ou comunicación lingüística) non teñen validación Celga de ningún nivel.

---

<sup>31</sup> Artigo 3 do Decreto 79/1994, do 8 de abril sobre exencións da materia de lingua galega no ensino básico e medio.

<sup>32</sup> Artigo 2 da citada Orde EDU/1603/2009.

## 9. Conclusións

A Lei orgánica de educación define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas regradas. O conxunto de accións formativas posibilitan a superación dos diferentes niveis ou, no caso da formación profesional, capacitan para o desempeño cualificado dun emprego. O profesorado de cada aula, antes do proceso de aprendizaxe, conxuntamente co equipo docente do nivel, entre outras, ten as funcións de programar o ensino da súa materia, a función de avaliar o proceso de aprendizaxe e a de avaliar o proceso de ensino. Isto require que, antes de iniciar o proceso de aprendizaxe, estean fixados cada un dos compoñentes do currículo así como a estrita cuantificación do proceso de avaliación continua e final.

O MCER ofrece unha base común para que os estados fixen e describan uns obxectivos, contidos e a consecuente metodoloxía nos sistemas educativos pero, no ensino non regrado, en Galicia a través de ALTE, os criterios de avaliación e a súa cuantificación son fixados por unha comisión central que programa contidos mais non programa nin secuencia o seu ensino, nin avalía o proceso de aprendizaxe, nin o proceso de ensinanza. Polo tanto a ensinanza está desconectada do proceso de avaliación ou simplemente parte do feito de que o candidato, posuidor da competencia para aprender a aprender e da competencia lingüística, polo menos nunha primeira lingua, é capaz de programar o proceso de autoformación ou asiste a clases de formación de 75 horas por nivel.

A cuantificación da avaliación das probas de niveis Celga en Galicia, que ben merece un estudo concreto, está expresada en criterios moi xenéricos e pouco precisos e, sumado á pouca experiencia pedagóxica dos axentes avaliadores, pode restar obxectividade á proba. Chama tamén a atención a composición desta comisión central en tanto que non forma parte dela ningún

docente con experiencia en formación de adultos e que, maioritariamente ou non son docentes (incluído persoal de diferentes corpos da administración) ou pertencen ao corpo de profesores da universidade desconectados, por lóxica, dos niveis de ensino regrado non universitario.

Son evidentes as diverxencias entre a Lei orgánica 2/2006 de educación e a orde que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega que establece a formación non regrada.

O sistema educativo que regula a Lei orgánica de educación e que desenvolve os principios constitucionais do dereito á educación, segundo o mandado pola Lei orgánica 8/1985, enmárcase dentro dos obxectivos comúns propostos pola Unión Europea. No corpus xurídico administrativo encádrase no grupo de leis orgánicas que, ademais dos fins específicos que se propón, capacita para a integración laboral, tanto no ámbito público coma no privado garantindo a mesma validez en todo o territorio do Estado sen que se poida restrinxir, limitar ou producir discriminacións entre a cidadanía. Esta formación e adquisición de competencias e destrezas recordemos que combina o principio dunha educación común coa *atención á diversidade do alumnado*.

A regulación dos certificados CELGA, que certifica un nivel homoxéneo na escrita e na oralidade de forma conxunta, fóra do sistema educativo regrado, segundo un sistema planificado para a avaliación de coñecementos na aprendizaxe de linguas estranxeiras, desenvolve artigos da Lei 3/83, de normalización lingüística baseándose en competencias delegadas no Real decreto 1763/1982 . Estas competencias, que emanan dos artigos 5, 25, 26, 27 e 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son exercidas para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía e para certificar uns coñecementos que aseguran, a idoneidade e o perfil lingüístico do profesorado e do funcionariado, en xeral, por non ter cursado esta materia e ter que garantir o susodito dereito lingüístico da cidadanía.

9.1. Esta regulación, na actualidade, cando a cidadanía por baixo dos 40 anos xa recibiu esta formación a través do currículo de ensinanzas regradas, ten un carácter restritivo que se impón, de maneira inxustificada en contra dos principios da Lei orgánica de educación e decretos que a desenvolven. Sería preciso recordar aquí que a formación se debe centrar nos colectivos que non tiveron a oportunidade histórica de realizar este estudo, nos galegos retornados, nos inmigrantes e, en xeral, en todos os que se incorporaron á cidadanía galega sen ter cursado estudos en Galicia.

9.2. Todos os que estudaron nun centro de Galicia e acadaron un certificado ou título previsto nas diferentes leis orgánicas de educación deben ter a súa correspondente validación ou recoñecemento expreso, para todos os efectos, sempre que superaran a materia de lingua galega nese nivel de estudos.

9.3. Débense ter en conta, para unha correcta orde de validacións de niveis de ensinanzas non regradas e ensinanzas regradas, todas as equivalencias que o MEC realiza ante as modificacións de leis e plans para os efectos laborais, administrativos e tamén educativos. As certificacións esixidas como condición complementaria para o acceso ao mundo laboral (convocatorias da mesma Administración, cursos de empregabilidade, etcétera) de alumnos que realizaron os seus estudos en centros educativos de Galicia non se adecúan á Lei orgánica de educación que xa certifica estas competencias. E aínda se adecúan menos cando se lle solicita á cidadanía un nivel superior de coñecementos de lingua galega á dos estudos regrados realizados que lle dan, por lei, acceso ao mundo laboral.

9.4. Debemos expresar que non se cuestiona a necesidade de esixir un nivel de coñecementos de lingua galega, cun determinado

perfil relacionado co posto de traballo, senón que moitas veces se está solicitando unha acreditación de competencias que xa están certificadas por unha lei orgánica.

9.5. Este instrumento de avaliación Celgas non ten chatas para o que foi creado, mais tenas, e moitas, para aplicar nun país cunha lingua que non está normalizada, que non ten en conta a situación sociolingüística e cultural e que exclúe da planificación unha alta porcentaxe da cidadanía que non recibiu formación na lingua de seu, da que é falante activo.

9.6. En consecuencia, a idoneidade que aquí se cuestiona, deberá ter en conta, en primeiro lugar, aqueles cidadáns e cidadás que non acadaron no seu sistema educativo *a competencia para aprender a aprender, a competencia de autonomía e iniciativa persoal e a competencia da comunicación da lingua galega nos ámbitos de comprensión e expresión oral e escrita* e, simultaneamente, introducir os seguintes elementos correctores nunha norma que corrixa a cuestionada:

- Darlles prioridade ás *certificacións e títulos de estudos regrados* que acrediten as competencias de lingua galega nun nivel concreto e publicar unha nova orde de validación na que toda certificación ou título de ensinanzas regradas, realizadas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 de educación (ou doutras anteriores) e expedido por proposta dun centro educativo de Galicia, teña a súa validación correspondente.
- Incluír neste novo cadro de validacións as diferentes probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e superior, as probas de acceso ás ensinanzas de artes plásticas e deseño e as probas

de acceso á universidade para maiores de 25 anos sempre que se realizara a proba de lingua galega no ámbito da comunicación ou ámbito lingüístico.

- Incluir tamén un cadro completo de equivalencias dos estudos regrados realizados ao abeiro de anteriores leis orgánicas de educación ou dispor que toda equivalencia decretada polo MEC e Administración educativa se reflicta no sistema de validacións entre ensino regrado e non regrado.
- Poñer en marcha un Plan de formación específico, segundo prevé o PXNL, deseñado para a cidadanía galegofalante que non tivo a oportunidade histórica de estudar lingua galega nos seus estudos de ensinanza primaria ou de ensinanza básica non concluída.
- Planificar nas Escolas Oficiais de Idiomas cursos integrados de formación de lingua galega, nos niveis básico, intermedio e avanzado, para adultos que precisen certificar estas competencias como requisito de acceso aos novos certificados de profesionalidade, de acceso a cursos de empregabilidade da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, ou para satisfacer a necesidade de formación de adultos.
- Complementar esta nova orde cunha disposición adicional, libre de ambigüidades, para todas as Administracións públicas, no sentido de que non se lle debe solicitar en ningún caso á cidadanía un nivel de coñecementos de lingua galega superior ao nivel reconecido no certificado (ou título) de estudos que lle dá acceso ao emprego.



Miquel-Àngel Pradilla (2009): *La tribu valenciana. Reflexions sobre la desestructuració de la comunitat lingüística*. Benicarló: Onada, 150 pp.

O paradigma da complexidade que defende Edgard Morin postula que a realidade está sometida a un conxunto de presións multifactoriais que a fan case inaprehensibel. Este é o transfondo común dos cinco artigos que, publicados nos últimos tres anos, Miquel-Àngel Pradilla recolle agora en *La tribu valenciana*. Partindo de que é unha realidade mutábel que cómpre abordar dende a complexidade, Pradilla analiza o ecosistema comunicativo valenciano para dar conta do estado actual de desestructuración da comunidade lingüística catalanófono. E faino centrándose tanto na planificación do corpus coma na do status, coa intención de reflexionar sobre o proceso de individuación que retroalimenta a minorización crecente do valenciano no seu propio territorio histórico.

O primeiro dos cinco artigos leva por título "Reflexións sobre a desestructuración da comunidade catalanófono: o ecosistema comunicativo valenciano contemporáneo", e pretende avaliar "o grao de individuación ou imbricación do ecosistema comunicativo valenciano nun marco de referencia máis amplo, o territorio tradicionalmente catalanófono". Pradilla acada este obxectivo centrándose en catro criterios: a reformulación do concepto de *comunidade de lingua*, a análise da interrelación lingüística entre os membros do colectivo, o estudo das actitudes e normas de uso vixentes no seo da comunidade e mais o grao de integración simbólica dos catalanófonos nos diferentes marcos culturais en litixio. A análise destes aspectos, que Pradilla desenvolve en profundidade no resto de artigos, lévao a concluír que o conflito lingüístico persiste no País Valenciano. Trátase, en esencia, dunha pugna entre os sectores partidarios de establecer un marco comunicativo compartido co resto de territorios catalanófonos e os partidarios de crear un marco referencial autónomo, isto é, isolacionista. E é que, pechada xa a controversia sobre a filiación do valenciano, o debate real hoxe xira arredor do modelo de lingua e, en último termo, do status de funcionalidade que se prevé para o valenciano. Unha nova mostra de que planificación do corpus e planificación do status son dous procesos inseparábeis.

O segundo dos artigos que integran o libro titúlase "A estandarización lingüística no País Valenciano", e céntrase na análise dos dife-

rentes modelos de lingua que hoxe conviven neste ámbito lingüístico. No ano 2003, Pradilla afirmaba que a creación, dous anos antes, da Acadèmia Valenciana de la Llengua (AVL), inaugurara *de iure* unha práctica codificadora policéntrica que podía concretarse na sanción duns acordos normativos de traza localista. Unha vez aprobados algúns destes documentos, o autor propónse analizar o modelo de lingua que deles se desprende. Concretamente, Pradilla fíxase nas dúas principais propostas codificadoras da AVL: o *Diccionari ortogràfic i de pronunciació del valencià* (DOPV) e mais a *Gramàtica normativa valenciana* (GNV).

Nun momento no que todos os estudos demolingüísticos recentes sinalan unha dinámica moi negativa no coñecemento e emprego do valenciano, e no que a matriz de trazos valorativos asociada á lingua se contrae de forma significativa, Pradilla lembra a necesidade de tomarmos conciencia de que o proceso de substitución lingüística segue vixente e é implacábel; considera, xa que logo, que só poderá reviralo unha política lingüística que avogue verdadeiramente pola difusión dun modelo de lingua culta adecuado á realidade sociolingüística do País Valenciano.

É con este obxectivo que Pradilla analiza os catro modelos de lingua que conviven actualmente na área lingüística valenciana; uns posicionamentos estandarizadores que se distribúen entre dous polos maximalistas: o do secesionismo (máis coñecido como blaverismo), por unha banda, e o dos partidarios de adoptar a versión oriental do estándar difundida en Cataluña, pola outra. Entre eles sitúanse as formulacións autonomistas da AVL e as unitaristas, defendidas polo Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana (IIFV).

No tocante aos dous primeiros modelos, Pradilla afirma que hoxe teñen un seguimento "residual". En consecuencia, a dialéctica sobre o emprego da lingua céntrase en dúas propostas endonormativas menos radicais: por unha banda, o modelo impulsado pola AVL, ou modelo *autonomista*; e, pola outra, o modelo impulsado polo IIFV, ou modelo *unitarista*.

En referencia ao labor da AVL, Pradilla amósase especialmente crítico co DOPV, mentres que considera a GNV unha obra "ponderada", de consenso tendo en conta a diversidade de sensibilidades que integran o organismo. A desconformidade do autor concrétese en tres puntos que, ao seu parecer, alteran de xeito substancial a praxe normativa vixente dende as "Normes de Castelló", a saber: unha coloquialización excesiva da norma léxica, unha actitude (moi) aberta á incorporación de castelanismos e mais unha priorización sistemática das formas orais valencianas, malia non seren as de maior prestixio no estándar xe-

ral catalán. Precisamente este último punto, que comporta unha reubicación de múltiples formas no repertorio lingüístico, recibe as principais críticas por parte do autor. Pradilla afirma que este reaxuste estilístico provoca un "trastorno do sistema de connotacións vixentes" que pode comportar consecuencias funestas: dunha banda, ao trivializar a adecuación sociopragmática, impide a configuración dun sistema estilístico ben pautado que permita os usuarios identificaren a variedade estándar como unha ferramenta comunicativa de prestixio; doutra banda, "impugna demasiado radicalmente o comportamento dos axentes culturais que protagonizaron até hoxe a loita pola dignificación da lingua". Esta coloquialización da norma, unida á consideración, por parte da AVL, da interferencia como unha peaxe necesaria para que o falante se identifique co modelo, levan o autor a considerar o DOPV un "contraexemplo de boa práctica estandarizadora". Amais, a reclusión de formas procedentes do modelo do IEC a un nivel de formalidade máis baixo (ou mesmo a exclusión destas formas do modelo culto) impelen o autor a cuestionarse cal é a verdadeira variedade de contrareferencia do modelo proposto pola AVL. Neste sentido, a suposta vontade de converxencia co resto do ámbito lingüístico non semella ser senón unha mera "formulación retórica". Dende o noso punto de vista, Pradilla acerta absolutamente ao situar esta cuestión no centro do debate. De feito, a controversia non deriva tanto da revalorización que fai a AVL das formas léxicas autóctonas do País Valenciano, senón da consecuencia (supostamente lóxica) que esta revalorización comporta: a degradación doutras formas compartidas co resto do ámbito lingüístico que veñen sendo empregadas con normalidade en tanto que formas estándar entre os colectivos valencianos que traballan a prol da lingua. É fundamental para a consolidación do estándar catalán que os valencianos se sintan identificados con el e isto, na situación sociolingüística actual, implica un maior recoñecemento da diversidade dentro da unidade (a *Gramàtica valenciana* de Manuel Sanchis Guarner é o exemplo paradigmático de respecto á variación dende unha perspectiva unitaria da lingua). Pero cómpre tamén ter moi en conta tanto o posicionamento marcadamente unitarista da maior parte da sociedade civil que traballa pola dignificación da lingua coma o feito de que un certo polimorfismo non ten que derivar á forza dunha codificación policéntrica. Recollendo as palabras do profesor Gabriel Biliboni, da Universitat de les Illes Balears, o perigo hoxe é que coa AVL "temos a unidade da lingua máis

proclamada polo poder e a unidade da comunidade lingüística máis debilitada por este mesmo poder"<sup>1</sup>.

Diante desta situación, Pradilla reconece a súa "devoción unitarista". Segundo o autor, o modelo defendido polo IIFV (que monopolizou, ademais, a presenza nas aulas dende a introducción do valenciano no ensino), non só superou xa a proba do uso, senón que aglutina todas as propiedades indisociábeis dun modelo de lingua estándar consistente. Malia as vantaxes desta proposta, Pradilla é consciente de que na conxuntura política actual este unitarismo é inviábel: éo porque non hai nin unha consciencia previa de comunidade lingüística co resto de territorios catalanófonos nin a interacción necesaria entre os membros da comunidade para difundir o modelo con garantías. Segundo Pradilla, é capital cambiar a política de "autismo cultural" impulsada polo Partido Popular dende 1995 para que se cree unha conxuntura favorábel á adopción deste modelo. De non producirse o cambio, o autor advirte que se podería entrar nunha fase de *ilaboración* (segundo o termo proposto por Lamuela e Murgades, 1984): "poderíamonos atopar de cheo cun proceso de interferencia propiciado dende a propia elaboración do modelo que contribuiría á consolidación do proceso de substitución lingüística".

Neste segundo artigo, pois, Pradilla actualiza o estado da cuestión arredor do modelo de lingua culta valenciana, e amósase claramente partidario do unitarismo, malia admitir que a AVL non naceu tan só por unha veledade política, senón que respondía a unha demanda sociolingüística real. Quizais por esta razón, e á espreita das accións que emprenda no futuro a institución, pecha o artigo afirmando que, a día de hoxe, o grao de intersección das propostas da AVL e mais do IIFV amosa, aínda, "unha zona de contacto de gran magnitude".

Para comprendermos os motivos que propiciaron a creación dunha entidade codificadora no ámbito valenciano, cómpre ter en conta que o proceso de substitución da lingua vén de vello, e que comportou uns posicionamentos políticos cambiantes ao longo da historia. Este é o tema que se recolle no terceiro dos artigos: "ensaiar unha proxección diacrónica da dinámica substitutoria que dominou o ecosistema comunicativo valenciano dende o século XVI, co obxectivo de incardinar nela a realidade sociolingüística actual". O artigo leva o título "A política lingüística contemporánea ou a deriva substitutoria do 'idioma valenciano'", e segue as premisas teóricas de Rafel Lluís Ninyoles para caracterizar as fases históricas do proceso de castellanización. Segundo

---

<sup>1</sup> <http://bibiloni.cat/blog/?p=239> [11/01/2010].

este autor, o conflito lingüístico valenciano é un conflito de clases; caracterízase por unha ordenación xerarquizada do espectro social que leva asociado un esquema de funcionamento lingüístico tamén xerarquizado; e apóiase nunha ideoloxía bilingüista que lexitima esta distribución das linguas no eixo funcional, favorecendo o mantemento do monolingüismo dos castelanfalantes e mais a deserción lingüística dos valencianofalantes. Moitos son, xa que logo, os paralelismos entre as situacións de contacto de linguas que caracterizan as sociedades valenciana e galega.

A partir destes presupostos, Ninyoles divide o proceso de substitución do valenciano en tres fases de diferente direccionalidade: unha primeira fase *horizontal e selectiva* (a partir do s. XVI) na que as elites adoptan o castelán e velan polo seu monopolio; unha segunda fase *descendente e espontánea* (a mediados do s. XIX), na cal o castelán é xa un factor chave para a mobilidade social; e mais unha terceira fase *de difusión coactiva*, que coincide coa estigmatización institucional do valenciano impulsada polo franquismo e que desemboca no coñecido *paradigma fusteriano*, unha reacción de defensa da lingua e a identidade catalás liderada por Joan Fuster que xorde de sectores universitarios e burgueses de Valencia.

A principal contribución de Pradilla no artigo é, polo tanto, complementar a cronoloxía esbozada por Ninyoles con tres novas fases: unha primeira etapa de *difusión encuberta do proceso de castelanización*, unha segunda fase de *infraplanificación lingüística* e un terceiro momento de *contraplanificación lingüística*. Segundo Pradilla, a política lingüística impulsada nos anos da transición democrática foi de *difusión encuberta do proceso de castelanización*, porque rematou sendo unha *época de claudicacións* na que o blaverismo se impuxo e a esquerda perdeu a chamada "batalla de Valencia": cedeu na denominación estatutaria da lingua, da comunidade, do himno e mais da bandeira.

A segunda etapa delimitada por Pradilla coincide cos anos de goberno socialista (1983-1995), e ten na promulgación da "Llei d'Ús i Ensenyament del Valencià" (LUEV), en 1983, o seu máximo expoñente. Trátase, porén, dunha etapa caracterizada por unha grande incoherencia e vacilación no establecemento do marco legal, por unha carencia patente de convicción á hora de liderar o proceso normalizador e polo despregamento dunha política lingüística esencialmente simbólica. Por todo isto, Pradilla denomínaa *de infraplanificación lingüística*.

Os anos de goberno da dereita (de 1995 até a actualidade) constitúen, finalmente, o que Pradilla chama unha etapa *de contraplanificación lingüística*. Os seus principais trazos definitorios son, segundo o

autor, a obsesión pola creación dun marco de referencia isolacionista, unha inhibición flagrante de toda planificación funcional por parte do goberno e mais un incumprimento manifesto da lexislación vixente. Segundo Pradilla, "a pedra angular da estratexia toda foi unha aposta nominalista polo glotónimo tribal e a subseguinte negación dun ámbito de pertenza lingüística superior"; por todo isto, conclúe, "o horizonte da secesión lingüística segue tan vixente como a dinámica substitutoria". Novamente acerta Pradilla ao denunciar a política lingüística dos últimos gobernos valencianos: a indisociabilidade entre planificación do corpus e do status –fundamentais para a consolidación dun estándar referencial e para á súa implementación social– é asemade o mellor garante de que se pode promover unha involución do status e do uso da lingua mediante unha contraplanificación lingüística férrea.

Precisamente o cuarto artigo do libro céntrase na análise do estado actual do proceso de substitución lingüística. Co título "Vinte e cinco anos de LUEV. Un futuro incerto para a lingua", Pradilla aproveita a conmemoración desta efeméride para levar a cabo unha caracterización demolingüística detallada da vitalidade do valenciano. Determinar a evolución do proceso de substitución lingüística nos últimos anos é crucial para deseñar unha política lingüística efectiva que permita encarrear a situación da lingua. Por esta razón, Pradilla é moi belixerante co "apagón demolingüístico" que supuxo a chegada do PP ao goberno en 1995. Esta ocultación consciente da realidade, "devastadora para a lingua", foi a política oficial da Generalitat até a publicación, en 2004, dunha enquisa realizada pola AVL sobre a situación social do valenciano.

Neste traballo, Pradilla fai unha análise exhaustiva de varios indicadores sociolingüísticos. Esta análise, que leva a cabo non só en chave interna, senón tamén en comparanza cos datos actualizados do resto de territorios catalanófonos, lévao a concluír que os vinte e cinco anos de aplicación da LUEV foron de escasa efectividade. De feito, o autor afirma que na actualidade o valenciano atópase inmerso nunha "crise grave no seu ecosistema comunicativo", posto que "retomou un declive alarmante" dende o punto de inflexión que supuxo a chegada ao poder da dereita.

Consciente de que un cambio de escenario político é crucial para lle dar a volta á situación, Pradilla propón no entanto principiar un debate sobre varios temas capitais para o futuro da lingua: o modelo educativo, que non chega a escolarizar en valenciano nin un de cada catro estudantes; os requisitos lingüísticos para acceder á función pública, hoxe case inexistentes; e mais o papel da poboación da zona castelan-

falante do país nun proceso decidido de normalización lingüística. Un debate que non se pode adiar máis se non se quere dar ás á minorización demolingüística do valenciano no seu propio territorio.

Finalmente, Pradilla analiza as repercusións xeolingüísticas asociadas á difusión de dous modelos de lingua estándar diverxentes nos territorios autonómicos de Cataluña e do País Valenciano. O quinto e derradeiro artigo do libro titúlase "De fronteiras administrativas e límites xeolectais. O cruzamento lingüístico valencianocatalán (e aragonés)". En referencia ao impacto do efecto-fronteira nas dúas beiras do río da Sénia, Pradilla hipotetiza que "de non alterarse a dinámica descrita, a conformación dun tránsito lingüístico máis abrupto vai ser cuestión de tempo. Non en van a nova distribución de isoglosas constituirá a dimensión lingüística da nova historia sociocultural do territorio". Para evitar que isto aconteza, o autor declárase partidario dun "modelo único polimórfico onde o usuario poida escoller entre unha diversidade de opcións non xerarquizadas". Este modelo tería que presentar tan só "un par de versións, adaptadas aos dous grandes bloques dialectais e con cuñas lingüísticas claramente converxentes".

Esta contención no polimorfismo ("un par de versións") semella contradicirse, porén, coa defensa que fai Pradilla dun modelo que estabreza "uns estereotipos lingüísticos, significativos e simbólicos, en ambas as dúas partes da fronteira politicoadministrativa", e que se foi concretando estes últimos anos no xurdimento de varios modelos para o ámbito tortosino (é dicir, o territorio que abrangue o norte valenciano e mais as Terras do Ebro catalán). Esta contradicción teórica, que entronca unha vez máis co tema non resolto da identificación simbólica dos falantes dalgunhas áreas co(s) estándar(es) vixente(s), responde de todos os xeitos a un obxectivo crucial: impedir que a área transfronteireira valencianocatalá deixe de ser o "garante irrefutábel" da unidade da lingua que segue a ser arestora.

#### *Referencias bibliográficas*

- Lamuela, X. / Murgades, J. (1984): *Teoría de la llengua literaria segons Fabra*. Barcelona: Quaderns Crema.
- Sanchis Guarner, M. (1950): *Gramàtica valenciana*. València: Torres.

ESTEVE VALLS





### Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírase ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas inclúiranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou

apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

#### *Referencias bibliográficas*

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Linguística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.


Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA  
Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña









## CONTIDO

- 5 M. López Docampo,  
A paisaxe lingüística: Unha  
análise dun espazo público  
galego
- 37 G. Hermo González,  
O testamento de Xoán de  
Padrón (a. 1405, ACS): Edición  
crítica
- 57 N. Basanta Llanes,  
O contrato foral a Martín  
Serpe (ACS). Edición crítica dun  
documento notarial de 1400
- 85 R. Rodríguez Parada,  
A onomástica das adegas, viños  
e licores da D.O. Monterrei e  
da súa comarca (Ourense)
- 119 M. Rico Vereas,  
A regulación dos certificados  
oficiais que acreditan os  
niveis de coñecemento da  
lingua galega (CELGAS) e os  
problemas xerados no proceso  
de normalización en Galicia

Cadernos de Lingua

